



AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

Curso Académico: Curso 2020-2021

1.- DATOS DO TITULO

2.-CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

3.-MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

4.-PLAN DE MELLORAS

Abertas Curso 2021-2022

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

■ Criterio 2. Información e transparencia

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

■ Outros criterios

AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS

- Finalizadas Curso 2020-2021
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Outros criterios
 - [AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MI-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil \(S\)- INTERCAMPUS](#)

■ [Anexo: LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES](#)

■ [Addenda Renovación da Acreditación. Grao de Mestre/a en Educación Infantil](#)

■ Addenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao de Mestre/a de Educación Infantil do curso 2020-21. Accións desenvolvidas debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19

- [Addenda Facultade de Formación do Profesorado \(FFP\)](#)
- [Addenda Facultade de Ciencias da Educación \(FCE\)](#)

<u>1.DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	- Educación artística (FFP-Lugo) - Linguaxes artísticas (FCE-Santiago)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Sistema de Garantía de Calidade da docencia - INTERCAMPUS
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Sí
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Decha renovación acreditación	20/07/2016

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil habilita para o exercicio da profesión regulada de mestre de educación infantil e, como tal, responde á Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios que conceden esta habilitación. A titulación ofértase na Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo (no sucesivo FFP-Lugo) e na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Santiago (no sucesivo FCE-Santiago).

Na Memoria para a Verificación do Título está debidamente xustificado o seu interese académico, científico e profesional. Por outra banda, a análise dos indicadores dispoñibles amosa que o perfil formativo do título conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. Sintetízanse a continuación os resultados máis salientables da análise de indicadores dos últimos cursos académicos.

O grande interese que espertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil en ambos os dous campus conséntase atendendo aos datos estatísticos achegados pola CiUG e recompilados nos correspondentes informes de indicadores dos sucesivos cursos desde a última acreditación, correspondente ao curso 2014-15. Dese xeito, por exemplo, as solicitudes recibidas nos últimos cursos superan amplamente o número de prazas ofertadas nos dous centros, sendo a media de solicitudes na FCE-Santiago nos últimos 6 cursos superior ás 700 (superou as 1000 no curso 2020-21), e non baixando das 400 na FCE-Lugo (superou as 600 no curso 2020-21). A evolución das solicitudes pódese observar na seguinte táboa:

Táboa 1. Evolución das solicitudes de praza con respecto ás prazas ofertadas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	SOLICITUDES RECIBIDAS (PRAZAS OFERTADAS)						
	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	--- (90)	393 (90)	438 (85)	497 (85)	550 (82)	480 (82)	643 (82)
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	--- (80)	711 (76)	770 (72)	837 (64)	763 (61)	775 (61)	1007 (61)

Fonte: 2502228_INF.CIUG

Polo que se refire á relación entre o número de prazas ofertadas e o número de estudantes matriculados, desde o curso 2014-15 o número de alumnado finalmente matriculado sempre estivo por enriba do cupo de prazas ofertadas (procedemento de adscrición da CIUG). Este dato revela igualmente unha demanda sostida da titulación, tal e como se pode observar nas táboas seguintes, que amosan a evolución das prazas ofertadas e da matrícula de acceso.

Táboa 2. Evolución das prazas ofertadas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	90	90	85	85	82	82	82
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	80	76	72	64	61	61	61
Total	170	166	157	149	143	143	143

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2019-2020 e 2020-2021

Táboa 3. Evolución da matrícula de acceso Intercampus

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Adaptación desde plans en extinción	3	3	2	0	0	2	1
Continuación de estudos (traslado)	2	10	2	6	7	7	9
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE)	-	-	-	-	-	-	-
Formación Profesional	58	45	57	65	51	50	49
Maiores de 25 anos	0	1	0	1	2	0	0
Maiores de 40 anos	-	-	-	-	-	-	-
Maiores de 45 anos	-	-	-	-	-	-	-
Non aplica	-	-	-	-	-	-	-
PAAU	123	121	119	79	91	104	107
Sen asignar	-	-	-	-	-	-	-
Titulados	15	6	7	12	8	4	11
Validación parcial de estudos estranxeiros	-	-	-	-	-	1	1
Total ALUMNADO	201	186	188	170	159	168	179

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2019-2020 e 2020-2021

Tendo en conta as limitacións de recursos humanos (PDI) e de espazos dispoñibles para soste esta situación, acordáronse unha serie de medidas que tratan de corrixir esta circunstancia. As accións adoptadas centráronse en comunicar estes desaxustes á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) e, no caso da FCE-Santiago, reducir nun 5% as prazas ofertadas polo centro, medida esta que se aplicou nos cursos 2015-16 e 2016-17 (Consello de Goberno da USC do 10 de marzo de 2016) e que se estabilizou en cursos posteriores. Ademais, na FFP-Lugo a implantación do Dobre Grao/Simultaneidade no curso 2016-17 supuxo a redución de 5 prazas no Grao en Mestre/a de Educación Infantil. Polo tanto, aínda que a memoria de verificación referente á 2ª edición do plan menciona que serán 90 prazas as que se oferten de novo ingreso na FFP-Lugo e 80 na FCE-Santiago, no curso 2016-17 ofertáronse 85 prazas na FFP-Lugo e 72 na FCE-Santiago, ás que cómpre engadir 10 prazas para o Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria que se implantou na FFP-Lugo durante ese curso. As progresivas reducións de prazas ofertadas no Grao responden á posta en marcha do Dobre Grao/Simultaneidade e o aumento de prazas nesta dobre titulación, que detraerá prazas das dúas titulacións dos Graos de Primaria e Infantil.

Un dato salientable con respecto á formación previa do alumnado é precisamente a demanda sostida dos estudos do

Grao entre alumnado que procede da Formación Profesional. A razón do importante número de alumnado que provén da FP no Grao de Infantil está no feito de que moitos estudantes obteñen primeiro o título de FP de Educación Infantil e logo deciden completar os seus estudos na Universidade cursando o Grao.

Se ben a titulación do Grao non presenta problemas de captación en relación co número total de alumnado matriculado, si se continúa a advertir unha feble capacidade de captación de alumnado procedente de fóra de Galicia. No curso 2014-15 a porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre o total de alumnado matriculado era do 1,05%. A media ata o curso 2019-20 acadou o 1,90%, e no curso 2020-21 a porcentaxe foi do 1,47%. De xeito similar, a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados continúa a ser baixa, pasando dun 0,13% entre os cursos 2014-15 e 2016-17 a 0,28% no curso 2017-2018, aumentando lixeiramente ata arredor do 0,6% nos cursos 2018-19 e 2019-20, e novamente experimentando un pequeno aumento no curso 20-21 ata o 0,74%. O feito de que a maior parte dos campus universitarios españois ofrezan esta titulación pode explicar estas circunstancias.

Finalmente, pódese salientar a continuidade do predominio de mulleres no alumnado matriculado, que non baixa do 80% nos dous centros nos últimos cursos (83% na FFP-Lugo no curso 2020-21 e 92% na FCE-Santiago).

A nota media de acceso por preinscripción do alumnado que inicia estudos contribúe a determinar o perfil de entrada, e con respecto a este indicador conséntase un aumento de máis dun punto desde o curso 2014-15 (7,45 de media nos dous centros) ata o 2019-20 (8,76), chegando no curso 2020-21 ata o 9,81, a nota máis alta dos últimos cursos. Tamén axuda a configurar ese perfil de entrada a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a seis, que igualmente experimentou un ascenso continuado desde o curso 2014-15 (80,50% de media nos dous centros) ata acadar o 100% no curso 2017-18 e sucesivos ata o curso 2020-2021. O progresivo aumento da puntuación de entrada e da nota media de acceso amosa que o alumnado que accede á titulación faino cun nivel de preparación cada vez maior, o cal contribúe a que se poidan manter os niveis de esixencia e as taxas de éxito, rendemento e avaliación en valores moi positivos.

A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas proporciona información sobre a captación do alumnado. A porcentaxe era do 66,87% de media nos dous campus no curso 2015-16, e mantense arredor do 50% de media nos dous campos desde o curso 2016-17 ata o 2020-21 (neste último curso descendeu ata o 41,96%), sendo en xeral superior na FCE-Santiago (preto do 70%) e inferior na FFP-Lugo (preto do 35%), o cal explícase, entre outras razóns, pola condición periférica do campus de Lugo. Porén, a taxa de ocupación tamén amosa información sobre a captación do alumnado, e neste caso mantense en valores moi positivos nos dous centros, arredor do 100% de media, desde o curso 2014-2015 (106,99% no curso 2019-20 e 109,09% no 2020-21).

Con respecto ao número total de matriculados na titulación, as cifras dos últimos cursos confirman a elevada demanda que os estudos de Mestre/a de Educación Infantil seguen a ter entre a poboación que accede á universidade, tanto no campus de Lugo coma no de Santiago. Os lixeiros descenso detectados nos sucesivos cursos relaciónanse, entre outras razóns, cos axustes realizados nas prazas ofertadas descritos en parágrafos anteriores, que foron feitos tendo en conta os recursos humanos e infraestruturas dispoñibles.

Táboa 4. Evolución do número de estudantes matriculados na Titulación

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	325,00	336,00	346,00	333,00	328,00	324,00	326,00
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	436,00	416,00	409,00	377,00	353,00	360,00	352,00
Total	761,00	752,00	755,00	710,00	681,00	684,00	678,00

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2019-2020 e 2020-2021

Os datos dos informes da CiUG referidos ao Dobre Grao/Simultaneidade confirman así mesmo o interese destes estudos para o alumnado: obsérvase, ao igual que no Grao, unha demanda sostida desta dobre titulación, cun número de solicitudes que supera amplamente as prazas ofertadas desde a súa implantación, unha matrícula consistentemente por riba desas prazas, e unha nota media de acceso elevada motivada pola limitación de prazas. No curso 2020-2021 rexistráronse as cifras máis elevadas dos últimos cursos nos dous centros polo que respecta ao número de solicitudes e nota media de acceso, e o total de alumnado matriculado é tamén o máis elevado en conxunto (38 estudantes).

Táboa 5. Evolución das solicitudes, prazas ofertadas, alumnado matriculado e nota media de acceso no Dobre Grao/Simultaneidade na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	Solicitudes	Prazas ofertadas	Matriculados novo ingreso	Nota media de acceso
2016-17	180 (FFP)	10 (FFP)	11 (FFP)	Bacharelato: 10,915 (FFP)
2017-18	188 (FFP) 309 (FCE)	10 (FFP) 10 (FCE)	12 (FFP) 11 (FCE)	Bacharelato: 11,162 (FFP) /12,060 (FCE)
2018-19	149 (FFP) 246 (FCE)	16 (FFP) 16 (FCE)	20 (FFP) 17 (FCE)	Bacharelato: 11,309 (FFP) / 12,257 (FCE) FP: 10,830 (FFP)
2019-20	125 (FFP) 248 (FCE)	16 (FFP) 16 (FCE)	18 (FFP) 19 (FCE)	Bacharelato: 10,937 (FFP) / 12,418 (FCE)
2020-21	210 (FCE) 357 (FCE)	16 (FFP) 16 (FCE)	18 (FFP) 20 (FCE)	Bacharelato: 12,170 (FFP) /12,929 (FCE) FP: 12,100 (FFP) /12,725 (FCE)

Fonte: 7000696_INF.CiUG 2016-2017 a 2020-2021

En síntese, a titulación do Grao de Mestre/a en Educación infantil mantén o interese académico, científico e profesional que contempla a súa memoria de verificación. Este interese xustifícase así mesmo pola traxectoria da USC na formación de mestres e pola validez e preparación dos estudantes para o exercicio da profesión, segundo amosan os indicadores dispoñibles con respecto á inserción laboral dos egresados (véxase apartado 7.3) e os diferentes informes de avaliación dos/as titores/as externos/as que colaboran nas materias que compoñen o Prácticum da titulación.

No que atinxe á satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas, os informes de indicadores (2502228_Informe_de_indicadores_2020_21:código de *informe IN20G*) revelan que dende o curso 2016-17 a media global para ambos centros foi de 4,13 puntos ou superior (nunha escala de 5 puntos). Concretamente, no curso 2016-17 obtívose un promedio de 4,13 puntos, no curso 2017-18 de 4,31 puntos, no curso 2018-19 de 4,14 puntos. Debido á situación derivada do COVID-19 non existen datos para o curso 2019-20 e, no curso 2020-21, a puntuación na FFP foi de 4 puntos.

No curso 20-21 na enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as destácanse as valoracións globais referentes á actitude proactiva e o interese do alumnado (4,53), o seu cumprimento das actividades asignadas (4,52), e a pertinencia das prácticas como contacto do estudantado co mundo laboral (4,67).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e asignaturas previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos, materias e asignaturas correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

MATERIAS E MVT

Malia o dabondo probado interese do título, é constante a preocupación por mantelo actualizado para un mellor cumprimento dos requisitos formadores e profesionalizadores. Por iso, unha vez producida a culminación da súa implantación no curso 2013-14, e obtida unha visión de conxunto do seu deseño e implementación, puidemos consensuar unha serie de medidas de revisión do plan de estudos e propoñer unha modificación do título seguindo o “Procedemento para a solicitude de modificacións nos Títulos verificados de Grao e Máster”. Estas modificacións atíñan especialmente ás materias de Prácticum, que no curso 2016-2017 pasan de ser 3 a 2, xunto co reaxuste das materias afectadas polos períodos de prácticum. Esta modificación fora aprobada pola ACSUG no 2015 e continuou o seu progresivo desenvolvemento ata a actualidade. No curso 2019-2020 remataron estudos os primeiros graduados con estas modificacións, aínda que cómpre ter en conta que ese curso víuse afectado polas circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19. Porén, nese curso a satisfacción media dos egresados coa titulación nos dous campus acadou 3,57 puntos sobre 5 (3,50 na FFP-Lugo e 3,67 na FCE-Santiago), superando a media da USC (3,43). No curso 2020-21, a valoración foi de 3,39 nos dous campus.

ACTIVIDADES FORMATIVAS E MVT

A actividade docente orientada á consecución das competencias previstas está a se desenvolver consonte o indicado na Memoria de Verificación do Título. Polo que concirne ao desenvolvemento das competencias, as enquisas de satisfacción do alumnado egresado dispoñibles realizadas ata o curso 2018-19 contemplan valoracións sobre a adquisición ou potenciación de certas competencias: a aprendizaxe autónoma, o pensamento crítico, a comunicación oral e escrita, o traballo en equipo, a capacidade de análise e transmisión de información e a aplicación de coñecementos e resolución de problemas. Como se pode apreciar na seguinte táboa, as puntuacións medias nos dous centros outorgadas polo alumnado superan de xeito sistemático os 3 puntos sobre 5, e a media de desenvolvemento da totalidade de competencias sinaladas sitúase ao redor de 3,5 puntos sobre 5, destacando particularmente a capacidade de comunicación oral e escrita e a capacidade de traballo en equipo.

Táboa 6. Valoración da adquisición de competencias por parte do alumnado egresado (Intercentros)

Competencia	Media FFP-FCE Curso 2015-16	Media FFP-FCE Curso 2016-17	Media FFP-FCE Curso 2017-18	Media FFP-FCE Curso 2018-19
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	3,80	3,56	3,79	3,36
Pensamento crítico	3,65	3,49	3,43	3,36
Capacidade de comunicación oral/escrita	3,70	3,50	3,29	3,73
Capacidade de traballo en equipo	3,85	3,86	4	4
Capacidade de análise	3,25	3,14	3,36	3,36
Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	3,60	3,27	2,85	3,36
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de	2,95	3,29	3	3

estudo				
Media competencias	3,54	3,44	3,38	3,45

Fonte: 2502228_INF.09 2015-16 ao 2018-19

No curso 2019-2020 (no que a actividade académica presencial se viu interrompida) modificáronse os ítems da enquisa, de xeito que unicamente se preguntou aos enquisados sobre a capacidade de análise (3 puntos sobre 5 de media nos dous centros), o traballo en equipo (3,79), a capacidade de planificación, coordinación e organización (3,93), e a creatividade (3,43), sendo a puntuación media destas competencias de 3,53 (fonte: 2502228_INF.09 2019-2020). No curso 2020-21 continuáronse coas medidas excepcionais no desenvolvemento das actividades académicas por mor da persistencia da situación de emerxencia sanitaria.

Con relación ao desenvolvemento das actividades académicas, cómpre deixar constancia de certos problemas que obstaculizan unha mellor execución do plan de estudos de acordo coa memoria verificada, concretamente a ratio de alumnado por docente, os espazos para a docencia, e o recoñecemento docente dos labores de tutoría e supervisión de prácticum. Estas cuestións, que non dependen directamente dos centros, seguen a poñerse en coñecemento das instancias oportunas para ser solventadas na medida do posible, de acordo cos procesos correspondentes dos Manuais de Procesos dos centros referentes á identificación de necesidades de persoal e á xestión dos recursos materiais.

En primeiro lugar, o elevado número de alumnado, o escaso número de persoal docente (consecuencia directa das restricións presupostarias nos procesos de contratación de profesorado, e cuestión que se tratará máis polo miúdo no Criterio 4 deste informe) e as limitacións de espazos dispoñibles (explicadas con maior detalle no Criterio 5) fan que o tamaño dos agrupamentos de docencia dificulte en ocasións o óptimo desenvolvemento das actividades formativas. A ratio de estudantes por profesor a tempo completo experimentou un aumento do curso 2014-15 (8,10 de media nos dous centros) ao 2015-16, sendo ese ano de 9,40 de media (este indicador deixou de explotarse por indicación da Vicerreitoría de Calidade). Así mesmo, o indicador da media do alumnado por grupo de teoría ascendeu de xeito constante desde o curso 2013-14 (45,36) ata o curso 2017-18 (77,59), ano dos derradeiros datos dispoñibles (fonte: 2502228_Informe de indicadores dos cursos anteriormente mencionados).

Na mesma liña, a media de alumnado por grupo de docencia interactiva (véxase táboa inferior) aumentou desde o curso 2014-15 para situarse por riba dos 30 nos cursos 2016-17 ao 2018-2019, no que a media da USC era 23,15. No curso 2019-20 continúa por riba dos 25 sendo a media da USC 22,32, e no curso 2020-21 foi de 28 sendo a media da USC de 22,52 (fonte: 2502228_MedUSC_2020-2021.pdf). Malia que nos dous últimos cursos se constata un descenso e as cifras aproxímanse lentamente á media da USC, sería desexable poder contar con agrupamentos aínda máis reducidos para asegurar o adecuado desenvolvemento das actividades formativas, e continuarase a traballar nesa liña.

Táboa 7. Evolución da media de estudantes por grupo de docencia interactiva na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	25,97	25,64	38,32	32,96	30,09	25,43	28,39
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	27,53	25,85	36,69	31,27	30,50	26,99	27,66
Total	26,81	25,75	37,46	32,05	30,31	26,27	28,00

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19, 2019-20 e 2020-21

Polo que respecta á relación entre o número de estudantes matriculados en materias de formación básica, obrigatorias e optativas e o número de grupos de teoría desas materias (indicadores dispoñibles desde o curso 2018-2019), aprécianse valores igualmente elevados: sitúase en 79,71 alumnos/as de media por grupo no curso 2018-19, 81,65 no curso 2019-20 e 89,25 no curso 2020-21 para as materias de formación básica e obrigatorias, mentras que para as materias optativas a media foi de 60,95 alumnos/as por grupo no curso 2018-19, 39,23 no curso 2019-20 e 43 no curso 2020-21

(fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19, 2019-20 e 2020-21).

Por outra banda, é preciso mencionar as dificultades derivadas do escaso recoñecemento docente dos labores de titoría académica e supervisión do Prácticum, que afectan directamente á boa marcha das actividades académicas e que, malia ás insistentes demandas realizadas desde os centros aos órganos correspondentes, continúan sen solucionarse de xeito satisfactorio.

O recoñecemento desta docencia viña sendo de 3 horas por alumno/a matriculado/a ata o curso 2013-14, incluído. Na PAA 2014-15 este recoñecemento reduciuse drasticamente a 1,5 horas por alumno, sendo esta decisión xustificada pola crítica situación económica da USC e a imposibilidade de dotar de recursos suficientes ás áreas responsables desta docencia, moi deficitarias en case todos os casos. Malia unha leve melloría neste aspecto aplicada aos cursos 2015-16 e 2016-17, nos que se contemplou un recoñecemento de 2 horas por alumno matriculado, nos cursos 2017-18 e 2018-19 retrocedeuse novamente ata as 1,5 horas por alumno para o Prácticum de 12 ou máis ECTS (o Consello de Goberno da USC celebrado o 3 de marzo de 2017 aprobou a PAA 2017-18, documento no que o recoñecemento da docencia do Prácticum pasou a ser de 1,5 horas por alumno. O recurso de reposición presentado ante o Consello de Goberno foi desestimado). O recoñecemento volveu a aumentar a 2 horas nos cursos 2019-20 e 2020-21. Porén, cómpre ter en conta que no segundo Prácticum da titulación (24 créditos) cada alumno/a na FFP conta con dous supervisores na facultade, co cal cada supervisor ve recoñecido o seu traballo cunha única hora por alumno. Pola súa parte, na FCE o alumnado conta cunha persoa supervisora na facultade. En calquera caso, o recoñecemento de horas ven sendo absolutamente insuficiente tendo en conta todas as tarefas que leva asociado o Prácticum.

Malia as dificultades mencionadas, cómpre destacar a dedicación e o compromiso do profesorado dos dous centros para levar adiante as tarefas de titoría e supervisión do Prácticum con resultados altamente satisfactorios (ver apartados 1.3, 6.1 e 7.2).

Por outra banda, no curso 2020-2021 abordouse tamén de xeito específico a problemática do axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a Memoria Verificada do Título (AM-MI-7). Con respecto a esta cuestión, na FFP-Lugo, o [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) establece como responsabilidade das persoas que coordinan materias verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Así mesmo, o documento contempla como función das persoas que exercen a coordinación de curso instar o profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Estas funcións asignadas ás persoas que exercen a coordinación de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encarga docente. Polo tanto, os axustes entre os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas. Esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19.

En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora, polo que se abre unha acción para o curso 2021-2022 con tarefas consistentes na reformulación do proceso de revisión de programas e a creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT.

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, na FFP-Lugo a través das coordinacións de curso dase conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. As persoas que exercen a coordinación de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes á persoa que coordina o título, a cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións

importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que a persoa que coordina o título elabora para a súa análise pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. Todos os datos correspondentes á revisión de programas realizada durante o curso 2020-2021 pódense atopar na Addenda ao Informe de Acreditación do Título da FFP que se adxunta ao presente documento.

CURSO DE ADAPTACIÓN

Polo que atinxe ao curso de adaptación, a modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou ao deseño do curso complementario ou “curso ponte”, precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. O curso de adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofertáse coas mesmas condicións e recursos que o grao.

O curso ponte non contou con excesiva demanda no Grao de Infantil nos últimos anos académicos, particularmente no campus de Santiago, o cal motivou que deixara de ofertarse na FCE. Na táboa que segue amósase a información procedente dos informes de indicadores polo que respecta ao número total de alumnado matriculado, o número de estudantes de novo ingreso, e as taxas de éxito, rendemento e avaliación do alumnado, que se mantiveron en niveis aceptables polo que se desprende dos datos dispoñibles, evidenciando que o alumnado adquire adecuadamente as competencias e coñecementos propios do Título. A información sobre os cursos 19-20 e 20-21 procede da aplicación Xescampus.

Táboa 8. Evolución do curso ponte na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	Alumnado matriculado	Alumnado de novo ingreso	Taxa de éxito	Taxa de rendemento	Taxa de avaliación
2015-16	FFP: 10 FCE: 10	FFP: 4 FCE: 2	FFP: 46,43% FCE: 93,44%	FFP: 39% FCE: 58,73%	FFP: 84% FCE: 62,89%
2016-17	FFP: 8 FCE: 2	FFP: 5 FCE: 0	FFP: 93,94% FCE: 100%	FFP: 42,47% FCE: 20%	FFP: 45,21% FCE: 20%
2017-18	FFP: 13 FCE: 1	FFP: 8 FCE: 0	FFP: 95,74% FCE: 100%	FFP: 54,88% FCE: 100%	FFP: 57,32% FCE: 100%
2018-19	FFP: 9	FFP: 6	FFP: 94,87%	FFP: 50%	FFP: 52,70%
2019-20	FFP: 6	FFP: 2	Non dispoñible	Non dispoñible	Non dispoñible
2020-21	FFP: 14	FFP: 10	Non dispoñible	Non dispoñible	Non dispoñible

Fonte: 2502228_DatosCPonte 2015-16 a 2018-19

MOBILIDADE DO ALUMNADO

Por último, polo que se refire á participación do alumnado nos programas de mobilidade, a comparativa de datos dispoñibles dos últimos cursos desde a anterior acreditación continúa a amosar cifras baixas de media nos dous centros, tanto nas porcentaxes de estudantes recibidos sobre o total de matriculados no título (que aumenta lixeiramente a partir do curso 2018-19 pero non chega a acadar o 1%) coma nas de estudantes enviados (que non chega de media ao 2%), tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Táboa 9. Evolución da mobilidade de estudantes Intercampus

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Porcentaxe de estudantes enviados sobre total de matriculados	1,05	2,39	1,06	1,69	Non dispoñible	Non dispoñible	Non dispoñible
Porcentaxe de estudantes recibidos sobre total de matriculados	0,66	0,66	0,53	0,14	0,88	0,73	0,44

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21.

NOTA: O IN17 “porcentaxe de estudantes enviados sobre o total de matriculados” extinguiuse desde o curso 2018-2019, por iso figura na táboa como “non dispoñible”.

Porén, os indicadores neste caso non resultan fiables: as porcentaxes reais de estudantes enviados son maiores, xa que, de acordo coas condicións das convocatorias, non todo o alumnado matriculado pode acceder a prazas de mobilidade. De feito, unicamente cumpren as condicións para solicitar praza os estudantes que cursan segundo e terceiro (e cuarto soamente no caso do Dobre Grao/Simultaneidade).

Na táboa seguinte preséntase o total de alumnado participante en programas de mobilidade desde o curso 2014-15 nos dous centros e a desagregación de alumnado pertencente ás titulacións de Infantil, Primaria e Dobre Grao/Simultaneidade:

Táboa 10. Evolución da mobilidade saínte e entrante na FFP-Lugo e na FCE-Santiago nas titulacións de Infantil, Primaria e Dobre Grao/Simultaneidade

	Total alumnado saínte	Alumnado saínte de Infantil e Dobre Grao/Simultaneidade (DG)	Alumnado saínte de Primaria	Porcentaxe alumnado Infantil e Primaria sobre total alumnado saínte	Total alumnado entrante	Alumnado entrante de Infantil	Alumnado entrante de Primaria	Porcentaxe alumnado Infantil e Primaria sobre total alumnado entrante
2014-15	42	8	14	52,38%	39	5	8	33,33%
2015-16	70	18	27	64,28%	22	5	5	45,45%
2016-17	63	8	29	58,73%	31	2	7	29,03%
2017-18	68	12	18	44,11%	28	1	9	35,71%
2018-19	49	6	24	61,22%	34	6	10	47,05%
2019-20	70	18 + 2 DG	21	58,57%	30	4	---	13,33%
2020-21	32	12 + 4 DG	9	78,12%	19	3	5	42,10%

Fonte: 2502228_INF.03 2015-16 a 2020-21

Como se pode observar, a porcentaxe de alumnado saínte que cursa as titulacións de Infantil e Primaria con respecto ao total de alumnado saínte mantense en xeral en cifras superiores ao 50% desde o curso 2014-15, incluíndo o curso 2019-20 no que se interrompiu a actividade docente presencial no segundo semestre por mor da pandemia, e a porcentaxe de alumnado entrante que cursa esas titulacións supera o 30% de media con respecto ao total de alumnado entrante entre os anos 2014-15 e 2020-21. No curso 2020-21 apréciase un descenso xeral no número de alumnado entrante e saínte, que pode atribuírse á continuación da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia. O número de estudantes saíntes do Grao de Primaria tende a ser superior ao de estudantes do Grao de Infantil (a excepción do curso 2020-21), pero cómpre considerar no seu conxunto a ambos grupos de estudantes, xa que as prazas ás que se presentan na FFP-Lugo son as mesmas e a asignación faise por nota media de expediente. De maneira semellante acontece na FCE-Santiago.

As convocatorias SICUE e Erasmus son as que atraen á meirande parte do alumnado participante, e os datos dos cursos dispoñibles (2015-16, 2018-19 e 2020-21) amosan que o alumnado se atopa satisfeito con estes programas, outorgando 3,44 puntos sobre 5 no curso 2015-16, 3,80 no curso 2018-19, e chegando a 4,51 no curso 2020-21.

Con respecto á procedencia ou destino específicos do alumnado participante en programas de mobilidade, os datos máis recentes, do curso 2020-21, amosan que na FFP-Lugo participaron en programas de mobilidade saínte 2 estudantes Erasmus (Bélxica e Romanía) e 3 SICUE no Grao de Infantil, 3 estudantes Erasmus no Grao de Primaria (Austria e Bélxica), e 2 estudantes Erasmus (Austria) no Dobre Grao/Simultaneidade. Os dous estudantes que tiñan concedida unha praza Erasmus en Finlandia tiveron que renunciar á estadia por circunstancias sobrevidas. En mobilidade entrante recibíuse un estudante SICUE no Grao de Primaria na Universidade de Valladolid. Na FCE-Santiago participaron en programas de mobilidade saínte 6 estudantes Erasmus (Finlandia, Italia, Noruega, Polonia, República Checa) e 1 SICUE no Grao de Infantil, 4 estudantes erasmus (Bosnia, Francia, Italia, República Checa) e 2 SICUE no Grao de Primaria, e 2 estudantes Erasmus (Italia) no Dobre Grao/Simultaneidade.

Tal e como consta nos sucesivos informes de seguimento, nos últimos cursos véñense desenvolvendo accións de mellora relativas á mobilidade de estudantes, e encamiñadas cara a fomentar a participación do alumnado nestes

programas, tanto no Grao de Infantil coma no de Primaria e no Dobre Grao/Simultaneidade.

Dese xeito, na FFP-Lugo involucrouse nas tarefas de difusión de información en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro non soamente ao Responsable Académico de Mobilidade e aos coordinadores académicos de intercambios, senón tamén ás persoas que coordinan o título e os diferentes cursos. Como consecuencia, a mobilidade saínte total do alumnado da facultade aumentou de 5 alumnos/as no curso 2018-2019 a 8 no curso 2019-2020 e a 10 no curso 2020-2021. Con respecto ao curso 2020-21, na acción de mellora **AM-MI-4 (2020-2021)**, desenvolvida nese curso nos dous centros, intensificáronse as actividades de difusión de información. Na FFP-Lugo, ao longo do curso, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto coas persoas coordinadoras dos títulos e as coordinadoras de curso informaron o alumnado por medio do campus virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas formuladas polo alumnado ou remitindo ás persoas coordinadoras de mobilidade correspondentes. No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. A necesidade de continuar fomentando a participación motiva a reapertura da acción de mellora para o curso 2021-2022, co fin de facer un seguimento específico da mobilidade saínte do alumnado.

Na FCE-Santiago, pola súa parte, tamén se intensificaron as actividades de difusión e información e as persoas responsables desas accións de mellora informaron o alumnado por medio de reunións presenciais e/ou a través do campus virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, ofrecendo, así mesmo, o material facilitado polo Servizo de Relacións Exteriores e solucionando dúbidas formuladas polo alumnado. Observouse un aumento considerable de solicitude de prazas Erasmus respecto a anos anteriores, se ben nalgúns casos, por mor da COVID-19 non chegaron finalmente a executarse.

A participación do alumnado en programas de mobilidade é un aspecto sen dúbida susceptible de mellora, malia que cómpre matizar que na persistencia de prazas vacantes en destinos Erasmus inflúen cuestións económicas, de competencia lingüística do alumnado (por exemplo, na FFP-Lugo non se adoitan cubrir as prazas de Erasmus que requiren portugués, e non se cubren todas as prazas de francés), e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos, os cales preparan ao alumnado para o exercicio dunha profesión regulada cuxa normativa varía dependendo do país. Unha razón específica para a baixa participación no programa SICUE é sen dúbida de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, carecer tamén de bolsas e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos, así como a compatibilidade dos plans de estudos.

Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios na contorna europea. Porén, na FFP-Lugo, por exemplo, continúaase a traballar nesa liña; así, desde o curso 2014-2015 cóntase con dúas prazas de mobilidade para Romanía, e no curso 2020-2021 iniciáronse contactos con outras universidades en Finlandia e Albania para explorar as posibilidades de abrir novos convenios de colaboración.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias-asignaturas do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que

imparten o plan de estudos.

- No caso de que existan prácticas externas, valorárase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorárase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

COORDINACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL

Polo que respecta aos mecanismos de coordinación horizontal e vertical, nestes últimos cursos continúa a se desenvolver o sistema de coordinación docente baseado nas coordinacións de título e de cursos. Nas dúas facultades onde se imparte esta titulación existe unha persoa que coordina o título e outras específicas que coordinan cada curso. Entre os seus cometidos atópanse a acollida do novo alumnado, os encontros cos delegados de curso, as sesións de traballo co profesorado da titulación, a recollida de información para elaborar os informes de seguimento e das accións de mellora, a comprobación dos programas docentes, a comunicación periódica co alumnado, así como a distribución e análise dos cuestionarios de avaliación.

Polo xeral, as tarefas de coordinación veñen sendo valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida (Fontes: Informe Renovación Acreditación 2016 e 2502220_INF.14 2016-17 a 2020-21): a coordinación entre as distintas materias ou niveis do título no curso 2014-15 acadou unha puntuación media de 3,38 sobre 5 nos dous centros, e a partir do curso 2016-17 foise incrementando desde o 3,37 de media ata o 3,40 (curso 17-18), 3,43 (curso 18-19), 3,55 (curso 19-20) e 3,56 (curso 20-21). Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a coordinación dos docentes na organización do título valorouse así mesmo cun 3,42 no curso 2018-19, 3,37 no curso 2019-20 e 3,51 no curso 2020-21 (Fonte: 2502220_INF.23 2018-19 a 2020-21). Con todo, a coordinación entre as distintas materias ou niveis do título é un dos aspectos que recibe unha valoración máis baixa por parte do profesorado nas enquisas de satisfacción. Por outra banda, a coordinación entre docentes que imparten a mesma materia acadou nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida entre os cursos 2014-15 e 2017-18 puntuacións superiores a 3,5 puntos sobre 5: 3,66 (2014-15), 3,77 (15-16), 3,70 (16-17), e 3,56 (17-18), malia que tamén é un dos aspectos que recibiu a valoración máis baixa, e a partir do curso 2018-19 a enquisa deixou de incluír esta cuestión (Fontes: 2502220_INF.13 2016-17 a 2020-21 e Informe Renovación Acreditación 2016).

Tendo iso en conta, para unha mellor distribución, delimitación e optimización de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), como acción de mellora no curso 2019-20 elaborouse na FFP-Lugo por parte do equipo decanal e as coordinacións de título (coa colaboración das coordinacións de curso) un Documento Marco (aprobado en xuntanza da Comisión de Título o 14 de xullo de 2020 e en xuntanza da Comisión de Calidade na mesma data) que concreta de xeito claro as funcións de cada tipo de coordinación nos dous Graos, evitando duplicidades innecesarias e mellorando os procedementos. O Documento Marco de Funcións contén directrices e documentos complementarios para facilitar os labores de coordinación nos seus diferentes niveis: listaxe de control para a revisión de programas das materias por parte das coordinacións; orientacións sobre as táboas para a recollida de actividades transversais, de Aprendizaxe-Servizo etc.; protocolo para solicitar cambios de grupo interactivo; modelo de informe final para as persoas que exercen a coordinación de curso; e enquisa de coordinación de materias do semestre/curso destinada ao alumnado.

Para o curso 2020-2021 estableceuse unha acción de mellora relativa a este documento (**AM-MI-9 2020-2021**), consistente na implementación dos documentos complementarios e directrices establecidas e o seguimento dos resultados obtidos. A acción executouse eficazmente, e a continuación sintetízanse os resultados obtidos.

As persoas que exercen a coordinación de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias do curso ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do campus virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. Estas enquisas proporcionan datos sobre cuestións relativas á marcha do semestre ou curso, tales como a coordinación entre docentes que comparten materias, posibles solapamentos de contidos entre materias, os horarios lectivos, o número de traballos do semestre ou curso, a carga de traballo autónomo do alumnado etc. As persoas que coordinan incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados á persoa que coordina o título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título

como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Así mesmo, o coordinador de título informou en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

En liñas xerais, o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e a carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade, e a segunda débese parcialmente ao retraso no comezo presencial dos semestres polas circunstancias da pandemia, que ocasionou que o remate das materias optativas coincidise co das materias obrigatorias. En calquera caso, cómpre poñer en marcha mecanismos para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre, de xeito que se deixa aberta unha acción de mellora relativa a esta cuestión para o curso 2021-2022: as persoas que coordinan os diferentes cursos poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre, por medio das aulas de coordinación do campus virtual, unhas táboas-calendario de edición conxunta elaboradas polas coordinacións de título, onde o persoal docente poderá sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado e facer os axustes de prazos de considere oportunos.

A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polas persoas que coordinan os diferentes cursos cos axustes precisos realizados dende as coordinacións de título tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia debido á situación de pandemia, e manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas (a información completa sobre o proceso de revisión de programas pódese atopar na Addenda ao Informe de Acreditación que acompaña ao presente documento).

As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte das persoas que coordinan os diferentes cursos (datos que á súa vez estes reflicten nos seus informes finais). Os datos recollidos destas actividades forman parte do informe de execución do [Plan FORTE-FFP \(Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP\)](#), informe analizado e avaliado positivamente na reunión da [Comisión de Calidade celebrada o 22 de decembro de 2021](#). Este plan foi establecido na [Memoria de Calidade](#) do centro 2019-2020, e desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do [Manual de Procesos da FFP](#). O informe de execución é analizado pola comisión de calidade para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.

Finalmente, o protocolo de cambios de grupo interactivo non puido poñerse en práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as condicións de plena presencialidade sen restricións.

Por outra banda, no curso 2020-2021 leváronse a cabo tarefas encamiñadas cara á mellora da coordinación docente en materias compartidas (AM-MI-5), consistentes na recollida de incidencias e a comunicación aos departamentos responsables. Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións especifica, entre as responsabilidades da persoa coordinadora de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos...), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia á persoa que coordina a materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman así mesmo parte do Documento Marco de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas administráronse no curso 20-21, e os datos recollidos polas persoas que coordinan os diferentes cursos trasladáronse ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do [Manual de procesos da FFP](#), para o informe anual de seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Así mesmo, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), é a coordinación e

supervisión da actividade docente do centro. No curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP, polo que non foi preciso trasladalas aos departamentos. A efectividade das medidas adoptadas levou a que estas se protocolicen para cursos vindeiros, de xeito que se leven a cabo de maneira automática e non requiran a apertura de accións de mellora específicas.

COORDINACIÓN INTERCENTROS

Ao tratarse dun título impartido en dous centros e campus diferentes, por recomendación da ACSUG, constituíuse unha Comisión de Coordinación Intercentros, cuxas competencias esténdense tanto ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil como ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria. No curso 2016-17, esta comisión foi redeseñada para modificar a súa composición, delimitar as súas funcións e establecer o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade das súas reunións.

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas prácticas e mecanismos de funcionamento entre os campus de Santiago e Lugo. A Comisión Intercentros reúne para determinar as quendas de rotación de presidente/a e secretario/a, debatir e aprobar os Informes anuais de seguimento dos títulos, e atender a diversas cuestións derivadas do desenvolvemento dos plans de estudos dos dous Graos, intercambiando información e debatendo sobre asuntos como a incorporación do alumnado, o profesorado, o desenvolvemento do Prácticum etc.

Dese xeito, ao longo do curso 2017-18 esta Comisión adoptou acordos en relación coa aprobación dos Informes anuais de seguimento 2016-2017 dos dous títulos, o protocolo intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, e os recoñecementos do Prácticum entre a 1ª e a 2ª edicións dos devanditos títulos. No curso 2018-2019, un dos temas de análise por parte desta Comisión foi o proceso de incorporación do alumnado, pois existía unha importante desviación entre as prazas ofertadas e o número de estudantes realmente matriculados, sobre todo na Facultade de Lugo, onde a dispoñibilidade de recursos materiais e humanos para acoller ao alumnado no 1º curso era máis limitada. A Comisión analizou tamén os concursos para a dotación de profesorado que, aínda que positivos de cara a diminuír a precariedade na contratación, non permiten un aumento significativo da dotación de recursos humanos, unha cuestión que se vai solucionando paulatinamente. No curso 2019-2020, a Comisión Intercentros reuniuse para analizar e aprobar os Informes anuais de seguimento (2018-2019) dos dous títulos, e no curso 2020-21 analizou e aprobou os Informes de Seguimento do curso 2019-2020 dos dous Títulos e o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos de Infantil e Primaria.

Cómpre sinalar que a situación de pandemia vivida nos últimos cursos non orixinou incidencias destacables a nivel intercentros, e a comunicación entre os membros da comisión con respecto ao seguimento dos títulos durante o período de interrupción da actividade presencial continuou a producirse de xeito telemático por medio das ferramentas de comunicación institucional. É conveniente salientar que a xeneralización do uso de ferramentas virtuais para a comunicación (concretamente Teams) por mor da situación de confinamento derivada da Covid-19 favoreceu a convocatoria de reunións informais de traballo intercentros para abordar temas relativos á calidade (elaboración dos informes de seguimento, debate sobre asuntos relacionados coa memoria de calidade etc.), o cal contribúe a unha mellor coordinación entre os centros de Lugo e Santiago e repercute positivamente nos propios procesos de calidade.

COORDINACIÓN PRÁCTICUM E TFG

O Prácticum supón un eixo fundamental da titulación. En ambos centros existe unha coordinación xeral do Prácticum para os dous graos en Mestre/a (cun recoñecemento por horas docentes equivalentes de 20 horas no curso 2019-20). Así mesmo, cada centro conta cunha persoa que coordina o Prácticum do grao, coa que colaboran aquelas outras coordinadoras de cada unha das materias que o compoñen (cun recoñecemento por horas docentes equivalentes de 5 horas). Este organigrama só pode manterse grazas a un grande esforzo, implicación e compromiso por parte do profesorado, e responde á complexidade que supón a organización do Prácticum e á importancia que se lle concede a este elemento formativo.

Na FFP-Lugo, tendo constatado que a Área de Calidade non proporciona datos concretos sobre a satisfacción coa coordinación do Prácticum, desde a coordinación xeral do Prácticum adminístranse enquisas propias ao alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, tanto coa coordinación xeral coma co traballo das persoas que exercen a supervisión académica e o persoal titor dos centros. No curso 2020-21, arredor do 90% do alumnado dos dous graos

(Primaria e Infantil) amosouse bastante ou moi satisfeito coas diferentes figuras participantes no Prácticum I, incluíndo a coordinación xeral.

- Enquisas con [VALORACIÓN PRÁCTICUM I 20/21](#)
- Enquisas con [VALORACIÓN PRÁCTICUM II 20/21](#)

No que respecta ao Traballo Fin de Grao (TFG), na FFP-Lugo existe a figura de Coordinador/a dos TFG da titulación. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo impropio que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE). Polo súa parte, na FCE-Santiago non existe, como tal, esa figura específica de persoa coordinadora de TFG, porén o labor de coordinación inicial recae na Vicedecana de organización académica e, unha vez feitas as asignacións, son as persoas que titorizan os traballos quen se coordinan con reunións conxuntas. Dese xeito obtense unha coordinación fluida e eficaz.

MODALIDADES DE ENSINO

O título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non se require coordinación entre diferentes modalidades de impartición, malia que no curso 2019-2020 fose preciso pasar a unha docencia completamente virtual desde o mes de marzo por cuestións sobrevidas por causa da COVID-19, polo que as programacións docentes tiveron que ser axustadas, particularmente no concernerente á metodoloxía e ao proceso de avaliación (véxase a Addenda ao Informe de Seguimento do Título para o curso 2019-2020).

Así mesmo, no curso 2020-2021 mantívose a previsión de tres escenarios posibles de docencia:

- Escenario 1.- normalidade adaptada;
- Escenario 2.- distanciamento, restricións parciais á presencialidade física;
- Escenario 3.- peche de instalacións, imposibilidade de impartir docencia con presencialidade física.

A posibilidade de transitar entre estes tres posibles escenarios implicou adaptacións nas programacións docentes, sendo preciso establecer un plan de continxencia (tal e como consta na Addenda que acompaña ao presente documento). A documentación e normativa de base que regulan estas adaptacións son as seguintes:

- Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22 (aprobado en Consello de Goberno de la USC el 30 de abril de 2021);
- Protocolo da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2021-2022”
 - NOTA: Documento accesible a través da Intranet do Centro. <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-formacion-profesorado/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?id=%2Fsites%2Fcentro%2Dformacion%2Dprofesorado%2FDocumentos%20compartidos%2FArchivo%2FNormativa%2F09%5F09%5F2021%5FAnexo%20II%2E%20FFP%2EModelo%20de%20protocolo%20dos%20centros%20da%20USC%20para%20o%20desenvolvemento%20dunha%20docencia%20presencial%20segura%20no%20curso%202021%2D2022%2Epdf&parent=%2Fsites%2Fcentro%2Dformacion%2Dprofesorado%2FDocumentos%20compartidos%2FArchivo%2FNormativa&p=true&wdLOR=cDD84186A%2DF2F3%2D4B08%2DB2BF%2D6A8AE127C193>
- Protocolo da Facultade de Ciencias da Educación para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-21 (Actualización: 28 de xaneiro de 2021)
 - <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-educacion/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?id=%2Fsites%2Fcentro%2Dciencias%2Deducacion%2FDocumentos%20compartidos%2FGoberno%2FDecanato%2FCovid%2019%2FProtocolo%2DCC%2DEducacion%2D2020%5F21%5F98105%2Epdf&parent=%2Fsites%2Fcentro%2Dciencias%2Deducacion%2FDocumentos%20compartidos%2FGoberno%2FDecanato%2FCovid%2019> G
- Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e

coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Norte: Grao en Mestre/a en Educación Infantil, Grao en Mestre/a en Educación Primaria, Dobre Grao/Simultaneidade Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria. Actualización (28/01/2021)

- https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-educacion/Documentos/compartidos/Forms/AllItems.aspx?id=%2Fsites%2Fcentro-ciencias-educacion%2FDocumentos/compartidos%2FGoberno%2FDecanato%2FCovid19%2FGuia-alumnado-Campus-Norte-Graos_43559%2Epdf&parent=%2Fsites%2Fcentro-ciencias-educacion%2FDocumentos/compartidos%2FGoberno%2FDecanato%2FCovid19
- Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura 2020-2021^[2]
 - <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/Pto-04-bases-docencia-presencial-segura.pdf>

Con todo, cómpre ter en conta a posibilidade de obter dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias (ver apartado 1.5 deste Informe).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen..

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PERFIL DE INGRESO

Polo que concirne aos requisitos de acceso e criterios de admisión, a memoria verificada do título indica que non hai modalidades de Bacharelato preferentes para esta titulación, e que a selección do alumnado de novo ingreso rexerá pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, a que regula os procedimentos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á Universidade. Sinala, tamén, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais.

En canto ao perfil do alumnado de novo ingreso, e como xa se mencionou no apartado 1.1., nesta titulación obsérvase unha elevada e sostida porcentaxe de estudantes matriculados procedentes da Formación Profesional, en contraste co Grao de Primaria e co Dobre Grao/Simultaneidade, nos que a meirande parte do alumnado procede do Bacharelato e accede a estes estudos á través das PAAU. A razón do importante número de alumnado que provén da FP no Grao de Infantil está no feito de que moitos estudantes obteñen primeiro o título de FP de Educación Infantil e logo deciden completar os seus estudos na Universidade cursando o Grao.

Táboa 11. Matrícula de acceso Intercampus no Grao de Infantil: alumnado procedente da FP e das PAAU

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Formación Profesional	58	45	57	65	51	50	49
PAAU	123	121	119	79	91	104	107

Fonte: 2502228_INF.CIUG.pdf

Por outra banda, e como xa se observou tamén no apartado 1.1., tanto a nota media de acceso por preinscrición como a porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a 6 foron en aumento desde o curso 2014-15, sendo este dato altamente positivo, xa que supón unha mellora do perfil de acceso do estudantado. A evolución dos dous indicadores pódese comprobar nas seguintes táboas:

Táboa 12. Nota media de acceso por preinscripción no Grao de Infantil (FFP-Lugo e FCE-Santiago)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	6,47	6,79	7,02	7,76	7,82	7,82	8,99
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	8,32	9,02	9,05	9,80	9,79	9,82	10,95
Total	7,45	7,81	7,85	8,70	8,66	8,76	9,81

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Táboa 13. Porcentaxe de alumnado que accede ao Grao de Infantil con puntuación igual ou superior a 6 (FFP-Lugo e FCE-Santiago)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	58,67	61,63	98,63	100,00	100,00	100,00	100,00
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Total (%)	80,50	79,11	99,19	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Polo que concirne ao Dobre Grao/Simultaneidade, os datos son igualmente positivos. Na Táboa 5 do apartado 1.1. pódese constatar a elevada nota media do alumnado que accede á dobre titulación, sendo a porcentaxe de estudantes que acceden con puntuación igual ou superior a seis do 100% en todos os cursos desde a súa implantación (Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21).

En síntese, non se observan disonancias entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada.

COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN

A memoria do título non contempla complementos de formación para a nivelación dos e das estudantes.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/mestrado, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC conta cunha ampla normativa (<https://www.usc.es/es/normativa/Alumnado/index.html>) relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

O alumnado é informado a principio de curso, na xornada de benvida, das distintas normativas coas que deben estar familiarizados ao iniciar estudos.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, na USC existe un apoio titorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno (publicado en DOG nº 87, luns, 8 de maio de 2017). A súa finalidade consiste en axudar os estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos ou tres materias (exclúese do cómputo o Traballo Fin de Grao e o Prácticum), e que esgotasen polo menos dúas convocatorias en cada unha delas.

Polo que respecta aos resultados acadados polos estudantes, estes avalan o desenvolvemento satisfactorio das normativas anteriormente mencionadas. A taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou) mantívose de xeito constante por riba do 95% nos últimos cursos, desde o 96,03% de media no curso 2014-15 ata o 98,48% no curso 2019-20 e o 97,59% no curso 2020-21 a nivel Intercampus (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21). Tamén é importante ter en conta a taxa de idoneidade na graduación, que recolle a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Esta taxa, que amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, era no curso 2015-16 do 69,77% de media nos dous campus, e mantense en niveis superiores ao 70% desde o curso 2017-2018, sendo no curso 2020-21 do 79,13% (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21). Por último, a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou, mantense de media en niveis superiores ao 95% desde o curso 2015-2016, sendo no curso 2019-20 do 97,11% e do 96,19% no curso 2020-21 (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21). A duración media dos estudos, que tamén amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, mantense con escasas variacións desde o curso 2014-2015 en pouco máis de catro anos de media a nivel Intercampus (4,16 no curso 2014-2015, 4,21 nos cursos 2018-19 e 2019-20, e 4,27 no curso 2020-21. Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21).

Con respecto ao regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM, cómpre sinalar que o elevado número de traballos que se presentan e o limitado número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación esixiron un cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para a titulación en Grao en Mestre de Educación Infantil concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017.

En canto á Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanza superior oficial non universitaria é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36.

En liñas xerais, na FFP-Lugo no curso 2020-2021 desenvolvéronse segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Infantil aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017. Cómpre sinalar que no curso 2019-2020 foi preciso realizar algúns axustes coxunturais no desenvolvemento de ámbalas dúas materias por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19 (tal e como se reflicte na Addenda que acompaña ao Informe de Seguimento do título correspondente ao curso 2019-20).

Estes axustes afectaron esencialmente ao tipo de actividades desenvolvidas nas Memorias de prácticas e ás condicións para as defensas dos Traballos de Fin de Grao, que se fixeron de xeito telemático e avaliando unicamente os/as

titores/as de TFG. As guías do TFG adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e as modalidades posibles e metodoloxías do traballo adaptándoas ao contexto non presencial e ás dificultades para o desenvolvemento de traballos de investigación que requiren traballo de campo. As modificacións foron introducidas ao abeiro da Resolución reitoral do 23 de marzo como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial. Introducíronse así mesmo modificacións no Prácticum II ao abeiro da Resolución reitoral arriba nomeada, e a modificación da guía docente desta materia realizouse seguindo os acordos e recomendacións da Conferencia de decanas e decanos de Educación e, por tanto, tendo como marco de actuación as “Guías orientadoras para a adaptación de forma harmonizada das prácticas obrigatorias (Prácticum) dos títulos de Educación ante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19” desenvolvidas pola conferencia seguindo as indicacións da CRUE e publicadas na web da conferencia o 31 de marzo de 2020 (<http://www.conferenciadecanoseducacion.es/guias-orientadoras-la-adaptacion-forma-armonizada-las-practicas-obligatorias-practicumlos-titulos-educacion-ante-la-situacion-emergencia-sanitaria-provocada-covid-19/>). A información relativa aos axustes realizados no Prácticum para ese curso atópase así mesmo na Addenda anteriormente sinalada. Polo que respecta ao curso 2020-2021, as previsións de diferentes escenarios de docencia derivados da situación sanitaria que foi preciso ter en conta reflectíronse novamente nas guías docentes das materias de Prácticum e TFG, e o desenvolvemento das mesmas detállase na Addenda que acompaña ao presente documento.

No que concirne ás prácticas externas e aos Traballos de Fin de Grao, cómpre salientar que as circunstancias excepcionais derivadas da pandemia nestes últimos cursos non supuxeron trabas no desenvolvemento das diferentes normativas cos axustes oportunos e tampouco afectaron ás estadías do alumnado: a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións mantense en niveis superiores ao 95% desde o curso 2014-15 (sendo do 95,32% no curso 2014-15, do 97,14% no curso 2019-20 e do 96,41% no curso 2020-21. Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21).

Polo que respecta ás prácticas externas, a acción de mellora AM-MI-2 (2020-2021), relativa á actualización de documentación sobre o Prácticum, executouse con éxito. Dese xeito, no curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas facultades traballaron conxuntamente para actualizar o [Protocolo Intercentros do Prácticum](#). Ademais, na FFP-Lugo, o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos. Compre sinalar tamén que o protocolo de actuación do Prácticum cumpriuse nos dous centros no curso 2020-21.

Finalmente, polo que concirne á instrución sobre dispensa de asistencia, esta ten en conta que, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”.

Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes eidos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias.

Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes contemplan de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén indican os procedementos necesarios para que o alumnado con dispensa de asistir a clase poida acadar as mesmas competencias que se recibise docencia presencial. As persoas que coordinan os diferentes cursos, no proceso de revisión de programas, supervisan anualmente que as programacións das materias contemplan explicitamente o tratamento do alumnado con dispensa (véxase a xeito de exemplo a Addenda ao Autoinforme de Acreditación que acompaña ao presente documento).

Con carácter xeral, a concesión da dispensa da asistencia pode verse limitada para materias cun contido fundamentalmente práctico, como son as materias de Prácticum. A dispensa a clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa

para cursar os estudos.

A xeito de referencia, proporciónanse a continuación os datos dispoñibles sobre as dispensas solicitadas e concedidas nos tres últimos cursos (do 2018-19 ao 2020-21) en aplicación da instrución correspondente, facilitados polas respectivas secretarías de dirección dos centros.

Na FFP-Lugo no curso 2018-19 solicitáronse 22 dispensas de asistencia en conxunto para Infantil e Primaria, sendo todas elas aceptadas. Na FCE, houbo 27 solicitudes das que 6 foron concedidas. No curso 2019-2020 na FFP-Lugo solicitáronse en total 29 dispensas de asistencia (17 para Primaria, 10 para Infantil e 2 para o Dobre Grao/Simultaneidade), sendo todas elas aceptadas. Na FCE-Santiago o total de dispensas solicitadas foi de 44 (15 para Primaria, 16 para Infantil e 13 para o Curso Ponte de Primaria), das cales foron concedidas 15 (4 para Primaria, 6 para Infantil e 5 para o Curso Ponte de Primaria). No curso 2020-21 foron concedidas na FFP-Lugo 18 dispensas para Infantil, 14 dispensas para o Curso Ponte de Infantil, 21 dispensas para Primaria, 20 para o Curso Ponte de Primaria, e 3 para o Dobre Grao/Simultaneidade. solicitáronse un total de 72 dispensas, concedéndose 68 delas. Este número veuse incrementado pola excepcionalidade da situación hixiénico sanitaria, xa que en cursos anteriores este número era susceptiblemente menor (2 no curso 2017-2018, 23 no 2018-2019 e 25 no 2019-2020).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título é pública e accesible para todos os grupos de interese. Á parte da información procedente dos servizos centrais da USC, cada unha das Facultades que imparten o título mantén información concreta e actualizada sobre o seu desenvolvemento, tanto no que se refire ás características do programa formativo como á documentación relativa á memoria verificada e sistema de calidade. Así, por exemplo, nas páxinas web dos dous centros, FFP-Lugo e FCE-Santiago, pódese consultar tanto a Memoria de verificación como a organización dos cursos e os programas das materias, o que demostra unha accesibilidade á información suficiente e obxectiva para dar conta dos estudos ofertados e as características do título. Tamén se amosa información específica sobre os programas de mobilidade (convocatorias, resolucións etc.), o Traballo Fin de Grao (programa, calendario, asignación de persoal titor etc.), e as Prácticas externas (centros ofertados, distribución alumnado, formularios etc.). Estas informacións permiten analizar os resultados acadados e medir a calidade do título. Cómpre ter en conta que as páxinas web das facultades foron actualizadas a un novo formato ao remate do curso 2020-2021, e o proceso de traslado da información que constaba nas antigas páxinas e a organización dos contidos nas novas está a ser complexo, de xeito que nalgúns casos aínda están a configurarse determinadas seccións.

Non están dispoñibles datos sobre a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible no curso 2019-20. Porén, os datos de cursos anteriores (ver táboa seguinte) amosan que esta mantense en cifras superiores a 3 puntos sobre 5 (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21). Aumentou globalmente de 3,24 no curso 2017-2018 a 3,49 no curso 2018-2019 (sobre 5 puntos), experimentando un notable ascenso na FFP-Lugo (de 2,90 a 3,63).

Táboa 14. Evolución da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	3,70	3,31	3,47	2,90	3,63	-	
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	3,03	3,10	3,52	3,50	3,31	-	
Total	3,31	3,16	3,49	3,24	3,49	-	

Fonte: 2502228_Informe_de_indicadores_2018-19 a 2020_21

Con respecto á información dispoñible sobre o título, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación este ítem mereceu unha valoración positiva nos últimos cursos, outorgándose de media nos dous campus no curso 2018-19 4,07 puntos sobre 5, no 2019-20 3,97, e no 2020-21 3,98 (Fonte: 2502228_INF.23 2018-19 a 2020-21). Así mesmo, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a información dispoñible sobre o título valorouse de media cun 3,38 sobre 5 nos dous centros no curso 2019-20, e con 3,11 no 2020-21, superando os 3 puntos desde o curso 2018-19, onde a media fora de 2,92 (Fonte; 2502228_INF.22 2018-19 a 2020-21). Polo que respecta ao alumnado egresado, a súa satisfacción coa información dispoñible sobre a Facultade mantívose ao redor de 3 puntos sobre 5 entre os cursos 2015-16 e 2018-19, pero a partir do curso 2019-20 a enquisa a este alumnado deixou de incluír este ítem (Fonte: 2502228_INF.09 2015-16 a 2019-20).

A satisfacción xeral destes grupos de interese mantense, en calquera caso, en valores positivos, aínda que cómpre continuar a traballar na súa mellora.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio nos dous centros que imparten o título, xa que teñen desenvolvido os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Sistema de Garantía de Calidade e a Comisión de Coordinación Intercentros. Nas páxinas web das dúas Facultades ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade onde aparece reflectida toda a información relativa a mesma: manuais do SGC, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación

dos títulos, actas de reunións etc.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e polo ou pola Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do grao. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18.

Por outro lado, contamos coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; e elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Dese xeito, na FFP-Lugo, durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Infantil reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Primaria nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 30 de abril de 2020: aprobación da modificación, por causa da COVID-19, do calendario, modalidade e criterios de avaliación dos TFG.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia (acordouse aprazar á aprobación para dar tempo aos membros das Comisións a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos.
- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do Dobre Grao/Simultaneidade para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.

Durante o curso 2020-2021, a Comisión do Título de Infantil reuniuse así mesmo de xeito conxunto coa Comisión do Título de Primaria nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 17 de decembro de 2020: aprobación da proposta de modificación da Memoria do Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria; aprobación de coordinacións de primeiro de primaria, infantil e Dobre Grao/Simultaneidade.
- 15 de abril de 2021: aprobación de coordinacións de curso para o ano 2021-22 e aprobación dos Informes de Seguimento 19-20 de ámbolos dous títulos.

Pola súa banda, nos dous últimos cursos (2019-2020 e 2020-2021) a Comisión de Calidade reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 3 de marzo de 2020: aprobación do informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; ratificación da proposta de axudas no marco do programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o curso 2019-20; presentación do informe provisional de Certificación da implantación do SGC da Facultade e as alegacións ao mesmo.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia (acordouse aprazar á aprobación para dar tempo aos membros da Comisión a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos de Grao (Primaria e Infantil).
- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do Dobre Grao/Simultaneidade para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.
- Por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, que ocasionou retrasos na recollida de evidencias e a redacción de distintos documentos, o 2 de novembro de 2020 (xa no curso 2020-21) convocouse unha

- reunión da Comisión de Calidade para aprobar a Memoria de Calidade correspondente ao curso 2019-2020.
- 17 de decembro de 2020: aprobación do Plan Estratéxico para o período 2016-2022 (prórroga), aprobación da proposta de modificación da Memoria do Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, aprobación das coordinacións de primeiro curso de Primaria, Infantil e Dobre Grao/Simultaneidade, e aprobación da proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da FFP, capítulo V, artigo 24, punto 2 referido á composición da Comisión de Calidade.
- 15 de abril de 2021: aprobación de coordinacións de curso para o ano 2021-22 e aprobación dos Informes de Seguimento 19-20 dos títulos de Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria
- 30 de abril de 2021: aprobación do Plan De Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP (PLAN FORTE-FFP)
- 20 de maio de 2021: aprobación da [Memoria de Calidade](#) da Facultade de Formación do Profesorado (curso 2019-2020).
- 26 de xullo de 2021: Aprobación, se procede, do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado \(5ª edición\)](#).

Na FCE-Santiago, durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Infantil reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Primaria nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 18 de xuño de 2020: aprobación da acta anterior e presentación e debate da proposta de informe de seguimento da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria, e do Grao en Mestre de Educación Infantil do curso 2018/2019.

A Comisión de Título de Infantil tamén se reuniu nas datas que se seguen a continuación:

- 21 de outubro de 2020: indicacións para elección de persoas delegadas de curso.
- 12 de abril de 2021: aprobación da acta anterior; informe da coordinación; aprobación Autoinforme de seguimento; elaboración do Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
- 25 de maio de 2021: revisión programas.
- 15 de xullo de 2021: aprobación da acta anterior e aprobación do PAT.
- 15 de outubro de 2021: aprobación da acta anterior e elección de persoas delegadas de curso.

Pola súa banda, a Comisión de Calidade da FCE-Santiago reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 30 de xullo de 2019: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación dos informes de resposta ás alegacións da Comisión de Acreditación dos másteres da facultade.
- 18 de xuño de 2020: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación dos Informes de seguimento dos graos da facultade do curso 2018-2019 e presentación e aprobación dos informes de seguimento dos másteres da facultade do curso 2018-19.
- 10 de setembro de 2020: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación da Memoria de Calidade do Centro (curso 2018-2019) e presentación do seguimento do Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria.
- 04 de febreiro de 2021: aprobación da acta anterior; presentación e aprobación da Memoria de Calidade de Centro.
- 12 de abril de 2021: aprobación da acta anterior; informe do seguimento de Dobre Grao/Simultaneidade.
- 04 de maio de 2021: aprobación da acta anterior; aprobación da Memoria de Calidade de Centro.
- 16 de xullo de 2021: aprobación da acta anterior; informe da coordinadora de calidade do centro; proposta de actividades formativas; valoración da xestión dos recursos materiais e dos servizos; análise do proceso e proposta para a formación do alumnado en competencias informacionais; aprobación do PAT das titulacións.

Cómpre salientar que a FCE creou unha comisión informal entre o Decanato e as coordinacións de todos os títulos que se estivo reunindo semanalmente desde o 14 de marzo de 2020 ata o final do curso, para avaliar os cambios e avances da situación derivada da COVID-19 e actuar en consecuencia de maneira coordinada. Na FFP-Lugo, das reunións de comisións e profesorado que tiveron lugar no curso 2019-2020 para tratar asuntos relacionados coa

situación de emerxencia sanitaria dase conta detalladamente na Addenda que acompaña ao [Autoinforme de Seguimento do Título](#) nese curso.

Como xa se indicou a propósito do Criterio 1 (apartado 1.3), existe ademais unha Comisión de Coordinación Intercentros que se reúne periodicamente para tratar aspectos comúns ao desenvolvemento e seguimento do título en ambos centros.

En canto aos procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza, a obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e cuestionarios. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados, profesores, estudantes, tutores/as externos/as do Prácticum (mestres en activo) incluíndo ao persoal de apoio. Na FFP-Lugo cóntase, ademais, desde o curso 2020-21 cunha enquisa propia de satisfacción do alumnado coa coordinación de cada curso establecida no Documento Marco de Funcións das coordinacións, que recolle aspectos relativos a espazos, horarios, coordinación docente en materias compartidas, carga de traballo do semestre, solapamento de contidos entre materias etc., así como unha enquisa específica sobre o desenvolvemento do Prácticum na que o alumnado valora os labores desenvolvidos pola coordinación do prácticum, o profesorado supervisor da Facultade, o profesorado titor dos centros e a súa propia actuación no período de prácticas. Estas enquisas proporcionan datos útiles para os procesos de avaliación e mellora do título.

Os indicadores dispoñibles (sobre os que se reflexiona nos apartados correspondentes deste informe dependendo da súa natureza) evidencian un axeitado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (Fontes: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21 e 2502228_INF.13 2018-19 a 2020-21) mantense de media Intercampus ao redor de 4 puntos sobre 5 desde o curso 2015-16 no Grao de Infantil (no curso 2014-15 fora de 4,31 na FFP-Lugo na 3,94 en la FCE-Santiago). No curso 2019-20 no primeiro semestre acadou 4,33 sobre 5 na FFP-Lugo (fronte ao 4,13 anterior) e 3,78 na FCE-Santiago (fronte ao 3,96 anterior). No segundo semestre (no que as condicións nas que se desenvolveu a docencia sufriron axustes por mor da Covid-19), o grao de satisfacción na FFP-Lugo foi de 3,91 e na FCE-Santiago de 3,99 sobre 5 puntos. As medias globais non experimentaron grandes variacións, sendo a media intercentros no primeiro semestre do curso de 4,14 e no segundo de 3,96. No curso 2020-21 a media global foi de 3,99 (3,95 na FCE-Santiago e 4 na FFP-Lugo). Polo que concirne ao Dobre Grao/Simultaneidade, a media de satisfacción coa docencia recibida nos cursos dispoñibles é igualmente positiva: 3,89 no curso 2018-2019, 3,99 no curso 2019-20, e 4,14 no curso 2020-21 (Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2020-21).

Pola súa banda, con respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida (que no curso 2014-15 rondaba o 3,8 de media nos dous centros, de acordo co Informe de Renovación da Acreditación do 2016), a partir do curso 2018-2019 as puntuacións outorgadas superan os catro puntos sobre 5 (Fontes: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21 e 2502228_INF.14 2018-19 a 2020-21). Así, o curso 2019-20 mantívose en valores similares aos do curso 2018-2019, cun valor medio de 4,12 puntos sobre 5 (fronte ao 4,20 anterior), e valores de 4,05 na FCE-Santiago e 4,19 na FFP-Lugo. No curso 2020-21, a media da titulación acadou 4,13 puntos (4,12 na FCE-Santiago e 4,14 na FFP-Lugo).

A satisfacción de alumnado coas prácticas externas (fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21) mantense igualmente en valores altos desde o curso 2014-2015. A media Intercampus supera desde ese curso os 4 puntos sobre 5. No curso 2019-20 non se recolleron datos por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, pero no curso 2020-21 a media intercampus é de 4,53 (4,67 na FFP-Lugo e 4,53 na FCE-Santiago)

No caso da titorización externa, a media de satisfacción co programa de prácticas nos últimos cursos dispoñibles é igualmente satisfactoria, rexistrándose 4,13 puntos sobre 5 no curso 2016-17, 4,31 no 2017-18, 4,14 no 2018-19. No curso 2020-21 só se dispón de datos para a FFP-Lugo, cifrándose en 4 puntos sobre 5. (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21). Pola súa banda, a media de satisfacción dos/as tutores/as académicos/as tamén é positiva, subindo desde o 3,81 do curso 2014-15 ata acadar valores superiores aos 4 puntos nos cursos 2017-18 e 2018-19 (4,18 puntos), e 4,43 no 2020-21 (2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21).

Finalmente, polo que se refire ás suxestións e reclamacións presentadas perante o Decanato, cómpre indicar que os centros reciben un moi escaso número de queixas e reclamacións formais, e que estas adóitanse solucionar satisfactoriamente. Sintetízanse a continuación as queixas e reclamacións recibidas nos centros nos últimos cursos dos que hai datos dispoñibles.

No curso 2016-17 presentouse un recurso en cada centro. Na FFP-Lugo o recurso presentado referíase a recoñecementos de FP e foi parcialmente estimado. No tocante á FCE-Santiago, o recurso presentado referíase a recoñecemento de estudos e foi desestimado. Así mesmo, presentouse unha queixa na FFP-Lugo relacionada cos prezos públicos, que foi estimada. Na FCE-Santiago presentáronse dúas queixas relacionadas co TFG, unha das cales foi desestimada e outra foi arquivada.

No curso 2017-18 non se presentaron recursos en ningún dos dous centros. Si se formularon dúas queixas ou reclamacións na FCE-Santiago, unha delas relacionada coas aulas e instalacións e outra coa entrega de actas/notas, ámbalas dúas desestimadas.

No curso 2018-19 non se dispoñen de datos específicos, pero o alumnado egresado da FCE-Santiago valorou a atención recibida fronte ás reclamacións presentadas con 3 puntos sobre 5, e 5 puntos na FFP-Lugo. A nivel comparativo, a media da titulación de ambos centros (3,73) foi superior á media global da USC (3,01), experimentando unha subida con respecto a cursos anteriores (2 puntos no curso 2016-17 e 1,33 no curso 2017-18). Nas enquisas de cursos posteriores non se contempla este ítem.

No curso 2019-2020, na Facultade de Formación do Profesorado resolvéronse en total 2 recursos (ámbolos dous no Grao de Primaria) e dúas queixas (unha no Grao de Primaria e outra nun dos Mestrados). Un dos recursos, sobre o recoñecemento de estudos de materias do Grao en Pedagogía da USC, foi desestimado, e o segundo, sobre unha anulación de matrícula, foi estimado achegando a documentación requirida. Polo que respecta ás queixas, o tema da queixa do Grao de Primaria foi o horario de titorías, e foi desestimada, e a queixa do Mestrado, referida ao período de prácticas, foi tamén desestimada.

No curso 20-21, segundo a información facilitada pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), recibíronse as seguintes queixas e suxestións para o Grao de Infantil e o Dobre Grao/Simultaneidade na FFP-Lugo:

Queixa: 20/00272

Titulación: Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L)

Tema: Erasmus-Convenios [T.ER]

Desestimada

Queixa 20/00296

Queixa 20/00297

Queixa 20/00298

Titulación: Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L)

Tema: Títulos [T.TI] (Plan de estudos do Dobre Grao/Simultaneidade)

Estimadas

Suxestión 21/00045

Titulación: Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed) [L]

Tema: Aulas e instalacións [I.AI] (cadeiras adaptadas para xente zurda)

Estimada

Queixa 20/00286

Titulación: Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed) [L]

Tema: Matrícula [T.MI] (pagamento da matrícula)

Desestimada

Pola súa parte, na FCE-Santiago, en relación ao procedemento de suxestións e reclamacións, este desenvolveuse

conforme o establecido, tanto no marco do centro, como no ámbito máis amplo da USC, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR). A facultade, coa finalidade de aumentar a súa visibilidade, incluíu, na páxina [Web do centro](#), un documento que explica as distintas canles dispoñibles para presentar suxestións e reclamacións. O equipo decanal analiza e dá resposta a cada escrito recibido e, de acordo co procedemento PS-05 Xestión das incidencias, a Comisión de Calidade do centro analiza a relación de suxestións e reclamacións recibidas tanto a nivel interno, no propio centro, como externo, a través da OAR e elabora, con carácter anual, o correspondente Informe de Xestión de Incidencias, que se atopa na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión e na Intranet da facultade.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos dous centros elabórase anualmente unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

A [Política de Calidade](#) da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral.

Por outra banda, na FFP-Lugo no curso 2016-17 foi informado favorablemente o Plan Estratéxico da Facultade 2016-20 (o 27 de abril de 2017) así como a Programación Plurianual para o mesmo período, aprobada pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017. No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. As condicións derivadas da pandemia motivaron que no curso 2019-20 se procedese a prorrogar o Plan ata o 2022. A actual prórroga ([Plan estratéxico 2016-22](#)) mantén a estrutura e os fundamentos do Plan no que se basea pero perfílase a análise DAFO, o que deriva nunha lixeira ampliación de accións estratéxicas.

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun Plan Estratéxico, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021.

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Nalgún caso, como xa se indicou no apartado 1.2, estas melloras supuxeron modificacións na memoria verificada do título, o que deu lugar ao desenvolvemento da 2ª edición do título a partir do curso 2016-17. Noutros casos, trátase de correccións ou subsanación de erros de menor entidade, das que se deixa constancia nos informes de seguimento para incorporalas á memoria cando se autorice unha modificación substancial.

O seguimento das melloras incluídas nos plans de mellora que acompañan a documentación do SGC confirman a súa eficacia e o compromiso dos centros co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos formulados na memoria de verificación do título, consonte as recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento e de renovación da acreditación do título.

Considerando as accións de mellora propostas no anterior informe de seguimento, durante o curso 2020-2021 traballouse na consecución das mesmas na medida do posible, tendo en conta os atrancos derivados da situación sanitaria provocada polo Covid-19. A continuación ofrécese unha síntese da execución do Plan de Melloras do curso 2020-2021, cuxas tarefas e resultados se detallan nos apartados correspondentes deste Informe e na sección específica do Plan de Melloras.

SÍNTESE DO PLAN DE MELLORAS (2020-2021)

En relación ás tarefas vinculadas á organización do Prácticum (AM-MI-1 2020-2021), isto é, programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros, na FFP-Lugo mantivéronse reunións entre os axentes implicados para elaborar un programa do prácticum acorde ás necesidades da 2ª edición do título. As guías docentes elaboradas (e os axustes realizados por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19) permitiron o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado. As reunións e mecanismos de coordinación entre os diferentes axentes do Prácticum reflectense no Protocolo Intercentros e no Plan Xeral do Prácticum. Sobre a asignación de centros de prácticas, cómpre ter en conta que as materias do Prácticum pasan de 3 a 2 no novo plan de estudos, o que dificulta o compromiso de que alomenos un dos prácticums deba realizarse na etapa de 0-3. Con todo, desde a coordinación xeral do Prácticum anímase ao alumnado a que non descoide esa etapa no momento da escoita de centros de prácticas. Polo que concirne á asignación de docencia no Prácticum, os centros non teñen capacidade de acción, pero na FFP-Lugo a coordinadora xeral do Prácticum réunese co profesorado de nova incorporación para explicarles as súas funcións, tarefas etc. e solucionar calquera dúbida, e proponse como acción de mellora para o seguinte curso a organización de xornadas formativas para o profesorado supervisor.

Con respecto á acción de mellora que concirne aos contactos cos/as titores/as externos/as (AM-MI-3), os contactos mínimos cos e coas do Prácticum lévanse a cabo e están protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, renovado no curso 2020-2021 como acción de mellora.

Así mesmo, na FFP-Lugo, durante o curso 2020-21 procedeuse de xeito eficaz á implementación dos documentos complementarios e ao seguemento das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións (AM-MI-9 2020-2021): enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, e táboas de actividades transversais. A acción pechouse con éxito e os procedementos protocolízanse para cursos posteriores cos axustes necesarios. A acción de mellora referida ao aumento de PAS en conserxería (AM-MI-10 2020-2021) non foi eficaz, xa que a tramitación realizada non obtivo resposta, polo que se abrirá novamente para o curso seguinte a nivel de centro e recollerase na Memoria de Calidade, xa que se trata dunha mellora necesaria para a boa marcha da Facultade. A acción de mellora relativa á xornada de acollida (AM-MI-11 2020-2021) desenvólvese con éxito, e a xornada pasa a formar parte do Plan de Formación, Orientación e Tutorización do Estudantado da FFP (FORTE-FFP).

A acción de mellora consistente na actualización da guía do Prácticum (AM-MI-2 2020-2021) executouse tamén eficazmente, xa que no curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum, e na FFP-Lugo, o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos. A acción de mellora referida á información sobre os convenios de mobilidade (AM-MP-4 2020-2021) desenvólvese eficazmente, e como xa se explicou no apartado 1.2, contou cunha resposta positiva por parte do alumnado, tendo en conta as limitacións de tipo económico e lingüístico existentes, e para continuar nesa evolución positiva reabírese o curso seguinte. A acción de mellora referida á participación dos docentes en convocatorias de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC, así como en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS) (AM-MI-12 2020-2021) non se puido desenvolver por ausencia de convocatoria no primeiro caso e non tivo a resposta agardada no segundo na FFP-Lugo, posiblemente por circunstancias derivadas da Covid-19, pero reábrese para o curso seguinte. A acción de mellora relativa ás incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a (AM-MI-5 2020-2021) realizouse exitosamente na FFP-Lugo gracias ás directrices e documentos contidos no Documento Marco de Funcións das Coordinacións para a detección desas incidencias. Estes permitiron constatar que no curso 2020-2021 non houbo apenas incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP, e o procedemento de detección protocolízase para cursos posteriores.

A acción de mellora sobre a organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado (AM-MI-8 2020-2021) levouse a cabo igualmente con éxito na FFP-Lugo, e intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente en cursos posteriores, ao igual que a difusión da presentación con orientación académico-profesional do alumnado. Con respecto á acción de mellora relativa axuste entre a normativa de programación docente, as guías

docentes e a Memoria Verificada do Título (AM-MI-7 2020-2021), na FFP-Lugo seguíronse os regulamentos vixentes da USC e as directrices do Documento Marco para establecer responsabilidades e detectar desaxustes entre normativa de programación e guías docentes, e propónse para o curso seguinte un reaxuste do procedemento de revisión de programas para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas. A acción de mellora da FFP-Lugo consistente no cambio de curso de materias do Dobre Grao/Simultaneidade e a modificación dunha parte do texto no plan de estudos (AM-MI-13 2020-2021) executouse exitosamente, así como a acción relativa aos cursos de formación para o PDI relacionados con contornas virtuais (AM-MI-14 2020-2021).

Tendo en conta o desenvolvemento das accións de mellora realizadas e as necesidades detectadas, para o curso 2021-2022 na FFP-Lugo abríranse accións de mellora para controlar a carga de traballo do alumnado de cada semestre, detectar e rexistrar desviacións entre as programacións docentes e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título, proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación en xornadas formativas, incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS), e desenvolver mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Pola súa parte, na FCE-Santiago, en relación coas tarefas vinculadas á organización do Prácticum (AM-MI-1 2020-2021) tamén se mantiveron reunións entre os axentes implicados para elaborar un programa do Prácticum de acordo ás necesidades actuais da titulación e coa finalidade de garantir que o alumnado realice as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros. As guías docentes elaboradas (e os axustes realizados por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19) permitiron o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado. As reunións e mecanismos de coordinación entre os diferentes axentes do Prácticum reflectense no Protocolo Intercentros e no Plan Xeral do Prácticum.

Así mesmo, como xa se adiantou, a acción de mellora consistente na actualización da guía do Prácticum (AM-MI-2 2020-2021) executouse tamén eficazmente, xa que no curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum.

En canto a acción de mellora referida á información sobre os convenios de mobilidade (AM-MP-4 2020-2021) esta desenvolveuse tamén eficazmente na FCE-Santiago. O mesmo que a acción de mellora relativa ás incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a (AM-MI-5 2020-2021). No curso 2020-2021 non houbo incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas.

A acción de mellora sobre a organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado (AM-MI-8 2020-2021) levouse a cabo tamén con éxito na FCE-Santiago.

Na FCE-Santiago cabe destacar a adaptación do Plan de Acción Titorial xeral da Facultade ao Grao de Mestre/a de Educación Infantil, como resposta á acción de mellora AM-MI-15 (pode consultarse na web da facultade) e que no novo curso se porá en práctica.

3.3.- O SGC implantado révisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

A implantación do SGC, no ano 2011, posibilitou o desenvolvemento do traballo nos centros nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do ano 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos (Planificación estratéxica e Revisión e mellora), 5 procesos clave (Análise do perfil de ingreso e captación, Planificación das ensinanzas, Apoio a estudantes, Desenvolvemento das ensinanzas, e Análise de resultados e mellora dos programas) e 6 procesos de soporte (Xestión de recursos humanos, Xestión de recursos materiais, Xestión documental, Satisfacción, expectativas e necesidades, Xestión de incidencias, e Información pública). O Manual do Sistema de Garantía de Calidade está dispoñible na páxinas web da facultades, visibles para calquera persoa interesada.

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no Manual do SGC exposta publicamente na páxina Web da facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na Web da facultade tamén está dispoñible o Manual de procesos do SGC. O SGC está en constante revisión e mellora, tal e como se constata no historial de revisións da documentación. Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun Plan estratéxico, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03 de marzo de 2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

No caso da FFP-Lugo, na web da facultade, dentro da pestana de Calidade, están dispoñibles así mesmo a Política de Calidade, a versión actualizada do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, o Manual de Procesos e o Plan Estratéxico 2016-2022 (xa mencionado no apartado 3.2.). O historial de revisións do Manual do SGC sintetízase como segue: a versión inicial do Manual do SGC corresponde ao 21 de decembro de 2009. A primeira revisión data do 31 de maio de 2013, co obxectivo de proceder á simplificación documental, creando o Manual Simplificado do SGIC e revisando algúns procesos e procedementos. O 3 de outubro de 2014 procedeuse á modificación de indicadores e informes dentro do SCG, e o 22 de febreiro de 2018 abordouse unha nova revisión documental, suprimindo procesos e procedementos obsoletos. O Manual do SGC da Facultade actualizouse novamente con data 21 de setembro de 2018 procedendo á revisión e simplificación do documento. A quinta edición do Manual do SGC da Facultade foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 6 de outubro de 2021, e nela modificanse os datos de identificación do centro, o punto 1.4 referido á documentación propia do centro, e o punto 3.2 referido á composición da comisión de calidade.

Nas actas da Comisión de Calidade do centros, das Comisións dos títulos e na Memoria de Calidade dos centros dáse conta da implicación dos diferentes grupos de interese no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento. Así mesmo, nas Memorias de Calidade dos centros evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o Plan estratéxico e os distintos informes de seguimento. Ademais, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (que inclúen información sobre a satisfacción dos diferentes grupos de interese) son revisados e analizados polas Comisións de Título e de Calidade de cada centro.

En liñas xerais, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. De feito, a traxectoria das Comisións de Calidade dos centros favorece a consolidación dunha cultura de calidade tanto no PDI e no PAS coma no alumnado das facultades. Evidencia diso é constante aumento na participación das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida desde o curso 2014-15, sendo a súa participación do 38,35% no curso 2015-16, do 39,89% no curso 2016-17, chegando no curso 2018-19 ata o 43%, e manténdose no primeiro semestre do curso 2019-2020 no 41%. No segundo semestre a participación descendeu ata o 37%, aínda que cómpre salientar que nese semestre se produciu a suspensión da docencia presencial por mor da

Covid-19. No curso 2020-2021 os datos de participación son similares: 36% de media nos dous centros (29,54% na FCE-Santiago e 43,04% na FFP-Lugo), malia que tamén é preciso considerar que nese curso persistiu a situación de emerxencia sanitaria (Fonte dos datos: 25022228_INF.13 2015-16 a 2020-21). Polo que concirne ao Dobre Grao/Simultaneidade, as taxas de participación nesta enquisa no curso 2018-19 foron así mesmo moi positivas (72,41% na FCE-Santiago, e 66,67% na FFP-Lugo, de media 70%), mentras que no curso 2019-20 baixaron lixeiramente (50% na FCE-Santiago, e 44,44% na FFP-Lugo, de media 47%). No curso 2020-2021 continúa a participar máis da metade do alumnado do Dobre Grao/Simultaneidade: 57,38% na FCE-Santiago e 69,01% na FFP-Lugo, de media 63%). Fonte dos datos: 7000696_INF.13 2018-19 a 2020-21).

Polo que respecta ao profesorado, na enquisa de satisfacción coa titulación no curso 2019-20, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas foi valorado cun 3,74 de media nos dous centros (cifra que aumenta lixeiramente con respecto ao 3,67 do curso anterior), e no curso 2020-21 aumentou ata o 3,90 de media. Pola súa banda, a calidade docente da titulación obtivo no curso 2019-20 unha valoración de 4,11 de media nos dous centros (fronte ao 3,81 do curso anterior), e no curso 2020-21 acadou un 3,95, polo que se mantén en valores cercanos aos 4. Fonte dos datos: 2502228_INF.23 2018-19 a 2020-21)

Con todo, cómpre seguir traballando para aumentar a implicación e o grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Mestrado.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PDI dos centros conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións con relación aos títulos impartidos. Porén, cómpre mencionar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Esta situación leva consigo dúas consecuencias para o profesorado: por unha banda, a presenza de persoal docente con contratos precarios dificulta a súa estabilidade e, por outra banda, a falta de persoal docente imposibilita o desconto de horas docentes equivalentes naqueloutro persoal docente que asume coordinacións.

Tendo en conta esta situación, e no ámbito das súas competencias, na Memoria de Calidade da FFP-Lugo propúxose unha acción de mellora a nivel de centro aberta para o curso 2020-2021 encamiñada ao aumento do profesorado

permanente, establecendo os contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría ao recoñecemento e aplicación do desconto por horas docentes equivalentes ao profesorado. Así mesmo, acordouse dar preferencia nas condicións de traballo ás persoas que exercen como coordinadoras de curso con respecto aos horarios para compensar a falta de recoñecemento das horas docentes equivalentes.

Con respecto á cualificación do profesorado, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total descendeu de xeito continuado nos últimos anos, tal e como se pode observar na táboa que segue:

Táboa 15. Evolución da porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP)	35,56	30,95	26,09	26,00	22,45	18,37	17,31
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE)	48,48	38,98	45,00	35,71	31,67	24,59	20,00
Total (%)	43,24	35,64	36,79	31,13	27,52	21,82	18,69

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

No curso 2019-2020 a porcentaxe descendeu ata un alarmante 21,82%, con descensos na FFP-Lugo (do 22,45% pasouse ao 18,37%) e un descenso aínda superior na FCE-Santiago (do 31,67% pasouse ao 24,59%). Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC, que se situaba no 58,76%. No curso 2020-21 produciuse un novo descenso, quedando a porcentaxe media no 18,69%, moi por debaixo da media da USC de 58,56 (Fonte: 2502228_MedUSC_2020-2021).

Porén, os progresivos descensos rexistrados non acompañan á adecuación cualitativa do profesorado, xa que non cabe dúbida de que os docentes existentes, teñan ou non vinculación permanente á universidade, accederon ás súas respectivas prazas tras superar un procedemento selectivo cada vez máis rigoroso, esixente e competitivo.

A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI atópase así mesmo en descenso no últimos cursos. Mantívose na contorna do 70% ata o curso 2018-19 (sendo de 71,17% no curso 2014-15) e baixou ata o 65,42% no curso 2020-21:

Táboa 16. Evolución da porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP)	60,00	59,52	67,39	68,00	67,35	59,18	55,77
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE)	78,79	72,88	76,67	75,00	73,33	72,13	74,55
Total (%)	71,17	67,33	72,64	71,70	70,64	66,36	65,42

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Os últimos datos son sensiblemente inferiores á media da USC: no curso 2019-20 esta era do 83,73%, e no curso 2020-21 era do 84,17% (Fonte: 2502228_MedUSC_2019-20 e 2020-2021)

En contraste, a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación evolucionou favorablemente desde o curso 2014-15, no que era do 21,62% de media, manténdose na contorna do 40% entre os cursos 2015-16 e 2017-18 e arredor do 50% nos cursos 2018-19 e 2019-20. No 2020-21 experimentou un novo descenso ata situarse no 43,90%.

A media da USC era do 84,72% no curso 2019-20 e do 85,47% no curso 2020-21 (Fonte: 2502228_MedUSC_2019-20 e 2020-2021)

Táboa 17. Evolución da porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	15,56	35,00	33,33	45,45	45,00	38,89	36,84
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	25,76	46,43	38,24	42,86	57,69	57,14	50,00
Total (%)	21,62	41,67	36,36	44,00	52,17	48,72	43,90

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Para explicar estas circunstancias negativas teríamos que acudir á orixe do título (diplomatura), á categoría dominante do profesorado ata tempos recentes (profesorado titular de escola universitaria) e especialmente nos últimos anos ás modalidades de contrato do novo profesorado, que na maior parte dos casos non permiten unha dedicación a tempo completo á docencia e investigación, e que mesmo corresponden a categorías que non poden ter experiencia docente nin investigadora recoñecida.

Por outra banda, no que atinxe ás categorías de profesorado, como se amosa na seguinte táboa, o número de profesorado Titular e de Catedráticos/as foi diminuindo na FCE e na FFP progresivamente dende o curso 2015/16 ata o 2020/21. Non obstante, foi aumentando o número de profesorado Axudante Doutor/a e Contratado/a Doutor/a.

Táboa 18. Desagregación de PDI por categorías

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2020/21				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Ministerio	1	1,89%	60,00	1,56%
Contrato Predoutoral Xunta	2	3,77%	40,00	1,04%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	1	1,89%	63,00	1,64%
Profesor: Lector	1	1,89%	76,50	1,99%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	11	20,75%	856,00	22,24%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	13	24,53%	730,50	18,98%
Profesor: Profesor interino/a	13	24,53%	752,25	19,54%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	2	3,77%	119,25	3,10%
Profesor: Titular de Universidade	9	16,98%	1151,50	29,92%
Total*	53	100,00%	3849,00	100,00%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2020/21				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	5,41%	103,00	2,71%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	3	8,11%	396,50	10,44%
Profesor: Colaborador	2	5,41%	197,50	5,20%
Profesor: Lector	1	2,70%	60,00	1,58%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	8	21,62%	512,00	13,48%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	10	27,03%	1175,50	30,94%
Profesor: Profesor interino/a	5	13,51%	519,00	13,66%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	2	5,41%	288,00	7,58%
Profesor: Titular de Universidade	4	10,81%	547,50	14,41%
Total*	37	100,00%	3799,00	100,00%
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2019/20				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Ministerio	5	9,62%	106,00	3,17%
Contrato Predoutoral Xunta	2	3,85%	24,00	0,72%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	3	5,77%	82,00	2,45%
Profesor: Contratado Interino - T3	6	11,54%	464,00	13,86%
Profesor: Lector	2	3,85%	36,00	1,08%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	8	15,38%	613,00	18,31%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	11,54%	372,00	11,11%
Profesor: Profesor interino	8	15,38%	342,00	10,22%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	1	1,92%	132,00	3,94%
Profesor: Titular de Universidade	11	21,15%	1176,00	35,14%

Total *	52	100,00%	3347,00	100,00%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2019/20				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor: Asociado de Universidade LOU	7	17,50%	456,00	14,93%
Profesor: Catedrático de Universidade	2	5,00%	86,00	2,82%
Profesor: Colaborador	2	5,00%	96,00	3,14%
Profesor: Contratado Interino - T3	3	7,50%	406,00	13,29%
Profesor: Lector	1	2,50%	16,00	0,52%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	8	20,00%	380,00	12,44%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	8	20,00%	640,00	20,95%
Profesor: Profesor interino	4	10,00%	379,00	12,41%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	2	5,00%	240,00	7,86%
Profesor: Titular de Universidade	3	7,50%	356,00	11,65%
Total *	40	100,00%	3055,00	100,00%
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2018/19				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Ministerio	3	5,26%	Non dispoñible	2,09%
Contrato Predoutoral Xunta	2	3,51%	Non dispoñible	2,30%
Profesor: Catedrático/a de Universidade	2	3,51%	Non dispoñible	6,73%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	8	14,04%	Non dispoñible	5,23%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	4	7,02%	Non dispoñible	7,80%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	8	14,04%	Non dispoñible	11,61%
Profesor: Profesor interino	15	26,32%	Non dispoñible	22,82%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	3	5,26%	Non dispoñible	9,48%
Profesor: Titular de Universidade	12	21,05%	Non dispoñible	31,93%
Total *	57	100%	-	100%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2018/19				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Xunta	1	2,38%	Non dispoñible	0,44%
Profesor: Catedrático/a de Universidade	2	4,76%	Non dispoñible	4,05%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	9	21,43%	Non dispoñible	21,12%
Profesor: Catedrático de Escola Universitaria	1	2,38%	Non dispoñible	1,17%
Profesor: Colaborador	2	4,76%	Non dispoñible	2,11%
Profesor: Contratado Interino	6	14,29%	Non dispoñible	14,71%
Profesor: Lector	1	2,38%	Non dispoñible	0,47%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	5	11,90%	Non dispoñible	13,73%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	9	21,43%	Non dispoñible	21,59%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	1	2,38%	Non dispoñible	4,66%
Profesor: Titular de Universidade	5	11,90%	Non dispoñible	15,95%
Total *	42	100%	-	100%
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2017/18				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Ministerio	5	7,69%	Non dispoñible	3,42%
Contrato Predoutoral Xunta	2	3,08%	Non dispoñible	1,86%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	3,08%	Non dispoñible	4,96%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	12	18,46%	Non dispoñible	8,44%
Profesor: Contratado Interino	15	23,08%	Non dispoñible	20,44%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	5	7,69%	Non dispoñible	5,20%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	7	10,77%	Non dispoñible	9,66%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	4	6,15%	Non dispoñible	13,36%
Profesor: Titular de Universidade	13	20,00%	Non dispoñible	32,65%
Total *	65	100%	-	100%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2017/18				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Contrato Predoutoral Xunta	1	2,17%	Non dispoñible	0,90%
Profesor: Catedrático/a de Universidade	2	4,35%	Non dispoñible	4,26%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	13	28,26%	Non dispoñible	21,04%
Profesor: Catedrático de Escola Universitaria	1	2,17%	Non dispoñible	1,35%
Profesor: Colaborador	2	4,35%	Non dispoñible	2,46%
Profesor: Contratado Interino	7	15,22%	Non dispoñible	20,31%

Profesor: Lector	1	2,17%	Non dispoñible	0,45%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	6	13,04%	Non dispoñible	12,59%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	13,04%	Non dispoñible	15,92%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	2	4,35%	Non dispoñible	3,58%
Profesor: Titular de Universidade	5	10,87%	Non dispoñible	17,13%
Total *	46	100%	-	100%
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2016/17				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	3,77%	Non dispoñible	5,97%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	9	16,98%	Non dispoñible	8,48%
Profesor: Contratado Interino	12	22,64%	Non dispoñible	18,89%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	4	7,55%	Non dispoñible	9,28%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	6	11,32%	Non dispoñible	9,93%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	6	11,32%	Non dispoñible	16,12%
Profesor: Titular de Universidade	14	26,42%	Non dispoñible	31,33%
Total *	53	100%	-	100%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2016/17				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	1	2,56%	Non dispoñible	1,43%
Profesor: Asociado de Universidade LOU	8	20,51%	Non dispoñible	16,84%
Profesor: Catedrático de Escola Universitaria	2	5,13%	Non dispoñible	4,19%
Profesor: Colaborador	2	5,13%	Non dispoñible	2,05%
Profesor: Contratado Interino	7	17,95%	Non dispoñible	26,82%
Profesor: Lector	1	2,56%	Non dispoñible	0,42%
Profesor: Profesor Axudante Doutor LOU	4	10,26%	Non dispoñible	6,99%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	7	17,95%	Non dispoñible	18,23%
Profesor: Titular de Escola Universitaria	2	5,13%	Non dispoñible	7,43%
Profesor: Titular de Universidade	5	12,82%	Non dispoñible	15,60%
Total *	39	100%	-	100%
FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. Datos do curso 2015/16				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Catedrático/a de Universidade	2	3,45%	Non dispoñible	4,71%
Contrato Predoutoral Ministerio	4	6,90%	Non dispoñible	2,50%
Profesor/a Asociado/a de Universidade	4	6,90%	Non dispoñible	2,58%
Profesor/a Axudante Doutor/a	3	5,17%	Non dispoñible	3,64%
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	4	6,90%	Non dispoñible	6,19%
Profesor/a Contratado/a Interino/a por Substitución	10	17,24%	Non dispoñible	13,34%
Profesor/a Contratado/a Interino/a por Vacante	14	24,14%	Non dispoñible	22,34%
Profesor/a Titular de Escola Universitaria	5	8,62%	Non dispoñible	11,27%
Profesor/a Titular de Universidade	12	20,69%	Non dispoñible	33,44%
	58	100%	-	100%
FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. Datos do curso 2015/16				
Categoría	Número	Porcentaxe Número	Horas	Porcentaxe Horas
Catedrático/a de Escola Universitaria	2	5,13%	Non dispoñible	5,81%
Catedrático/a de Universidade	1	2,56%	Non dispoñible	1,42%
Profesor/a Asociado/a de Universidade	8	20,51%	Non dispoñible	16,06%
Profesor/a Axudante Doutor/a	2	5,13%	Non dispoñible	6,40%
Profesor/a Colaborador/a	2	5,13%	Non dispoñible	2,39%
Profesor/a Contratado/a Doutor/a	6	15,38%	Non dispoñible	12,42%
Profesor/a Contratado/a Interino/a por Vacante	10	25,64%	Non dispoñible	27,80%
Profesor/a Lector/a	1	2,56%	Non dispoñible	0,90%
Profesor/a Titular de Escola Universitaria	2	5,13%	Non dispoñible	7,12%
Profesor/a Titular de Universidade	5	12,82%	Non dispoñible	19,68%
	39	61,11%	-	100%

* O número total de PDI dun título pode ser inferior á suma do número de PDI dividido por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso

** No caso de cambios de categoría, área ou departamento ao longo do curso de algún PDI, ese PDI computará en cada unha desas categorías, áreas ou departamentos para a suma total de tramos de experiencia docente e investigadora.

Fonte: Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2021; Base de datos do Plan de Ordenación Docente 2020/2021; Informes 2502228_E15_2020-2021; 2502228_E15_2019-2020; 2502228_E15_2018-2019; 2502228_E15_2017-2018; 2502228_E15_2016-2017; 2502228_E15_2015-2016.

Con respecto ás cifras de PDI con docencia nos dous centros, na táboa que segue pódese observar que o número de PDI no curso 2014-15 era superior nos dous centros con respecto ao número de PDI no curso 2020-21 (44 fronte a 37 na FFP-Lugo e 69 fronte a 53 na FCE-Santiago). A media de profesorado desde o curso 2015-16 ata o 2020-21 é de 44 docentes na FFP-Lugo e 58 na FCE-Santiago. Cómpre salientar o reducido número de docentes cos que conta a FFP-Lugo no curso máis recente (2020-21).

Táboa 19. Evolución das cifras de PDI con docencia no título na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	44	39	39	46	63	40	37
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	69	58	64	65	57	52	53

Fonte: 2502228_I6_I7_ 2015-16 a 2020-21

Con respecto á formación continua do profesorado, este participa nos cursos organizados dentro do Programa de Formación e Innovación Docente da USC. Ata o curso 2014-15, estaban a participar entre o 37% e o 45% do profesorado na FFP-Lugo e entre el 13% e o 61% dos docentes na FCE-Santiago, que amosaban de acordo cos indicadores dispoñibles, un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas (entre 4 e 4,4 en ambos centros). A evolución da participación do PDI do título en cursos de formación sintetízase na táboa que segue:

Táboa 20. Evolución da participación do PDI do título en cursos de formación na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	43,48%	51,06%	50,89%	41,30%	66,67%	62,26%
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	30%	36,99%	31,34%	36,67%	66,13%	66,67%

Fonte: 2502228_I6_I7_ 2015-16 a 2020-21

Pódese observar que ata o curso 2018-19 a media de participación na FFP-Lugo atópase ao redor do 46% (46,68%) e na FCE-Santiago ao redor do 33% (33,75%). Porén, no curso 2019-20 na FFP-Lugo o PDI do título participou nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC nunha porcentaxe moi superior á do curso anterior, pasando do 41,30% ao 66,67%. Na FCE-Santiago o incremento dos niveis de participación foi tamén substancial, pasando do 36,67% no curso 2018-19 ao 66,13% no curso 2019-20. Estes incrementos (que se manteñen no curso 2020-21 con porcentaxes que superan o 60% nos dous centros) poden explicarse pola necesidade de formación relacionada coa docencia en remoto derivada da situación ocasionada pola Covid-19.

A ese respecto, na FFP-Lugo, en resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas

competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial, executouse unha acción de mellora no curso 2020-21 (**AM-MI-14 2020-2021**), consistente na posta en marcha de dous cursos de formación docente relacionados con contornas virtuais: “Deseño de actividades de aprendizaxe en liña” e “Desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams”, que se desenvolveron de xeito virtual. Ambos cursos leváronse a cabo con moi bos resultados de participación e aproveitamento.

Asemade, no curso 2019-20, desenvolveuse para o profesorado da FFP unha acción formativa por iniciativa do Centro, vinculada ao Plano de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC, titulada “Sistemas de avaliación en liña con Moodle (nivel básico)”. Os dous obxectivos que se desenvolveron ao longo do curso foron:

- 1) Coñecer as posibilidades de Moodle para a avaliación en liña
- 2) Crear e configurar probas e test en diversos formatos utilizando as ferramentas de Moodle do campus virtual

Compre sinalar que a acción formativa tipo unha gran demanda, xa que das 45 prazas ofertadas, matriculáronse 41 persoas.

Os indicadores dispoñibles tamén amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas polo PDI, que se mantén desde o curso 2014-15 (no que se puntuaron con 4,44 sobre 5) en valores superiores a 4 puntos sobre 5 (o valor máis alto acadouse no curso 2020-21, con 4,49 puntos), e cunha boa taxa media de resposta, na contorna do 50%, tal e como se aprecia na táboa que segue:

Táboa 21. Evolución da satisfacción do PDI do título coas actividades formativas e taxas de resposta á enquisa (Intercampus)

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Taxa de resposta á enquisa (Intercampus)	59,1%	52,65%	51,26%	45,82%	49,78%	43,31%
Grao de satisfacción (1-5)	4,33	4,30	4,39	4,29	4,46	4,49

Fonte: 5016_INF.10_2015-16 a 2020-21 e 5017_INF.10_2015-16 a 2020-21

Polo que concirne á participación do profesorado en programas de mobilidade, esta continúa a ser en xeral escasa (ver táboa seguinte), diminuindo en ambos campus con respecto ás cifras do curso 2014-15, aínda que nos cursos 2016-17 e 2019-20 experimentou unha subida ata ao redor do 5% na FFP-Lugo.

Táboa 22. Evolución da participación do profesorado do título en programas de mobilidade na FFP-Lugo e na FCE-Santiago: porcentaxes de participación sobre o PDI total

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	9,09% sobre 44	2,56% sobre 39	5,13% sobre 39	---	1,59% sobre 63	5% sobre 40	2,70% sobre 37
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	5,80% sobre 69	1,72% sobre 58	3,13% sobre 64	1,54% sobre 65	1,75% sobre 57	---	3,77% sobre 53

Fonte: 5016_I10_2015-16 a 2020-21 e 5017_I10_2015-16 a 2020-21

Esta situación pode deberse a que, por mor das limitacións no número de docentes no título, o profesorado das facultades non pode participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia. Así mesmo, cómpre ter en conta as circunstancias

derivadas da situación de emerxencia sanitaria nos cursos 2019-20 e 2020-21.

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI dos centros é axeitado para atender ás necesidades do título, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable a tempo completo. Cómpre lembrar que as limitacións no número de PDI teñen unha notable incidencia no cociente profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, tal como xa foi sinalado no apartado 1.2 deste informe. A este respecto, é importante ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus etc.) non dependen directamente dos centros. Polo que concirne ás necesidades de persoal, e no ámbito das súas competencias, as Facultades (a través dos equipos Decanais) mantéñense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, con arreglo ao proceso específico relativo á xestión de recursos humanos do SGC.

Malia estas circunstancias pouco favorables polo que respecta ao persoal académico dispoñible, os niveis de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida mantéñense en valores positivos, dos que xa se deixou constancia no apartado 3.1 deste informe. Isto significa que, mesmo nestas condicións manifestamente mellorables, pode apreciarse un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título.

Polo que se refire á FFP-Lugo, conta cun total de 11 membros no curso 2020-21 (cunha persoa máis que cubriu unha baixa temporal), mantendo o número de persoas dos cursos anteriores desde o curso 2016-17 (agás no curso 2018-19 onde se rexistran novamente 12 membros en total por mor doutra baixa cuberta). Cómpre sinalar que continúa a ser necesaria unha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde, aspecto que se tivo en conta na listaxe de accións de mellora a desenvolver no curso 2020-21 (AM-MI-10 2020-2021). A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Aparte de desempeñar outras tarefas, a persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Por outra banda, o persoal de conserxería realiza funcións de apoio ao profesorado para a posta en funcionamento dos equipos informáticos, cámaras, micrófonos etc., que debido ás restricións na docencia presencial a partir do curso 2019-20 viron aumentado o seu emprego.

A tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na FFP-Lugo fíxose con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixíuse á atención do Xerente e a Vixerenta de Persoal. Ao non terse recibido resposta, esta acción de mellora reabrirase para o curso 2021-2022, aínda que como parte do Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2020-2021, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro, tanto de Grao como de Mestrado

Con respecto ao **grao de satisfacción do PAS con respecto ás tarefas que desenvolve**, na FFP-Lugo no curso 2014-15 a puntuación outorgada foi de 3,5 sobre 5 (valoración media), sendo 3,64 a valoración global. As valoracións posteriores (ver táboa seguinte) mantéñense en xeral en cifras positivas, cunha media de 4 puntos sobre 5 (valoración media) e 3,80 puntos sobre 5 (valoración global) entre os cursos 2016-17 e 2020-21. Cómpre sinalar que no curso 2019-20, no que a actividade académica se viu interrompida por mor da Covid-19, a valoración media experimentou unha considerable subida ata acadar os 4,60 puntos sobre 5 (a valoración global tamén ascendeu a 4 puntos). As porcentaxes de participación na enquisa de satisfacción experimentan considerables fluctuacións dun curso para outro, sendo a media de participación entre os cursos 2016-17 e o 2020-21 do 29% aproximadamente, un aspecto susceptible de mellora a nivel dos centros é a incorporación dun buzón de suxestións (físico ou virtual), no que se poidan recoller as opinións dos diferentes colectivos, entre eles, o PAS.

Táboa 23. Evolución da satisfacción do PAS coas tarefas desenvolvidas e taxas de resposta á enquisa (FFP-Lugo)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Porcentaxe de resposta	45,45%	9,09%	16,66%	45,45%	27,27%
Grao de satisfacción (1-5)	Valoración media: 3,60 Valoración global: 3,81	Valoración media: 4 Valoración global: 3,88	Valoración media: 4 Valoración global: 3,78	Valoración media: 4,60 Valoración global: 4	Valoración media: 4 Valoración global: 3,84

Fonte: 5017_INF.21 2016-17 a 2020-21

Sobre o período de suspensión de actividades presenciais por mor da Covid-19 no curso 2019-20, cómpre salientar os comentarios realizados polo PAS na FFP-Lugo referíndose á falta de recursos materias (impresora, escáner) e ao notable incremento do traballo debido ás adaptacións que houbo que facer (modificación da avaliación con novos calendarios de exames, normas para TFG, TFM, gran número de correos electrónicos de alumnado solicitando información, incremento do número de reunións etc.), así como un comentario dunha persoa que non puido realizar o seu traballo en remoto. No curso 2020-21 unha persoa comentou, así mesmo, a necesidade de aumentar os equipos e mellorar as conexións en remoto.

Polo que respecta á FCE-Santiago, o PAS cífrase no curso 2020-21 nun total de 16 persoas aumentando nunha con respecto ao curso anterior. Con respecto á evolución do número de membros, no curso 2016-17 contábase con 20 persoas, pero este número baixou en cursos posteriores: 14 no curso 2017-18, 17 no curso 2018-19, 15 no curso 2019-20 e 16 no curso 2020-21 (Fonte: 5016_E16_2016-17 a 2020-21). É necesario destacar a complexidade da FCE-Santiago, onde se imparten nove titulacións distintas de grao e máster distribuídas, ademais, en dous edificios situados en campus diferentes da cidade de Santiago de Compostela. Esta circunstancia dificulta enormemente o desenvolvemento das tarefas diarias propias da administración e xestión da Facultade.

O nivel de **satisfacción deste colectivo co traballo desenvolvido** acadou na FCE-Santiago unha media de 3,27 puntos sobre 5 (valoración media) no curso 2014-15 (a valoración global foi de 3,64). Entre os cursos 2016-17 e 2020-21 a valoración media mantense ao redor de 3,47 (sendo 3,76 a valoración global). Ao igual que sucedeu na FFP-Lugo, cómpre sinalar que no curso 2019-20 a valoración media tamén ascendeu, ata acadar os 4 puntos sobre 5. No seu conxunto (ver táboa inferior), os datos de satisfacción son positivos, malia que a taxa de participación nos últimos cursos rolda o 24% (débase lembrar que no curso 2019-20 a actividade académica víuse interrompida por mor da crise sanitaria):

Táboa 24. Evolución da satisfacción do PAS co labor desenvolvido e taxas de resposta á enquisa (FCE-Santiago)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Porcentaxe de resposta	35%	21,42%	29,41%	6,66%	25%
Grao de	Valoración	Valoración	Valoración	Valoración	Valoración

satisfacción (1-5)	media: 2,86 Valoración global: 3,81	media: 3,67 Valoración global: 3,88	media: 3,60 Valoración global: 3,78	media: 4 Valoración global: 4	media: 3,25 Valoración global: 3,84
--------------------	---	---	---	-------------------------------------	---

Fonte: 5016_INF.21_2016-17 a 2020-21

No cuestionario do curso 2019-2020, un dos enquisados sinalou como aspecto mellorable a necesidade de formación en técnicas de traballo online (froito da situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19). Así mesmo, na enquisa do curso 2020-21 unha persoa comenta a necesidade de recibir máis información sobre o Covid-19 e sobre o impacto da situación de emerxencia sanitaria nas súas obrigas.

En canto á participación do PAS en cursos de formación, os datos dos últimos cursos son en xeral satisfactorios (ver táboa seguinte). No curso 2014-15 a porcentaxe de PAS participante en cursos foi do 53,8% na FFP-Lugo e do 43,8% na FCE-Santiago, e no curso 2020-21 a porcentaxe subiu nos dous centros, ata acadar o 75% na FFP-Lugo e o 56,25% na FCE-Santiago, sendo a media de participación entre o curso 2015-16 e o 2020-21 do 58,44% na FCE-Lugo e do 57,50% na FCE-Santiago (supérase nos dous centros a porcentaxe de participación do curso 2014-15):

Táboa 25. Evolución da porcentaxe de participación do PAS en cursos de formación na FFP-Lugo na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Facultade de Formación do Profesorado (FFP)	53,8%	46,20%	41,67%	64%	66,67%	57,14%	75%
Facultade de Ciencias da Educación (FCE)	43,8%	37,50%	52,90%	50%	70,59%	77,78%	56,25%

Fonte: 5016_INF.11_2015-16 a 2020-21 e 5017_INF.11_2015-16 a 2020-21

Os descenso observados na FFP-Lugo no curso 2019-20 e na FCE-Santiago no curso 2020-21 poden deberse á carga de traballo derivada da suspensión da actividade presencial por mor da Covid-19 no curso 2019-20 e as adaptacións á docencia semipresencial no curso seguinte.

Finalmente, con respecto á **satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas**, no ano 2014 este outorgou 4,11 puntos sobre 5, acadando valores cercanos aos 4 puntos ata o curso 17-18. A partir dese curso, a valoración fíxose sobre 10 puntos, e as actividades foron avaliadas cunha media de 7,67 puntos (7,84 no curso 2018-19, 7,64 no curso 2019-20 e 7,64 no curso 2020-21), sendo polo tanto datos satisfactorios (Fonte: 5016_INF.11_2015-16 a 2020-21 e 5017_INF.11_2015-16 a 2020-21).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de

informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...

- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencial e artístico (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INFRAESTRUTURAS, RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* dos Manuais de Procesos dos centros recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atenderlas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. Nas páxinas web de ambas Facultades figura información detallada sobre as infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento.

Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación cumpren en liñas xerais cos requisitos mínimos de suficiencia e adecuación, pero continúa a haber certos problemas e hai moita marxe de mellora, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para traballo en grupo do alumnado etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento.

En calquera caso, cómpre continuar mellorando os espazos, instalacións e recursos dos dous centros nos que se imparte a titulación, e nese sentido, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e realizar obras necesarias para acondicionar e adecuar os espazos de traballo, tal e como consta na relación de obras e adquisicións da táboa 26, correspondente ao curso 2020-2021.

Neste sentido, cómpre sinalar que a FFP-Lugo continúa padecendo evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, tendo en conta o feito de que case a metade do edificio (cuxa propiedade é da USC) está ocupada polo CEIP Anexa, incluíndo o ximnasio da Facultade. A ese respecto, existe un acordo de cesión de espazos polo que a USC se comprometeu a cederlle o uso do ximnasio ao CEIP Anexa, e a Consellería de Educación a cederlle o uso prioritario do pavillón do CIFP Politécnico á Facultade de Formación do Profesorado para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal. Esta instalación presentaba graves problemas de limpeza e mantemento sobre os que se estivo a traballar nestes últimos cursos pero sen poder chegar a unha solución definitiva.

No curso 2018-19, o equipo decanal reúne coa vicerreitora de coordinación do campus de Lugo, e tratáse o problema xeral dos espazos na Facultade e, en particular, o espazo para a docencia das materias da Área de Expresión Corporal. A decana dá conta así mesmo da deficiente situación do pavillón do CIFP Politécnico, reclamando un espazo que conte coas condicións hixiénicas axeitadas e cunhas instalacións apropiadas para impartir as materias dos títulos. No curso 2019-2020, a situación de deterioración e falta de hixiene do pavillón continúa sen solucionarse. O decanato, coa colaboración da persoa que coordina a Área de Expresión Corporal, fai xestións para arranxar os desperfectos e mellorar a limpeza. En marzo de 2020, prodúcese o confinamento da poboación por mor da pandemia derivada da COVID-19 e, consecuentemente, o peche da Facultade. Días antes do inicio do curso 2020-2021, o director do pavillón comunica ao decanato que, atendendo a instrución da Xefatura Territorial de Educación, o pavillón necesitará ser empregado por dous IES cuxos pavillóns se atopan en obras, o cal obriga ao alumnado e ao profesorado da Área de Expresión Corporal a desprazarse para as súas clases ao pavillón do CEIP Anexa e o pavillón do Seminario Maior, un arranxo que permitiu salvar temporalmente a situación e impartir a docencia das materias, aínda que non nas mellores condicións.

Desde o mes de febreiro de 2021, o decanato estivo a facer xestións co CIFP Politécnico e co goberno da USC para evitar que se repetise no curso 2021-2022 a situación do curso anterior. En xuño de 2021, a decana comunica novamente a problemática á Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, solicitando que se aplique o establecido no acordo orixinal de cesión de espazos e, de non cumprirse este compromiso por ambas partes, a Facultade solicitaría volver recuperar o uso do seu ximnasio.

A problemática cos espazos para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, quedaron recollidas como unha acción de mellora para o curso 2020-21 na Memoria de Calidade do centro correspondente ao curso 2019-20, e na que se continuará a traballar nos seguintes cursos académicos, tendo en conta que a medio prazo está previsto o traslado da Facultade a unhas novas instalacións no campus de Fingoi.

Pola súa banda, a FCE-Santiago, ante a situación de deterioro do edificio situado no Campus Norte onde se imparte esta titulación, tamén se requiren contínuas melloras nas instalacións e recursos dos que dispón. Así mesmo, segue reclamándose a realización dun espazo novo que acolla todas as titulacións da facultade, tanto as que se imparten no campus sur coma no campus norte, para o que se comezou un concurso de ideas co fin de darlle solución ao problema de dúas sedes diferentes para unha mesma facultade. En todo caso, o centro reúne os requisitos para a impartición do título de Mestre/a de Educación Infantil e conta cunha infraestrutura de espazos específica para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora (nos últimos anos realizáronse acondicionamento de aulas, melloras nas infraestruturas etc.), así como espazos de servizos para a comunidade do centro. Na páxina Web da facultade infórmase sobre o equipamento dispoñible, así como dos planos de ambos edificios ([Equipamentos | Facultade de Ciencias da Educación | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#))

Continuando co plan de mellora das infraestruturas e equipamentos dispoñibles levado a cabo en cursos anteriores (que responde, no caso da FFP-Lugo, a un dos Obxectivos Estratéxicos recollidos no Plan Estratéxico 2016-2022), durante o curso 2020-2021 realizáronse diversas obras e adquiríronse os seguintes materiais para ambas Facultades:

Táboa 26. Material adquirido e obras realizadas durante o curso 2020-2021

CENTRO	ZONA DE ACTUACIÓN	EQUIPAMENTO E OBRAS CURSO 20 - 21
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	07/09/20 CM2050170035 FACT C/10403 5 Webcam LOGITECH C920 PRO
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	07/09/20 CM2050170036 FACT 1/000078 Substitución de 11 ventanas na Fac. Formación de Profesorado
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	08/09/20 CM2050170038 Fact C/10431 5 Webcam LOGITECH C920 PRO 1 Ordenador portátil LENOVO V130-15IKB-81HN00GLSP I5 8 GB

Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	23/10/20 CM2050170049 Fact C/10529 3 Webcam LOGITECH C920 PRO
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	06/11/20 CM2050170055 FACT 2020625 3 Ordenadores portátiles HP 15 -1035G1 512 SSD 8GB DDR4 15,6" W10 Pro 64 Bits 3 maletín acolchado 15,6 NATEC DOBERMAN
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/11/20 CM2050170060 FACT F20030348 5 Silla operativa mec. basculante c/ brazo negro
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/11/20 CM2050170061 FACT A/44 Habilitación despacho para profesorado 3º andar da Fac. FP
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	16/11/20 CM2050170063 FACT C/10627 2 Impresoras Brother HL-L2370DN
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	23/11/20 CM2050170069 FACT 2020655 8 Monitores LED 23,6" Full HD 1920 X1080 ACER KA240HQ 2 Monitores LED 27" Full HD 1920 x 1080 ACER KA270H
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/11/20 CM2050170073 FACT A/60 Pintar despacho Decanato.
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	03/02/21 CM2150170008 FACT 01/20210249 Instalación de tomas de rede nos novos despachos de profesorado no 3º andar da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	04/02/21 CM2150170009 FACT C/10756 1 CPU UNYKA C10 I5-9400
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	15/03/21 NC5017005 FACT NC5017005 1 Disco duro portátil
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	05/04/21 CM2150170015 FACT C/10881 Proyector EPSON EB-2250U
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/04/21 CM2150170016 FACT 01/20210548 Instalación de 1 toma na Sala de Xuntas da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170024 FACT 01/20210943 Instalación de 1 toma na sala de prof na pta 3 da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170021 FACT A/17 Pintura Conserxería e Hall da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170022 FACT A/21 2 estanterías de 180x90x40 2 estanterías de 180x90x45 2 estanterías de 180x120x40
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	02/06/21 CM2150170026 FACT Emit-/366 Reposición de 6 cristales rotos na Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/06/21 CM2150170028 FACT A/2021117 Cambio de cerradura exterior con bombillo porta antipánico do patio. Regulación 4 ventanas de aluminio Aula de Plástica.
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	16/06/21 CM2150170029 FACT C/10988 3 Proyector BENQ MX536 1 CPU caja TACENS ANIMA, procesador 15-9600K, Placa H310M-s 2H, RAM8Gb, Fuente 80+ BRONZE, disco SSD 480Gb. Widows 10 Pro. 1 Transformador DELL 65W Ref. 450-AECL
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092 Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092 Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado

Facultade de Ciencias da Educación	Campus Santiago	<p>Acondicionamento e equipamento de aulas e despachos.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Cambio de luces a LED (terminada en zonas comúns, iníciase nalgúns despachos con déficit de iluminación). · Renovación/cambio luminarias, enchufes, estores aulas pendentes/ e despachos. · Renovación de mobiliario de despachos e zonas comúns, limpeza de material deteriorado e/ou antigo. · Pintura. · Material COVID19 (medidores CO2/ Purificadores de aire aulas con ventilación comprometida, dispensadores de xel hidroalcolico en todas as aulas...). · Renovación licencia sistema insitucional Lifesize docencia facultade. · Renovación equipos nas aulas (10). · Sillas para despachos (10). · Reparación e pintado de despachos e aulas. · Enchufes, estores, luces, múltiples despachos. - Aulas para docencia con sistema de videoconferencia instalada (Aulas: 1, 3, 23, 32, 51, 52, 13, 4, 21, LAB. 41, 12 e 25). - Laboratorios para docencia especializada con sistema de videoconferencia instalada en Aula 31(Laboratorio TIC) e Sala de Xuntas

Fonte: Unidade de Servizos Económicos da FFP-Lugo e FCE-Santiago

Malia ás melloras que se realizan anualmente, a valoración por parte dos grupos de interese das infraestruturas e materiais tende a ser baixa, sinal de que existe moita marxe para continuar traballando nestes aspectos. Así, por exemplo, no curso 2014-15, a satisfacción dos egresados con respecto ás infraestruturas e materiais dispoñibles nos centros xa era baixa, recibindo 2,67 puntos sobre 5 na FFP-Lugo e 1,63 na FCE-Santiago (2,15 de media), fronte a un valor medio de 2,78 para o conxunto da USC, e a valoración non conseguiu subir de media dos 2,20 puntos entre os cursos 2016-17 e 2018-19, o derradeiro curso no que se contempla este ítem na enquisa (Fonte: 2502228_INF.09_2016-17 a 2018-19). Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a valoración das infraestruturas e materiais acada 2,69 no curso 2019-20 e 2,59 no curso 2020-21 (Fonte: 2502228_INF.22_2019-20 e 2020-21).

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, as aulas e o seu equipamento valorábanse de media con 3,32 puntos sobre 5 nou curso 2016-17 e 2,71 no curso 2017-18, e o equipamento de espazos experimentais recibía 3,09 no curso 2016-17 e 2,87 no curso 2017-18. No curso 2020-21, as aulas e o equipamento merecen unha valoración de 3,40, subindo desde o 3,09 do curso anterior, unha suba posiblemente debida a que, por mor dos axustes que foi preciso realizar nas condicións de docencia durante os cursos nos que estiveron vixentes as restricións de presencialidade, producíronse melloras polo que concirne aos equipamentos informáticos das aulas para optimizar a docencia en remoto. En calquera caso, existe marxe de mellora, xa que é o ítem coa valoración máis baixa despois dos horarios (que recibiron un 3,33). Fonte: 2502228_INF.23_2015-16 a 2020-21.

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **campus virtual**, un servizo de apoio á docencia moi relevante para o desenvolvemento dos programas formativos das Facultades. O campus virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado positivamente por alumnado e profesorado. Na última enquisa de satisfacción dos egresados que contempla este ítem (correspondente ao curso 2018-2019), o alumnado de Infantil e Primaria valora o campus virtual e a Secretaría Virtual con 4 puntos sobre 5 (Fonte: 2502228_INF.09_2018-2019). Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, o campus virtual valórase con 3,81 puntos tanto no curso 2019-20 como no 2020-21 (Fonte: 2502228_INF.22_2019-20 e 2020-21). Polo que respecta á utilidade do campus virtual para o labor docente, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación o campus virtual do curso 2019-20, esta valórase tamén moi

positivamente (4,31), e a valoración sobe no curso 2020-21 a 4,58 (Fonte: 2502228_INF_23_2019-20 e 2020-21). Cómpre ter en conta que durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor da Covid-19, o campus virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación en remoto xunto con ferramentas institucionais para a comunicación como Microsoft Teams. Para facilitar o emprego do campus virtual desenvolveuse na FFP-Lugo un curso específico de formación para o PDI como acción de mellora executada no curso 2019-2020, así como cursos de formación en contornas virtuais (acción de mellora executada no curso 2020-2021).

A dispoñibilidade de material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo etc) e a dispoñibilidade de recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia no propio centro merecían para o profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida no curso 2014-15 valoracións superiores ao 3,5 en ambas Facultades. No curso 2016-17 as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia eran valoradas polo profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida con 4 puntos de media, e con 3,81 no curso 2017-18 (Fonte: 2502228_INF.14_2016-17 e 2017-18). De xeito similar, a valoración da adecuación do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo, etc.) para o desenvolvemento das materias acadaron nos últimos cursos valores cercanos aos 4 puntos de media: no curso 2019-20 3,95 puntos (3,76 na FCE-Santiago e 4,15 na FFP-Lugo), e tamén 3,95 no curso 2020-21 (3,80 na FCE-Santiago e 4,10 na FFP-Lugo). Fonte: 2502228_INF.14_2019-20 e 2020-21.

Polo que concirne especificamente ao servizo de **Biblioteca**, as facultades contan cunha boa dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal das bibliotecas ocúpase de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións impartidas nos centros. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca valórase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre 5 na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019. En cursos anteriores, os egresados de Infantil valoraron o servizo de biblioteca con 3,85 (curso 2015-16), 3,64 (curso 2016-17), e 3,64 (curso 2017-18). (Fonte: 2502228_INF.09_2016-17 a 2018-19). A valoración dos fondos bibliográficos por parte do profesorado, en xeral positiva, xa se comentou no parágrafo anterior.

En canto aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos etc. No ámbito específico das Facultades, as **Unidades de Xestión dos Centros** atenden a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes. As valoracións da Unidade de Xestión Académica por parte do alumnado egresado nos últimos cursos son positivas e sempre superiores á media da USC (3,60 no curso 2015-16, 3,43 no curso 2016-17, 3,64 no curso 2017-18, e 4,36 no curso 2018-19, o último curso no que se contempla este ítem. Fonte: 2502228_INF.09_2015-16 a 2018-19). Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a atención prestada polo persoal de administración e servizos valorábase con 2,67 puntos no curso 2018-19, e experimentou unha suba en cursos posteriores, con 3,72 no curso 2019-20 e 3,37 no curso 2020-21 (Fonte: 2502228_INF.22_2018-19 a 2020-21).

Dende as Facultades continúanse a facer todos os esforzos posibles para que os recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente mellores niveis de suficiencia e adecuación, a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos.

SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE

Cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, as Facultades deben tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP-Lugo ten actualizado o seu Plan de Autoprotección, e na [web da Facultade](#), na lapela correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o Plan de Autoprotección, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os

planos de sinalización. Por outra banda, a FFP-Lugo pasa cada cinco anos unha revisión específica do Servizo de prevención de riscos laborais para a identificación de posibles fontes de risco, e toda a información relativa á avaliación de riscos pódese atopar así mesmo na web da Facultade. De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai campo de mellora na adecuación das instalacións.

Pola súa parte, os comentarios realizados para a FFP-Lugo poden aplicarse tamén na FCE-Santiago, onde nos últimos tempos se procedeu a unha renovación dos protocolos de actuación e se realizaron melloras para a seguridade e accesibilidade ao centro.

ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestións, tales como o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a Área de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e diríxeos a uns ou outros en función das necesidades.

Tanto na FFP-Lugo coma na FCE-Santiago na xornada de acollida o alumnado é informado debidamente da existencia destes servizos e da súa utilidade. Así mesmo, as persoas que exercen tarefas de coordinación están ao tanto da existencia deses servizos e informan e dirixen o alumnado aos mesmos no caso de consulta ou solicitude.

Polo que respecta ás Facultades, a orientación académica e profesional proporcionada ao alumnado do Grao e as accións de mellora relacionadas con ela detállanse a continuación. Cómpre sinalar que, tanto a FFP-Lugo como a FCE-Santiago contan con programas de acollida en primeiro curso para orientar o alumnado dos dous Graos sobre o funcionamento da institución, así como sesións orientativas sobre as mencións cualificadoras.

Na FCE-Santiago, no marco do Plan de Acción Titorial (PAT) xeral da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, iniciativa dirixida a realizar actuacións que favorezan a integración do alumnado na vida universitaria atendendo á dimensión académica, persoal e social, detalláronse as accións e fases a desenvolver no Grao de Mestre/a en Educación Infantil. Co deseño do PAT do Grao de Mestre/a en Educación Infantil, búscase proporcionar ao alumnado unha titorización personalizada que oriente o seu currículo formativo dende o ingreso no centro, verificando progresivamente o seu avance no curso da titulación e revisando os procedementos que poden implicar certa mellora educativa, ata o seu egreso cara a unha maior especialización académica ou inserción no mundo laboral. Neste senso, defínense accións de acollida e de orientación académica e profesional de acordo coas necesidades do alumnado, en función do curso no que se atope, con especial fincapé no acompañamento do estudiantado de 1º curso ao obxecto de favorecer o seu proceso de adaptación ao contexto universitario (información dispoñible na web da Facultade).

Na FFP-Lugo, tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na Facultade para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único Plan Integral de Formación, Orientación e Titorización do Estudiantado da FFP (Plan FORTE-FFP), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos de Educación Primaria e Educación Infantil a este respecto. Dese xeito, na Memoria de Calidade do Centro estableceuse unha acción de mellora no plan de melloras para o curso 2020-2021 na que se crea o devandito Plan.

O Plan FORTE-FFP responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do [Manual de Procesos](#) da FFP, que ten por

obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde aos catro obxectivos de actuación sinalados no [Manual de Procesos](#):

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Tralaballo Fin de Grao [TFG]/Tralaballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estes obxectivos de actuación concréntanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro liñas, arredor das cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

LIÑA 1: Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.


LIÑA 2: Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.

LIÑA 3: Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.

LIÑA 4: Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

A distribución das diferentes actividades e iniciativas por cursos pódese observar no seguinte gráfico:

Figura 1. Plan FORTE-FFP



Consonte a esta proposta de integración, certas accións de mellora desenvolvidas de xeito independente durante o curso 2019-2020 e en cursos anteriores, tales como as actividades formativas con profesionais externos ou a xornada de acollida, continuarán a desenvolverse en vindeiros cursos xa protocolizadas dentro do Plan. Todas as actividades realizadas no curso 2020-21 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no informe de execución do devandito plan, elaborado polas persoas que coordina os títulos cos datos achegados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade do Centro na reunión do 22 de decembro de 2021. Neste informe proporcionanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas etc. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro.

Desgagréganse a continuación as actividades incluídas en cada liña de actuación no curso 2020-21:

LIÑA 1: ACTIVIDADES

1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

Na FFP-Lugo, no curso 2020-2021, por mor das restricións na presencialidade orixinadas pola situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, as actividades previstas para a xornada de acollida foron axustadas nunha única sesión celebrada o 21 de setembro de 2020, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que axustaron os seus contidos e se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual na páxina de coordinación de primeiro curso. As presentacións incorporan

así mesmo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos, que acadaron valoracións positivas por parte do alumnado enquisado, tal e como se reflicte no informe de execución do Plan FORTE 2020-2021

A reformulación da xornada de acollida e a continuación da enquisa de satisfacción posta en marcha no curso anterior forman parte da acción de mellora AM-MI-11 do curso 2020-21, que se pecha exitosamente. O plan de acollida intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levado a cabo anualmente, polo que non se reabrirá como acción de mellora para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.

1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓN CAMPUS TERRA

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao/Simultaneidade destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación. As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da Facultade. Esta tarefa forma parte da acción de mellora **AM-MI-8 2020-2021**, e será levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirá como acción de mellora para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.

1.3. SESIÓN INFORMATIVA MENCIONS (SEGUNDO CURSO)

A coordinadora de segundo curso de primaria colgou nas páxinas de coordinación dos cursos no campus virtual información relativa ás mencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas. Ademais, dende a coordinación de curso curso organizouse unha sesión informativa a través da plataforma Teams na que un docente da Facultade solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. No caso da mención de Infantil, os docentes encargados da mesma proporcionaron información ao alumnado nas súas propias sesións.

1.4. SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM (SEGUNDO CURSO): PRE-PRÁCTICUM

Esta sesión informativa ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria e Infantil, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades etc.). No curso 2020-2021, debido ás restricións sanitarias da presencialidade derivadas da pandemia, a sesión tivo lugar mediante a plataforma Teams.

1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)

Dende as coordinacións de título infórmase por medio do foro de novas do campus virtual ao alumnado da convocatoria do programa de tutores da USC, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar o alumnado de primeiro.

Este programa é unha ferramenta útil para orientar o alumnado que inicia os estudos e que se difunde entre o alumnado e o corpo docente. Porén, o número de horas de formación e dedicación do alumnado titor (que adica un curso á formación e outro á orientación), a multiplicidade de tarefas asociadas, e a rixidez dos horarios de formación, ás veces incompatibles coa asistencia ás clases na facultade, dificultan a participación do alumnado neste programa. Esta problemática foi analizada pola Comisión de Calidade do Centro, e na Memoria de Calidade do curso 2019-2020 acordouse abrir unha acción de mellora a nivel de centro consistente en contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas etc.) e achegando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor. A acción levouse a cabo pero non se recibiu resposta á comunicación enviada. A iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, pero, unha vez notificados os responsables da problemática detectada, farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

As persoas que exercen as tarefas de coordinación de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do campus virtual, así como dos servizos que ofrece a Área de Orientación Laboral

2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)

O alumnado de cuarto foi informado da posta en marcha, por parte do persoal da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, previa xestión do Decanato da Facultade, dunha sesión informativa virtual mediante Teams sobre orientación laboral, na que se proporcionou orientación sobre os primeiros pasos a dar antes de comezar a buscar traballo, as alternativas profesionais e a elaboración do Curriculum Vitae.

2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (CUARTO CURSO)

En resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do Dobre Grao/Simultaneidade no segundo semestre do curso 20-21, fixéronse as xestións oportunas para organizar unha sesión informativa sobre as oposicións, que se decidiu estender ao alumnado de cuarto curso dos graos de Primaria e Infantil. oposicións para Mestres/as de Infantil y de Primaria, impartidas por mestres en activo das dúas titulacións que aprobaron as oposicións recentemente. Por mor das restricións sanitarias, as sesións celebráronse virtualmente pola plataforma Teams.

LIÑA 3: ACTIVIDADES

3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)

A descrición completa das actividades desenvolvidas a este respecto nos dous Graos en todos os cursos e a valoración da súa eficacia poden atoparse no informe de execución do Plan FORTE. Como se pode observar no Plan de Melloras 2020-2021, estaba pendente de peche a acción de mellora AM-MI-8 “Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado”, unha de cuxas tarefas era a organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado. Co desenvolvemento destas actividades considérase executada a tarefa, e a acción de mellora intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE para ser levada a cabo anualmente, polo que non se reabrirá como acción de mellora para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.

LIÑA 4: ACTIVIDADES

4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da FFP organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. No curso 2020-21, a información sobre a posta en marcha dos cursos publicouse por medio do campus virtual, con mensaxes e un video explicativo elaborado dende a Biblioteca. Os datos de participación e aproveitamento pódense consultar no informe de execución do Plan. Co fin de aumentar a participación do alumnado en cuarto curso, Decanato e coordinacións de título colaboraron para facer as oportunas xestións e organizar unha segunda edición do curso avanzado en terceiro curso, barallando a posibilidade de manter o curso nese ano se se observaba unha resposta positiva. Porén, a

resposta foi moi baixa, polo que se propón que o curso avanzado permaneza en cuarto.

4.2 PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

Como acción de mellora executada no curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferentes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, contando no curso 20-21 con 20 materias de formación básica, obrigatorias e optativas adscritas impartidas no Grao de Infantil (3 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego) e outras tantas en Primaria (2 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego).

4.3. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO)

As coordinacións dos títulos publicitan ao alumnado de todos os cursos a formación ofrecida polo Servizo de Normalización Lingüística, sinalándose o interese dos cursos que organiza particularmente para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos (Traballos Fin de Grao).

4.4. CURSOS DE FORMACIÓN: CLM

As coordinacións dos títulos informan así mesmo a través do foro de novas do campus virtual das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade.

Táboa 37. Evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	19,28	15,87	13,56	7,46	6,67	18,75	0,00
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	12,05	2,74	2,63	9,26	1,82	0,00	8,16
Total (%)	15,66	8,82	7,41	8,26	4,35	7,14	4,35

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

En canto á taxa de abandono RD 1393/2007, isto é, a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior, as cifras mantéñense desde o curso 2014-15 con poucas variacións, de media arredor do 15%, a excepción do curso 2020-21, onde descende ata o 5,22%.

Táboa 38. Evolución da taxa de abandono RD 1393/2007 na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre	16,30	26,44	21,69	17,46	16,95	19,40	10,00

ou Mestra de Educación Infantil (FFP)							
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	18,39	2,35	15,66	5,48	10,53	12,96	0,00
Total (%)	17,32	14,53	18,67	11,03	13,33	16,53	5,22

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

As taxas dispoñibles de rendemento, éxito e avaliación do Curso Ponte foron xa foron comentadas no apartado 1.2., onde se proporcionan detalles sobre o curso de adaptación, sendo a evolución de todas elas aceptable.

Polo que se refire ao Dobre Grao/Simultaneidade, tamén atopamos indicadores de resultados moi satisfactorios nas taxas de rendemento, éxito e avaliación nos cursos dispoñibles (a partir do 2018-19), con valores superiores ao 97%.

Táboa 39. Evolución da taxa de rendemento no Dobre Grao/Simultaneidade na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2018-19	2019-20	2020-21
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP)	98,03	98,33	98,10
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE)	99,75	100,00	97,05
Total (%)	98,78	99,07	97,59

Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Táboa 40. Evolución da taxa de éxito no Dobre Grao/Simultaneidade na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2018-19	2019-20	2020-21
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP)	98,03	98,33	99,89
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE)	99,75	100,00	99,31
Total (%)	98,78	99,07	99,61

Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Táboa 41. Evolución da taxa de avaliación no Dobre Grao/Simultaneidade na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2018-19	2019-20	2020-21
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP)	98,43	98,89	98,21
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE)	99,75	100,00	97,72
Total (%)	99,00	99,38	97,97

Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Polo que atinxe á taxa de abandono no primeiro curso no Dobre Grao/Simultaneidade, esta foi de 9,09% de media no curso 2018-19 e 4,55% 2019-20 e 20,59% no 2020-21 (11,76% na FFP-Lugo e 29,41% na FCE-Santiago). Fonte:7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21.

En síntese, obsérvase en liñas xerais unha evolución satisfactoria dos indicadores de demanda e de resultados da titulación.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ampliaremos neste apartado a reflexión sobre os índices de satisfacción amosados por estudantes, profesorado, persoal de apoio e egresados, nalgúns casos xa apuntados con anterioridade. Os comentarios refírense aos datos dispoñibles, xa que dalgúns indicadores non foi posible obter datos pola situación de crise sanitaria derivada da Covid-19. Os datos globais das enquisas, así como os datos específicos de satisfacción con ítems concretos, son tidos en conta á hora de deseñar os plans de melloras anuais nos Informes de Seguimento dos títulos.

Con respecto á **satisfacción do alumnado coa docencia recibida**, e como se pode apreciar na seguinte táboa, esta mantense en valores elevados desde o curso 2014-15, cunha media sostida nos dous campus de ao redor de 4 puntos sobre 5.

Táboa 42. Evolución da satisfacción do alumnado coa docencia recibida na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	4,31	4,13	4,09	4,07	4,13	4,12	4,00
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	3,94	4,03	3,88	3,85	3,96	3,88	3,95
Total	4,12	4,08	3,99	3,96	4,05	4,00	3,99

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21 e 2502228_INF.13_2016-17 a 2020-21

No curso 2014-15 a media foi de 4,12 (4,31 na FFP-Lugo e 4,34 na FCE-Santiago). Dentro desa valoración positiva, superior á media da USC, os aspectos mellor cualificados foron os referidos á explicación do programa e criterios de avaliación, o cumprimento do plan de traballo previsto, a proposta de actividades para favorecer o traballo autónomo, a resolución de dúbidas, a comunicación cos estudantes e a axuda recibida en titorías. O aspecto que merecía unha valoración inferior referíase á coordinación entre o profesorado que compartía docencia. Como xa se mencionou no apartado 1.3., malia a ser un dos ítems que adoita recibir unha valoración máis baixa, a coordinación entre docentes que imparten a mesma materia acadou de feito nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida entre os cursos 2014-15 e 2017-18 puntuacións superiores a 3,5 puntos sobre 5: 3,66 (2014-15), 3,77 (15-16), 3,70 (16-17), e 3,56 (17-18), e a partir do curso 2018-19 a enquisa deixou de incluír esta cuestión. En calquera caso, como xa se explicou tamén no apartado 1.3, na FFP-Lugo nos cursos 2019-20 e 2020-21 leváronse a cabo accións de mellora específicas para atender a este aspecto. Con respecto ás porcentaxes de participación na enquisa no curso 2014-15, estas foron do 41,19% na FFP-Lugo e do 33,01% na FCE-Santiago, valores mellorables pero superiores á media de participación na USC nese curso (31,67%).

Cómpre comentar máis polo miúdo os resultados acadados nos cursos 2019-2020 e 2020-21, nos que as circunstancias sobrevidas derivadas da pandemia afectaron á impartición da docencia, tanto durante o período de confinamento do curso

2019-20 como no curso seguinte (2020-21), no que as restricións sanitarias obrigaron á impartición de docencia simultánea presencial e virtual.

No curso 2019-20, no que a docencia se viu interrompida no segundo semestre pola situación de emerxencia sanitaria, no primeiro semestre a participación global na enquisa foi do 41% (34,06% en Santiago e 48,84% en Lugo), e os valores xerais mantéñense similares aos do curso anterior: a media global é de 4,14 sobre 5 (4,33 na FFP-Lugo e 3,78 na FCE-Santiago). O ítem menos valorado nas dúas facultades foi o de que o profesor fai que a asistencia á clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (aínda que ascende lixeiramente de 3,89 a 3,94), e os máis valorados foron o cumprimento do programa (4,35), a resolución de dúbidas (4,33), a axuda recibida en titorías (4,33) e a actitude receptiva do profesorado (4,30).

Polo que concirne á satisfacción do alumnado coa docencia recibida no segundo semestre (no que nos atopabamos nunha situación de confinamento derivado da crise sanitaria da Covid-19), tanto a participación global na enquisa como os valores xerais experimentan descensos, aínda que se manteñen en cifras positivas. Así, a porcentaxe de participación foi dun 37% (mantense nun 35,66% en Santiago pero descende dez puntos, ata o 38,32%, en Lugo). A media global foi de 3,96 sobre 5 (3,91 na FFP-Lugo e 3,99 na FCE-Santiago). Entre os ítems menos valorados nas dúas facultades estaban a mellora do nivel de partida (3,81) e os materiais subministrados para axudar á preparación da materia (3,94), posiblemente froito da situación excepcional e sobrevida, que dificultou un progreso adecuado, e a falta de tempo para crear materiais máis axeitados para a docencia non presencial. Destacan con valoracións altas a resolución de dúbidas (4,20) e o desenvolvemento dos contidos de acordo coas previsións iniciais (4,17).

Pola súa banda, no curso 2020-21 a valoración global do alumnado coa docencia recibida mantense na liña de cursos anteriores malia as circunstancias excepcionais, sendo de 3,95 sobre 5 na FCE-Santiago e de 4,00 na FFP-Lugo. De xeito global, os ítems que o alumnado enquisado valorou máis positivamente foron a resolución de dúbidas na clase, titorías, aula virtual ou correo electrónico (4,20), o desenvolvemento dos contidos das materias de acordo co cronograma previsto (4,16) e a comunicación co docente (4,13), e entre os ítems con valoración máis baixa está a mellora do nivel de partida (con todo, este aumenta do 3,81 do último semestre do curso anterior ao 3,88).

Con respecto ás porcentaxes de participación na enquisa, no curso 2014-15 foi do 41,19% na FFP-Lugo e do 33,01% na FCE-Santiago, en conxunto 36,69%, valores susceptibles de mellora pero en todo caso superiores á media de participación na USC nese curso (31,67%). A evolución da participación na enquisa pódese comprobar na táboa que segue. A media de participación desde o curso 2014-15 mantense ao redor do 40%, apreciándose ascensos significativos nos cursos nos que a docencia puido desenvolverse en condicións de presencialidade ao 100%:

Táboa 43. Evolución das porcentaxes de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	41,19%	43,28%	42,23%	50,3%	41,13%	1S: 48,84% 2S: 38,32%	43,04%
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	33,01%	34,03%	37,74%	37,46%	39,13%	1S: 34,06% 2S: 35,66%	29,54%
Total (%)	36,69%	38,35%	39,89%	44,0%	43,0%	1S: 41,45% 2S: 36,99%	36%

Fonte: 2502228_INF.13_2015-16 a 2020-21

En canto ao alumnado do Dobre Grao/Simultaneidade, como xa se mencionou no apartado 3.3. as taxas de participación nesta enquisa nos últimos cursos son moi positivas: así, no curso 2018-19 foron do 72,41% na FCE-Santiago e 66,67% na FFP-Lugo, de media 70%, mentras que no curso 2019-20 baixaron lixeiramente (50% na FCE-Santiago, e 44,44% na FFP-Lugo, de media 47%). No curso 2020-2021 continúa a participar máis da metade do alumnado do Dobre Grao/Simultaneidade: 57,38% na FCE-Santiago e 69,01% na FFP-Lugo, de media 63%). Fonte: 7000696_INF.13_2018-19 a 2020-21. As puntuación outorgadas na enquisa experimentan un ascenso desde os últimos datos dispoñibles, e mantéñense na liña das do alumnado do Grao, como se observa na táboa seguinte:

Táboa 44. Evolución da satisfacción do alumnado do Dobre Grao/Simultaneidade coa docencia recibida na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2018-19	2019-20	2020-21
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP]	4,26	4,28	4,38
Dobre Grao/Simultaneidade en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE]	3,43	3,64	3,81
Total	3,89	3,99	4,14

Fonte: 7000696_Informe de Indicadores 2020-21

No curso 2020-21, os ítems que o alumnado do Dobre Grao/Simultaneidade valorou máis positivamente foron a resolución de dúbidas (4,33), o desenvolvemento dos contidos de acordo do cronograma previsto (4,24) e a satisfacción co profesorado das materias (4,13). Entre os ítems con valoración máis baixa atópase a adecuación da carga de traballo aos créditos das materias, aínda que a puntuación outorgada mantense en valores satisfactorios (3,96). Fonte: 7000696_INF.13_2020-21.

Polo que respecta á **satisfacción do alumnado coas prácticas externas** (Prácticum), no curso 2014-15 o alumnado valoraba o Prácticum con 4,20 puntos sobre 5 (4,33 na FFP-Lugo y 4,15 na FCE-Santiago, destacando especialmente a súa utilidade na formación inicial, as actividades desenvolvidas e a atención titorial recibida, malia que criticaba a escasa duración dos períodos de prácticas. Como se pode observar na táboa inferior, os datos dispoñibles revelan que dende o curso 2014-15 ata o 2020-21 a tendencia respecto ao nivel de satisfacción por parte do alumnado coas prácticas externas é ascendente.

En concreto, no curso 2018-19 a valoración global foi de 4,27 sobre 5 (media da USC: 4,08). O ítem no que se valora a satisfacción coas prácticas acadaba unha media da titulación de 4,21 sobre 5 (4,67 na FFP-Lugo e 3,75 na FCE-Santiago). O ítem menos valorado continúa sendo a escasa duración das prácticas (3,32). Os ítems máis valorados son a atención dispensada polas persoas que titorizan nos centros e o resto do persoal (4,62) e o contacto que supoñen as prácticas co mercado laboral (4,42). Fonte: 2502228_INF.06_2018-19.

No curso 2019-20 non se puideron obter datos por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19. No curso 2020-21, obsérvase un nivel de satisfacción moi elevado do alumnado coas prácticas externas, acadándose unha puntuación media nos dous centros de 4,53 (sobre 5 puntos).

Táboa 45. Evolución da satisfacción do alumnado coas prácticas externas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	4,33	-	4,41	4,21	4,38	-	4,67
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	4,15	-	4,39	4,34	3,83	-	4,38
Total	4,20	4,13	4,40	4,28	4,27	-	4,53

Fonte: 2502228_INF.13_2015-16 a 2020-21

Como se pode observar na seguinte táboa, unha análise máis detallada dos datos obtidos no curso 2020-21 revela que os ítems peor valorados polos estudantes a nivel Intercentros (en consonancia con cursos precedentes) son “A duración das prácticas foi axeitada” (media de 3.57) e “A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/maña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada” (media de 3.82).

No que respecta aos ítems que obtiveron maiores puntuacións medias foron “As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/ institución foron axeitados” (media de 4,71) e “A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada (media de 4,69). Como xa se comentou en liñas precedentes, ambos ítems tamén son os mellor valorados en cursos anteriores polo alumnado.

Táboa 46. Puntuacións derivadas da enquisa sobre o nivel de satisfacción do alumnado coas prácticas externas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

Pregunta	Media Santiago	Media Lugo	Media Titulación
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	3.75	4.33	4.04
A duración das prácticas foi axeitada	4.13	3.00	3.57
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/ institución foron axeitados	4.75	4.67	4.71
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	4.38	5.00	4.69
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	4.63	4.67	4.65
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	4.50	4.33	4.42
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	4.63	4.67	4.65
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	3.63	4.00	3.82
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	4.38	4.67	4.53
TOTAL	4,31	4,37	4,34

Fonte: 2502228_INF.06_PLN.TCNT.PRCTCUM.GRAO.RD1393_20072020_2021

Así mesmo, como xa se mencionou no apartado 3.1, na FFP-Lugo adminístrase unha enquisa específica sobre o desenvolvemento do Prácticum na que o alumnado valora os labores desenvolvidos pola coordinación do prácticum, o profesorado supervisor da Facultade, o profesorado titor dos centros e a súa propia actuación no período de prácticas, manifestándose, en conxunto, unha satisfacción positiva por parte do alumnado.

Polo que respecta ao alumnado que xa rematou estudos, os informes das enquisas de **satisfacción do alumnado egresado** amosan datos en xeral positivos, aínda que a participación adoita ser baixa, como se desprende da táboa que segue:

Táboa 47. Porcentaxe de participación do alumnado egresado nas enquisas de satisfacción (Intercampus)

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Cuestionarios cubertos (FFP-Lugo e FCE-Santiago)	14	20	14	14	11	14	27
Porcentaxe de participación	10,45%	11,90%	9,66%	7,57%	7,05%	9,46%	7,28%

Fonte: 2502228_INF.09_2015-16 a 2020-21

O grao de **satisfacción xeral dos egresados coa titulación** mantense en valores positivos, e en conxunto foi en aumento desde o curso 2014-15: no curso 2019-20 foi de 3,57 de media nos dous centros (3,67 en Santiago e 3,50 en Lugo), subindo lixeiramente desde o 3,40 do curso anterior e superando a media da USC de 3,43. No curso 2020-21 mantívose nos dous centros en 3,39.

Táboa 48. Evolución do grao de satisfacción dos egresados coa titulación na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	3,65	3,50	3,66	3,14	3,72	3,50	3,39
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	2,90	3,40	3,13	3,35	3,08	3,67	3,39
Total	3,22	3,43	3,39	3,26	3,40	3,57	3,39

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2018-19 a 2020-21

Con respecto ao nivel de **satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible**, a evolución dos datos desagregase no apartado 2.1, onde se analiza a información dispoñible sobre o título. A valoración media do 2014-15 era de 3,31, e os últimos datos corresponden ao curso 2018-2019, sendo de 3,49 sobre 5 para ambas facultades (Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2020-21).

Táboa 49. Evolución do grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)	3,31	3,47	2,90	3,63	-	-
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)	3,10	3,52	3,50	3,31	-	-
Total	3,16	3,49	3,24	3,49	-	-

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2020-21

No que concirne á **satisfacción dos egresados cos servizos**, os últimos datos dispoñibles son do curso 2018-19: a media foi de 3,36, baixando unhas décimas en comparación cos cursos anteriores. A partir do curso 2019-20 a enquisa dos egresados non contempla este ítem.

Táboa 50. Evolución da satisfacción dos egresados cos servizos na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	4,50	3,83	3,62	3,78	4,06	-	-
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	3,00	3,36	3,35	3,17	2,95	-	-
Total	3,64	3,50	3,48	3,43	3,36	-	-

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2020-21

Do mesmo xeito, o **grao de satisfacción dos egresados coas prácticas externas** manifesta unha evolución xeral positiva desde o curso 2015-16 (4,65 puntos sobre 5 de media nos dous campus), sendo de 4,46 no curso 2016-17, 4,71 no curso 2017-18, e 5 puntos no curso 2018-19, o último curso no que se contempla este ítem na enquisa de satisfacción deste grupo coa titulación (Fonte: 2502228_INF.09_2016-17 a 2020-21).

Na enquisa de **satisfacción do alumnado coa titulación**, a valoración global continúa en valores positivos de acordo cos datos dispoñibles, sendo de 3,26 sobre 5 de media nos dous centros no curso 2019-20 e 3,06 no curso 2020-21 (Fonte:

2502228_INF_22_2019-20 e 2020-21). Porén, a porcentaxe de participación mantense en niveis baixos.

Táboa 51. Evolución da porcentaxe de participación e valoración da satisfacción do alumnado coa titulación (Intercampus)

	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Taxa de participación (FFP-Lugo e FCE-Santiago)	6,33%	10,53%	3,63%	8,42%	6,87%
Valoración global	Non dispoñible	Non dispoñible	3,00	3,26	3,06

Fonte: 2502228_Informe de Indicadores 2020-21

A partir do curso 2019-20 produciuse un cambio no deseño da enquisa. O ítem concreto sobre a satisfacción coa titulación acadou 3,56 puntos no curso 2019-20 e 3,07 no curso 2020-21, e por outra banda existe tamén unha valoración global, que é a que se proporciona na táboa.

O ítem peor valorado no curso 2020-21 foi a distribución da carga de traballo (2,52) e o mellor valorado foi a utilidade do campus virtual (3,81), o cal se relaciona directamente coas condicións nas que se desenvolveu a docencia por mor da situación de crise sanitaria. Como xa se mencionou anteriormente, con respecto á carga de traballo na FFP-Lugo abríase unha acción de mellora para o curso 2021-2022 co fin de rexistrar e visibilizar as principais tarefas encargadas ao alumnado nos distintos cursos e semestres.

Polo que concirne á enquisa de **satisfacción do profesorado coa docencia impartida**, e como se pode observar na táboa seguinte (Fonte: 2502228_INF.14_2015-16 a 2020-21 e 2502228_Informe de Indicadores 2020-21), a satisfacción do PDI coa docencia móvese en valores positivos e ascendentes, particularmente desde o curso 2018-2019, a partir do cal se superan os 4 puntos sobre 5, un dato especialmente importante tendo en conta as complicadas condicións nas que se desenvolveu a docencia nos dous últimos cursos.

Táboa 52. Evolución da satisfacción do profesorado coa docencia impartida na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	3,78	3,86	3,77	3,85	4,19	4,19	4,14
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	3,83	3,94	3,85	3,84	4,22	4,05	4,12
Total	3,80	3,91	3,81	3,85	4,20	4,12	4,13

Fonte: 2502228_INF.14_2015-16 a 2020-21 e 2502228_Informe de Indicadores 2020-21

No curso 2014-15 os docentes expresaban valoracións positivas para case todos os aspectos incluídos no cuestionario, centrando as súas queixas no nivel co que chegaba o alumnado en relación coas esixencias dos contidos das materias, na coordinación entre as distintas materias do título, e na dispoñibilidade de materiais, servizos e recursos de apoio á docencia existentes na universidade e no propio centro.

Pola súa banda, os ítems máis valorados en conxunto nos dous centros nos cursos 2019-20 e 2020-21 foron a información proporcionada sobre criterios de avaliación (4,70 no curso 2019-20 e 4,67 no curso 2020-21), a accesibilidade do profesorado (4,84 no curso 2019-20 e 4,81 no curso 2020-21) e o trato correcto ao alumnado (4,87 nos dous últimos cursos), e os peor valorados foron, no curso 2019-20, a experiencia previa no uso de tecnoloxías para a docencia e a avaliación en remoto (3,34) que subiu no curso 2020-21 ata o 3,63 e experimentou subidas nos dous campus, e no curso 2020-21 a coordinación de materias e niveis do título (aínda que ascende lixeiramente desde o curso 2018-19, pasando de 3,43 a 3,55 e a 3,56 no curso 2020-21). Cómpre sinalar, non obstante, con respecto á coordinación, que a valoración na FFP-Lugo para o curso 2019-20 foi de 4,18, mentres que na FCE-Santiago foi de 2,91, e no curso 2020-21 a valoración na FCE-Santiago subiu a 3,30 e na FFP-Lugo foi de 3,83, sendo neste centro superior á doutros ítems como a satisfacción co nivel de entrada do alumnado (3,57), o desenvolvemento da docencia non presencial (3,67) ou a titorización de Traballo Fin de Grao /Traballo Fin de Máster (3,62).

En calquera caso, na FFP-Lugo estanse a desenvolver accións de mellora relativas á coordinación por medio da implementación do Documento Marco de Funcións das coordinacións, ás que xa se fixo alusión en anteriores apartados.

Con respecto ás valoracións sobre a satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial (3,70 de media no curso 2019-20) e a avaliación non presencial (3,71 de media no curso 2019-20), postas en marcha por mor da crise sanitaria derivada da Covid-19, cómpre considerar a escasa marxe temporal existente para a adaptación a unha contorna completamente virtual, con todas as dificultades que isto leva consigo, polo que se estiman como positivas as puntuacións medias acadadas. No curso 2020-21, a puntuación sobre a avaliación non presencial mantívose en valores semellantes (3,74), mais produciuse un descenso no ítem referido á docencia non presencial (3,57), atribuíble ás condicións nas que se tivo que desenvolver a docencia nese curso, xa que as restricións sanitarias obrigaron a simultanear a docencia presencial coa virtual, sen poder aplicar metodoloxías nin 100% presenciais nin 100% virtuais, sendo preciso impartir docencia a alumnado que estaba presencialmente na aula ao mesmo tempo que a alumnado que estaba conectado virtualmente.

A porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida foi no curso 2014-15 do 44,60%, e a media de participación entre os cursos 2015-16 e 2020-21 foi do 45%, observándose por tanto un lixeiro ascenso en cursos posteriores. No curso 2020-21 acadouse un 48,22% de participación (ver táboa seguinte), experimentando un considerable ascenso con respecto ao curso anterior, onde fora do 42,59%:

Táboa 53. Evolución das porcentaxes de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	53,06%	60,42%	40,48%	51,92%	48%	42,31%	50,98%
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	36,14%	46,67%	38,18%	45,9%	35,94%	42,86%	45,45%
Total	44,60%	53,55%	39,33%	48,91%	41,97%	42,59%	48,22%

Fonte: 2502228_INF.14_2015-16 a 2020-21

Satisfacción do profesorado coa titulación:

Desagreganse a continuación os datos máis relevantes dos cursos 2019-20 e 2020-21, ámbolos dous marcados pola situación de pandemia (Fonte: 2502228_INF.23_2019-20 e 2020-21). No curso 2019-20 a satisfacción xeral mantense en valores positivos (aínda que descende do 4,04 do curso 2018-2019 ao 3,92 sobre 5). Os aspectos máis positivos sinalados nos dous centros seguen a ser o apoio prestado polo persoal de administración e servizos (4,65), a asistencia do alumnado ás clases (4,36) e o calendario de avaliación (4,20). O campus virtual como ferramenta para facilitar o labor docente acadada tamén este curso valoracións altas (4,31), posiblemente polo aumento do seu emprego nas circunstancias de emerxencia sanitaria provocadas pola Covid-19. O aspecto máis negativo (3,09) continúa a ser o estado e adecuación das aulas e o seu equipamento.

No curso 2020-21 a satisfacción global sitúase en 3,88 sobre 5. Os aspectos mellor valorados continúan a ser a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,63) e a utilidade do campus virtual (4,58), ámbolos dous importantes no desenvolvemento satisfactorio da docencia nese curso. Os aspectos máis negativos son novamente o estado e adecuación das aulas e o seu equipamento (aínda que o valor sobe de 3,09 a 3,48) e os horarios (3,33), estes últimos determinados polas limitacións de espazos xa comentadas noutros apartados do informe, así como polas circunstancias da pandemia, que obrigaron a establecer un complexo sistema de turnos rotatorios de sesións presenciais.

Na táboa seguinte pódese observar a evolución do grao de satisfacción do profesorado coa titulación nos cursos para os que está dispoñible o dato global de satisfacción, así como as porcentaxes de participación na enquisa (Fonte: 2502228_INF.23_2018-19 a 2020-21). Como se pode apreciar, a porcentaxe de participación, malia que discreta, experimenta un aumento desde o curso 2018-19 ata o 2020-21. No curso 2016-17 esta enquisa acadara unicamente o 19,39% de participación.

Táboa 54. Evolución da satisfacción do profesorado coa titulación e porcentaxes de participación na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2018-19	2019-20	2020-21
Satisfacción coa titulación (FFP)	4,17 (30%)	--	--
Satisfacción coa titulación (FCE)	3,92 25%	--	--
Media de satisfacción e media de participación	4,04 27,08%	3,92 30,43%	3,88 35,09%

Fonte: 2502228_INF.23_2018-19 a 2020-21

Polo que respecta á **satisfacción do profesorado coas accións formativas**, os datos dispoñibles desagreganse no apartado 4.1, dedicado ao persoal académico. En conxunto, os indicadores amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas polo PDI, que se mantén desde o curso 2014-15 en valores superiores a 4 puntos sobre 5 e cunha boa taxa media de resposta, na contorna do 50%. O dato máis recente, do curso 2020-21, amosa que o índice xeral de satisfacción foi de media nos dous centros de 4,49 sobre 5 e a taxa de resposta do 43,31%.

Tamén son positivos os datos das enquisas realizadas ao **profesorado que actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum**, onde se observa un aumento progresivo da satisfacción xeral deste grupo co programa de prácticas externas desde o curso 2014-15. Na última dispoñible (correspondente ao curso 2018-2019), os aspectos máis valorados son o contacto que supón o Prácticum co mundo laboral (4,50) e a atención dispensada aos titorandos (4,50) (Fonte: 2502228_INF.08_2018-19).

Táboa 55. Evolución da satisfacción dos/as titores/as académicos/as coas prácticas externas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	3,85	-	4,15	4,15	4,18	-	-
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	3,80	-	3,67	3,91	-	-	-
Total	3,84	4,02	3,91	4,18	4,18	-	-

Fonte: 2502228_INF.08_2018-19 a 2020-21

Polo xeral, **os/as titores/as externos/as do Prácticum** amósanse así mesmo satisfeitos/as co desenvolvemento das prácticas realizadas polo estudiantado do título, con puntuacións superiores a 4 puntos sobre 5. Os últimos datos dispoñibles (correspondentes ao curso 2018-2019) amosan unha valoración xeral de 4,39 sobre 5 na FCE-Santiago e 4,67 na FFP-Lugo, valores arredor da media dese curso da USC (4,40). Valórase moi positivamente o grao de integración do alumnado no medio de traballo e o seu cumprimento das actividades asignadas (Fonte: 2502228_INF.07_2018-19).

Táboa 56. Evolución da satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas na FFP-Lugo e na FCE-Santiago

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FFP)	-	-	4,31	4,31	4,36	-	4,00
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (FCE)	4,21	-	4,09	4,30	4,14	-	-
Total	-	-	4,13	4,31	4,14	-	-

Fonte: 2502228_INF.08_2018-19 a 2020-21

Finalmente, polo que respecta ao **grao de satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo que desenvolven e coas accións formativas**, a información referida a este aspecto (valoracións e porcentaxes de participación) atópase no apartado 4.2. dedicado ao persoal de apoio. Os datos desagregados nesa sección son en xeral positivos, tanto polo

que concirne á satisfacción do PAS co labor desenvolvido como no que se refire á súa satisfacción coas actividades de formación.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os últimos datos dispoñibles sobre este apartado corresponden á cohorte de egresados 2013-2014, é dicir, a primeira promoción de graduados e graduadas (ver Figura 2), e amosan un ascenso na taxa de afiliación á Seguridade Social desde o primeiro ano despois de egresar (marzo de 2015) ata o cuarto ano (marzo de 2018), aumentando así mesmo as porcentaxes do grupo de cotización de titulados.

Os valores pasan polo tanto dunha taxa de afiliación do 25% no primeiro ano ao 47,2% do segundo, o 57,6% do terceiro, e o 66% do cuarto. A porcentaxe de autónomos diminúe a medida que avanza os anos, e a porcentaxe de indefinidos aumenta nos dous últimos anos, pasando do 28,3% ao 32,8%. O dato que indica que o perfil formativo do título se adecúa para a súa implementación profesional é o grupo de cotización: a ese respecto, os egresados que pertencen ao universitario experimentan un ascenso continuado do primeiro ao cuarto ano despois de egresar, pasando do 32,4% no primeiro ano ao 43,9% no segundo, 50,6% no terceiro e 52,1% no cuarto.

Figura 2. Resultados de inserción laboral (cohorte 2013-2014)

Nombre título		Graduado o Graduada en Maestro de Educación Infantil por la Universidad de Santiago de Compostela							
Cohorte de egresados: 2013-2014									
Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)				2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)				
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	
	25,0%	5,6%	20,6%	32,4%	47,2%	4,4%	15,5%	43,9%	
Egresados curso 2013/2014	3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017)				4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018)				
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	
	57,6%	3,6%	28,3%	50,6%	66,0%	3,2%	32,8%	52,1%	

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

Fonte: 2502228_EIL-SIIU_2020-2021

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Planificación das ensinanzas: sistema de avaliación	Cambios no sistema de avaliación dos TFG: os estudantes poden elixir entre defender publicamente o seu TFG ante o/a titor/a ou ante un tribunal (Regulamento para a elaboración e defensa do TFG da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil na FFP e Regulamento do TFG da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil na FCE, aprobados polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro do 2017).

Accións de mellora Abertas. Curso 2021-2022

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo
Análise causa	O Documento Marco de Funcións das Coordinacións establece que os coordinadores de curso recollerán e difundirán entre o profesorado información sobre a carga de traballos do alumnado. A ese respecto, cómpre poñer en marcha mecanismos para a recollida sistemática deses datos que permitan visionar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.
Definición/ descripción proposta	Creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Tarefa1	AM-MI-1.1
Descrición tarefa	Os coordinadores de curso poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual unhas táboas-calendario elaboradas polas coordinacións de título, onde os docentes poderán sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado e facer os axustes de prazos de considere oportunos.

	Responsables: Coordinadores/as de curso.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
Análise causa	Necesidade de poñer en marcha mecanismos para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas.
Definición/ descripción proposta	Reformulación do proceso de revisión de programas e creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Tarefa1	AM-MI-2.1
Descrición tarefa	<p>Reformulación do proceso de revisión de programas.</p> <p>Deseñase unha plantilla de revisión que se facilitará ao profesorado. O coordinador de curso empregará eses datos para elaborar o informe xeral de revisión dos programas do curso, no que supervisará o cumprimento daqueles aspectos que sexan da súa competencia, remitindo o informe ao coordinador de título.</p> <p>Os desaxustes e incidencias detectadas serán trasladados aos departamentos correspondentes antes da aprobación dos programas en Xunta de Facultade.</p> <p>Responsable: Pablo César Muñoz Carril (FFP-Lugo).</p>
Data prevista de finalización	29/07/2022

Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-2.2
Descrición tarefa	<p>Creación dun Rexistro de necesidades de axustes das fichas da Memoria Verificada do Título con respecto aos programas das materias, para o seu seguimento pola Comisión de Título e posta en común en Comisión Intercentros, a fin de consensuar os axustes necesarios nas fichas, e abordalos cando se proceda a unha modificación substancial da MVT. Os datos serán facilitados polos docentes responsables das materias, e recompilados polos coordinadores de curso para o rexistro e seguimento por parte da Comisión de Título.</p> <p>Responsables: Coordinadores de curso.</p>
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
Análise causa	Cómpre proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación, co fin de que este profesorado teña información para entender o funcionamento da materia na FFP e poida desenvolver as tarefas de supervisión de xeito eficaz.
Definición/ descrición proposta	A coordinadora xeral do Prácticum desenvolve actualmente tarefas de orientación ao profesorado supervisor do Prácticum, pois é unha das funcións da coordinación recollidas na normativa e os protocolos. Dese xeito, no curso 2020-2021 a coordinadora mantivo sesións conxuntas ou individuais cos novos supervisores, explicándolles as súas funcións, tarefas, etc. e solucionando calquera dúbida que xurdise. Porén, propónse realizar unha actividade de orientación de xeito máis sistemático, organizando unha xornada formativa para supervisores.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Tarefa1	AM-MI-3.1
Descrición tarefa	Acción formativa para novos supervisores do Prácticum, coa seguinte estrutura básica: <ul style="list-style-type: none"> - Referentes documentais e normativos do Prácticum na FFP - Funcións e obrigas a desempeñar - Organización do Prácticum I ou II, segundo sexa o caso

	<p>a) Calendario</p> <p>b) Explicación das fases de supervisión</p> <p>c) Documentación e procedementos en cada fase: figuras implicadas, funcións, etc.</p> <p>Esta acción formativa levarase a cabo, con carácter permanente, como actuación dende a Coordinación xeral do Prácticum (tal e como se recollen nas súas funcións), en setembro/outubro para o Prácticum I e en xaneiro para o Prácticum II. Por parte da Coordinación Xeral de Prácticum, escollerase un día do calendario para a celebración de dúas sesións (co mesmo contido): unha en horario de mañá e outra en horario de tarde.</p> <p>Responsables: Eva María Barreira Cerquerias (FFP-Lugo).</p>
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
Análise causa	Cómpre incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Definición/ descrición proposta	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Tarefa1	AM-MI-4.1
Descrición tarefa	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC. Responsable: Pablo César Muñoz Carril (FFP).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-4.2

Descrición tarefa	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Responsable: Pablo César Muñoz Carril (FFP-Lugo).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
Análise causa	Necesidade de fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade.
Definición/ descrición proposta	É recomendable desenvolver mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Tarefa1	AM-MI-5.1
Descrición tarefa	Informar ao alumnado sobre as convocatorias, prazos e requisitos para participar nestes programas por medio do/a RAM, as coordinacións de título e curso e as coordinacións de intercambios empregando diferentes canles (campus virtual, correo-e, web do centro, xornada de acollida, etc.). Responsable: Marta Poncet Souto (RAM-FFP).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5- Recursos Materiais. Facultade de Ciencias da Educación (FCE-Santiago).
Análise causa	Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda de accións deste tipo.
Definición/ descripción proposta	Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Tarefa1	AM-MI-6.1
Descrición tarefa	Organización dunha xornada formativa sobre as Aulas Multigrado existentes en Galicia. Responsable: Marta Neira Rodríguez (FCE-Santiago).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-6.2
Descrición tarefa	Análise dos datos recollidos, redacción de resultados e elaboración de informe para toma de decisións. Responsable: Marta Neira Rodríguez (FCE-Santiago).
Data prevista de	29/07/2022

finalización	
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1- Organización e desenvolvemento. Facultade de Ciencias da Educación (FCE-Santiago).
Análise causa	Necesidade de establecer un marco institucional na Facultade de Ciencias da Educación para a acollida e atención do alumnado, tanto a nivel académico como persoal.
Definición/ descripción proposta	Creación dun Plan de Acción Titorial do título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Tarefa1	AM-MI-7.1
Descrición tarefa	Implementación (pilotaxe) do Plan de Acción Titorial no Grao de Mestre/a de Educación Infantil. Responsable: Marta Neira Rodríguez (FCE-Santiago).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-7.2
Descrición tarefa	Análise da pilotaxe do PAT e propostas de mellora de ser o caso. Responsable: Marta Neira Rodríguez (FCE-Santiago).
Data prevista de finalización	29/07/2022

Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5- Recursos Materiais. Facultade de Ciencias da Educación (FCE-Santiago).
Análise causa	Descoñecemento por parte do alumnado das diferentes bases de datos dispoñibles e do método de consulta en Biblioteca.
Definición/ descrición proposta	Organizar actividades e/ou estratexias formativas en colaboración coa biblioteca que permitan ampliar o coñecemento que ten o alumnado destas fontes.
Datas	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Tarefa1	AM-MI-8.1
Descrición tarefa	Organización dunha xornada formativa en bases de datos e manexo da biblioteca virtual. Responsables: Marta Neira Rodríguez e Persoal da Biblioteca (FCE-Santiago).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MI-8.2
Descrición tarefa	Recollida de datos e realización dunha enquisa satisfacción coa formación e co servizo. Responsables: Marta Neira Rodríguez e Persoal da Biblioteca (FCE-Santiago).

Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa
Tarefa3	AM-MI-8.3
Descrición tarefa	Análise dos datos recollidos, redacción de resultados e elaboración de informe para a toma de decisión. Responsables: Marta Neira Rodríguez e Persoal da Biblioteca (FCE-Santiago).
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Activa

Accións de mellora Finalizadas. Curso 2020-21

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento (Santiago e Lugo)
Análise causa	Necesidade de dispoñer dun protocolo de organización do Prácticum que sirva de base para a elaboración da Guía ou Plan xeral do Prácticum.
Definición/ descrición proposta	Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora executouse con éxito na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo e na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago, tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas	--

Tarefas	
Tarefa1	AM-MI-1.1
Descrición tarefa	<p>Programar e Protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum.</p> <p>Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Dende as coordinacións do prácticum leváronse a cabo diversas actuacións e iniciativas encamiñadas a mellorar a formación do profesorado supervisor, ao establecemento de sesións organizativas, á elaboración do calendario do prácticum en colaboración co profesorado supervisor, así como á preparación das liñas de actuación do Prácticum I do Grado de Mestra/e en Educación Infantil para o curso 20/21. (Arquivo: AM1T1.1_Evid_1a4_FFP.zip)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.
Tarefa2	AM-MI-1.2
Descrición tarefa	<p>Garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6.</p> <p>Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE).</p>
Data prevista de	30/07/2021

finalización	
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-1.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>No Plan Xeral do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao da FFP-Lugo, aprobado en Xunta de Facultade o 17 de xuño de 2021, concretamente no seu apartado 5.7 ?papel dos centros educativos e a súa relación coa Facultade?, establécese que no que respecta á Educación infantil o prácticum se poderá realizar nun ou nos dous ciclos das ensinanzas de educación infantil (Orde ECI/3854/2007). Dende ambas Facultades, instase a que o alumnado curse o seu prácticum tanto no ciclo 0-3 coma no 3-6. Como se pode observar no ANEXO III do citado Plan Xeral de Prácticum da FFP-Lugo, existen centros colaboradores estables nos que poder realizar as prácticas en ambos ciclos. (Arquivo: AM1T1.2_Evid_1_FFP [Plan Xeral Practicum].pdf)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tareas	Non hai.
Tarefa3	AM-MI-1.3
Descrición tarefa	<p>Establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.</p> <p>Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada

Comprobación Tarefa	AM-MI-1.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	No curso 202-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar, revisar e renovar o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e de Educación Primaria a fin de establecer mecanismos axeitados de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum na FFP-Lugo e na FCE-Santiago. Este Protocolo foi aprobado pola Comisión Intercentros o 8 de xuño de 2021, en Xunta de Facultade da FCE o 11 de xuño de 2021 e en Xunta de Facultade da FFP o 17 de xuño de 2021. (Arquivo: AM1T1.3_Evid_1e2_FFP_FCE.zip)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: FFP-FCE
Análise causa	Necesidade de dispoñer dunha guía ou plan xeral do prácticum actualizada Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE)
Definición/ descrición proposta	Actualizar a guía ou plan xeral do prácticum en base á nova organización do mesmo.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 04/02/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-2.1
Descrición tarefa	Elaboración de un documento que sirva como guía ou plan xeral do prácticum. Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana

	Regueiro Fernández (FCE)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo realizouse unha adaptación do Plan Xeral do Prácticum, iniciándose a súa elaboración a finais do curso académico 2020/21 por parte da Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade, sendo remitido con posterioridade aos membros da Comisión de Prácticum e TFG, para que unha vez feitas as achegas, o documento fose presentado publicamente á Xunta de Facultade para que os seus membros fixeran as propostas de modificación que consideraran oportunas. Este Plan Xeral foi aprobado o 17 de xuño de 2021.</p> <p>Na FCE-Santiago a Vicedecana Titulacións, Prácticum e Relacións Institucionais e a coordinadora do Prácticum das titulacións de Mestre/a tiveron reunións organizativas tanto cos representantes do Prácticum de Lugo coma con persoas que exercen a titorización na FCE para a revisión e elaboración dos dos documentos do Prácticum. (Arquivo: AM2T2.1_Evid_1e2 [Plan xeral FFP-FCE e guía Prácticum Infantil FCE].zip)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito da aplicación: FFP-FCE.
Análise causa	Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas.
Definición/ descripción proposta	Establecer contacto cos titores externos do Prácticum antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-3.1
Descrición tarefa	Manterse en contacto cos titores externos de prácticas. Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE).

Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums da titulación déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores da Facultade e os titores externos do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense así mesmo no Plan Xeral do Prácticum e no Protocolo Intercentros. Por outra banda, entre a documentación que o alumnado leva ao centro nos dous Prácticums está unha carta dos supervisores aos titores na que se lles proporciona orientación sobre as tarefas que o alumnado debería realizar durante a súa estadía e mais os datos de contacto de cada supervisor. A entrega desta carta ao profesorado titor está tamén establecida no Plan Xeral do Prácticum. Cómpre ter en conta que a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas.</p> <p>Os contactos cos titores do Prácticum están protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, renovado no curso 2020-2021. Porén, para incrementar ese contacto, dende a FFP-Lugo levouse a cabo a organización dun foro de titores.</p> <p>Na FCE-Santiago a maneira de proceder é semellante á da FFP-Lugo. Do mesmo xeito, nas guías docentes dos Prácticums da titulación tamén se deixa constancia dos contactos que deben establecer as persoas que realizan tarefas de supervisión e as que titorizan externamente o Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Entre a documentación que o alumnado achega ao centro no que vai realizar as prácticas tamén se inclúe a carta para a persoa que o titorizará. (URL: <a 454="" 544="" 925="" 942"="" data-label="Page-Footer" href="https://nubeusc-</p> </td> </tr> </table> </div> <div data-bbox="> 109 de 155 </p>

	my.sharepoint.com/:u:/g/personal/pablocesar_munoz_usc_es/EamEA_qO6DdLjwLwMk3s3eAB0-q0i_c2W_i-SJKuPryGyQ?e=BlAU5V
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito da aplicación: FFP-FCE.
Análise causa	Persistencia da escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade.
Definición/ descrición proposta	Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse, tal e como se pode ver no peche de tarefas.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-4.1
Descrición tarefa	<p>Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polos dous centros.</p> <p>Responsables: Marta Poncet Souto (FFP) e Martín Leránoz Iglesias (FCE)</p>

Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2020-2021, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron ao alumnado por medio do Campus Virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes.</p> <p>No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado do Grao de infantil non obtivo praza xa que estas se conceden por media do expediente académico, coincidindo que foron estudantes do Dobre Grao e do Grao de Educación Primaria quenes finalmente obtiveron unha bolsa. Non obstante, en conxunto, os estudantes responderon moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza (como no caso dos estudantes de infantil). Unha razón pola que o alumnado non cubre todas as prazas da categoría de intercambios SICUE é posiblemente de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, carecer igualmente de bolsas, e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos e a compatibilidade dos plans de estudos.</p>

	<p>Na FCE-Santiago o alumnado tamén foi informado ao longo do curso 2020-2021 de todas as convocatorias relacionadas con mobilidade, ben da man daquelas persoas que dentro da facultade se responsabilidan directamente desa cuestión, ben polas que exercen a coordinación de título ou curso. Así mesmo, as dúbidas presentadas tamén foron resoltas polos responsables correspondentes.</p> <p>É de destacar en relación coa mobilidade o incremento do interese e de solicitudes por parte do alumnado para participar nos programas de mobilidade existentes. Foron numerosas as solicitudes presentadas, se ben non todas foron executadas por causa da pandemia ou polas dificultades na realización dos acordos académicos, sobre todo no caso dos Erasmus. Así mesmo, as persoas relacionadas con mobilidade na facultade poñen en contacto o alumnado interesado en participar en programas de mobilidade con outro que en anteriores convocatorias participou en programas. (Arquivo: AM4T4.1_Evid_1a3_FFP.zip)</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>04/02/2022</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Non hai.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Non hai.</p>

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito da aplicación: FFP-FCE.
Análise causa	Constátase que nalgúñas materias impartidas por varios profesores/as prodúcense problemas de coordinación e sinálase que a responsabilidade de coordinación do profesorado é dos departamentos que se encargan da docencia da materia.
Definición/ descripción proposta	Comunicar formalmente aos departamentos e aos decanatos todas as incidencias que nesta materia se detecten no desenvolvemento da docencia do título. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros e as coordinacións de curso.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Comprobación Acción	AM-MI-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse, non detectándose incidencias importantes que implicasen unha comunicación formal aos Departamentos.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-5.1

Descrición tarefa	Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a. Responsables: Pablo César Muñoz Carril (FFP) e Marta Neira Rodríguez (FCE)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-5.1. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en Comisión de Título e Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020) especifica, entre as responsabilidades do coordinador de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos?), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia ao coordinador de materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman así mesmo parte do Documento Marco de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas administráronse no curso 20-21, e os datos recollidos polos coordinadores de curso trasladáronse ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de procesos da FFP, para o informe anual de seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Así mesmo, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas</p>

	<p>competencias, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.</p> <p>Na FCE-Santiago, malia non existir un documento que especifique as funcións que desde as diferentes coordinacións haxa que executar, tal é o caso da FFP-Lugo, as persoas que exercen a coordinación de materia, curso e titulación realizan reunións periódicas nas que analizan o solapamento de contidos, o reparto da supervisión de programas, actividades programadas etc. Así mesmo, están en contacto directo con aquelas persoas que representan o alumnado en diferentes cursos para que lle transmitan as súas necesidades e valoración. (Arquivo: AM5T5.1_Evid_1a3_FFP.zip)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.
Tarefa2	AM-MI-5.2
Descrición tarefa	<p>Traslado das incidencias aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á menor brevidade posible.</p> <p>Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso e Carmen Fernández Morante.</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-5.2. Comprobación Nº. 1
Descrición	Unha vez aplicados os procedementos de detección de

Comprobación	incidencias a este respecto previstos na FFP, no curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relevantes relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP que requerisen o seu traslado aos departamentos.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito de aplicación: Facultade de Ciencias da Educación. Santiago. (FCE).
Análise causa	Descoordinación de contidos en materias do título, así como a necesidade de establecer proxectos conxuntos entre materias de ambos títulos no caso do Dobre Grao.
Definición/ descrición proposta	Organización dunha Xornada de coordinación entre o profesorado dos planos de estudo dos Graos de mestre/a da Facultade de ciencias da educación mediante a presentación das dinámicas que se desenvolven nas materias que conforman as titulacións. Trátase de darnos a coñecer e comparar o que estamos a facer nas nosas materias para tratar de xerar sinerxías que nos permitan traballar máis coordinadamente e mellorar a calidade da formación do noso estudiantado, futuro profesorado de Educación Infantil e Educación Primaria.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Comprobación Acción	AM-MI-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora non puido completarse, tal e como se pode ver no peche de tarefas
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas	--

Tarefas	
Tarefa1	AM-MI-6.1
Descrición tarefa	<p>Deseño do programa da xornada e das tarefas a desenvolver: Formulario de consulta online para coñecer o profesorado interesado en participar: https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe8H0tKm-z71HpyZPatEG6uFUN0JQTFBVRFNQMkdMRkIKR0NHSk5aMEg5UC4u</p> <p>Solicitude de actividade de innovación dentro do PFID.</p> <p>Desenvolvemento da Xornada.</p>
Data prevista de finalización	14/04/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora non se puido completar debido a dificultades vinculadas coa COVID-19, mais existiría a posibilidade ser retomada cando a actividade académica e os aforos o permitan.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información y Transparencia .Ámbito da aplicación: FFP e FCE.
Análise causa	Necesidade de analizar detidamente o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título
Definición/ descripción proposta	Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias publicadas na web, así como entre estas e a última versión da memoria verificada do título.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora executouse parcialmente por mor das circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid-19
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-7.1
Descrición tarefa	Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias publicadas na web, así como entre estas e a última versión da memoria

	<p>verificada do título.</p> <p>Responsables: Pablo César Muñoz Carril (FFP) e Marta Neira Rodríguez (FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-7.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en Comisión de Título e en Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020) establece como responsabilidade dos coordinadores de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Así mesmo, o documento contempla como función dos coordinadores de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Estas funcións asignadas aos coordinadores de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encarga docente. Polo tanto, os axustes entre os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.</p> <p>En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora.</p>

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas. Esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19.

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, a través das coordinacións de curso dase conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. Os coordinadores de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes ao coordinador de título, o cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que o coordinador de Título elabora para a súa análise pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

Todos os datos correspondentes á revisión de programas realizada durante o curso 2020-2021 pódense atopar na Adenda ao Informe de Acreditación do Título da FFP que se adxunta ao propio informe.

Na FCE-Santiago as persoas responsables de tarefas de coordinación de título e curso manteñen reunións periódicamente e revisan que os programas das materias se

	<p>axusten ás indicacións dadas desde a facultade para solucionar posibles desviacións, erros ou despistes. Os desaxustes detectados nas revisións dos programas anuais son transmitidos ao profesorado das materias para que eses pequenos erros ou omisións sexan solucionados. A persoa que exerce a coordinación de título ten constancia desa información a partir dos informes que os/as coordinadores/as de curso lle trasladan. (Arquivo: AM7T7.1_Evid_1a3__FFP.zip)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos materiais e servizos. Ámbito da aplicación: FFP e FCE.
Análise causa	Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
Definición/ descripción proposta	Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Comprobación Acción	AM-MI-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP) tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-8.1
Descrición tarefa	Organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para orientar ao alumnado sobre as posibilidades e posibilidades académico-profesionais.

	Recortes: Pablo César Muñoz Carril, Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Marta Neira Rodríguez (FCE).
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-8.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo desenvolvéronse durante o curso 2020-2021 diversas actividades encamiñadas a completar a formación do alumnado e proporcionarlle orientación profesional. Todas elas intégranse desde o curso 2019-2020 no Plan FORTE-FFP (Plan de formación, orientación e titorización do estudantado da Facultade), establecido na Memoria de Calidade do centro 2019-2020, e que desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP.</p> <p>Os coordinadores de curso empregan no campus virtual táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso para sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas (datos que á súa vez reflicten nos seus informes finais). Unha análise detallada destas accións poden visualizarse a través das aulas de coordinación de curso do campus virtual.</p> <p>Compre sinalar tamén OUTRO TIPO DE ACTIVIDADES desenvolvidas, como a IV edición da exposición ?Educación en Feminino? presentada na Facultade de Formación do Profesorado, dirixida polo profesor Fran Candia e vinculada á materia ?Teoría e Historia da Educación Escolar?.</p> <p>Asemade, a finais de maio tivo lugar unha sesión virtual sobre orientacións relativas ás oposicións a mestre/a de Educación</p>

	<p>Infantil, cuxa ponente foi unha unha egresada da Facultade que recentemente obtivo a súa praza como mestra. Tras realizar unha consulta ao alumnado asistente ao evento a través da delegada de curso, todos os asistentes manifestaron o interese da charla así como a necesidade de que se manteña para vindeiros cursos.</p> <p>Por outra banda, os profesores Pablo C. Muñoz Carril e Mari Carmen Caldeiro, en colaboración con outros docentes da Fac. de Ciencias da Educación de Santiago, finalizaron no mes de maio o proxecto de innovación titulado: "A creación de materiais educativos multimedia a través da ferramenta "EdiLIM": pímulas formativas de apoio para o alumnado dos Graos de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria?". Este proxecto fora concedido no marco da II Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia. Debido á crise sanitaria o proxecto, que xa fora concedido no curso 2019-20, non se puido rematar ata maio do 2021.</p> <p>Na FCE-Santiago tamén se desenvolveron durante o curso 2020-2021 diversas actividades encamiñadas a completar a formación do alumnado e proporcionarlle orientación académica e profesional. As persoas que exercen como coordinadoras dos diferentes cursos empregaron as aulas do campus virtual e o contacto directo cos e coas representantes do alumnado para achegarlle información de todas as actividades que podían ser do seu interese: actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos etc. (Arquivo: AM8T8.1_Evid_1a5_FFP.zip)</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>04/02/2022</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Non hai.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente, polo que non</p>

	se reabrirá no curso seguinte
Tarefa2	AM-MI-8.2
Descrición tarefa	<p>Creación dunha presentación para a orientación académico-profesional do alumnado (mencións, saídas profesionais, etc.) e difusión do mesmo a través dos recursos web e redes sociais das facultades.</p> <p>Responsables: Pablo César Muñoz Carril (FFP), Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Marta Neira Rodríguez (FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-8.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra.</p> <p>As ligazóns ás presentacións dos tres graos son as seguintes:</p> <p>https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf</p> <p>https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20INFANTIL%20-%20ES.pdf</p> <p>https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/D.%20G.%20EDUC.%20INFANTIL%20Y%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf</p> <p>Esta tarefa formou parte das actividades desenvolvidas no curso 20-21 dentro do Plan FORTE-FFP, cuxo informe de execución</p>

	foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na reunión do 22 de decembro de 2021. A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE para ser levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirá para o curso seguinte a nivel de título para a FFP. (Arquivo: AM8T8.2_Evid 1 a3_FFP.zip)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirá para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito da aplicación: FFP.
Análise causa	Problemática de reparto de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), que afecta á boa marcha dos procedementos.
Definición/ descrición proposta	Delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título para evitar duplicidades, e deseñar e implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas. Responsabilizaranse desta proposta o decanato e as coordinacións de título.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como pode verse no peche das tarefas .
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-9.1
Descrición tarefa	Deseño de instrumentos que faciliten a coordinación nos seus distintos niveis: enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de

	programas das materias, táboas de actividades transversais e protocolo para cambios de grupo interactivo.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-9.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, durante o curso 2020-2021 procedeuse á posta en marcha das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en xuntanza da Comisión de Título o 14 de xullo de 2020 e en xuntanza da Comisión de Calidade na mesma data) e os seus documentos complementarios. Dese xeito, os coordinadores de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. Os coordinadores incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Así mesmo, o coordinador de título informou en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.</p> <p>En liñas xerais, o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e a carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade, e a segunda débese</p>

	<p>parcialmente ao retraso no comezo presencial dos semestres polas circunstancias da pandemia, que ocasionou que o remate das materias optativas coincidise co das materias obrigatorias. En calquera caso, cómpre poñer en marcha mecanismos para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.</p> <p>A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polos coordinadores de curso cos axustes precisos realizados dende as coordinacións de título tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia, e manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas.</p> <p>As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de Grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte dos coordinadores de curso (datos que á súa vez estes reflicten nos seus informes finais). Os datos recollidos destas actividades forman parte do informe de execución do Plan FORTE-FFP (Plan de formación, orientación e titorización do estudiantado), informe analizado e avaliado positivamente na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 22 de decembro de 2021. Este plan foi establecido na Memoria de Calidade do centro 2019-2020, e desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP. O informe de execución é analizado pola comisión de calidade para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.</p> <p>O protocolo de cambios de grupo interactivo non puido levarse á práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as</p>
--	--

	condicións de plena presencialidade sen restricións. (Arquivo: AM9T9.1_Evid 1a7_FFP.zip)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos Humanos.Ámbito da aplicación: FFP.
Análise causa	Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde.
Definición/ descrición proposta	Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 24/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MI-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	A acción executouse pero non se recibiu resposta
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-10.1
Descrición tarefa	Solicitar á Xerencia un posto máis de conserxería en quenda de tarde. Responsable: Ana Brao
Data prevista de finalización	30/07/2021

Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-10.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora reabrirase para ser executada no curso 2021-2022, aínda que como parte do Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2020-2021 da FFP, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro, tanto de Grao como de Mestrado. (Arquivo: AM10T10.1_Evid_1_FFP.pdf)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: FFP.
Análise causa	Mellorar a orientación proporcionada ao alumnado de nova incorporación.
Definición/ descrición proposta	Axustar o procedemento da xornada de acollida ás necesidades do alumnado e ao contexto, tendo en conta a enquisa do curso anterior.
Datas	Finalización: 16/09/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-11.1
Descrición tarefa	Seleccionar e reformular a información proporcionada ao alumnado na xornada de acollida e poñer en marcha unha enquisa de satisfacción para os estudantes.
Data prevista de finalización	16/09/2020

Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-11.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, no curso 2020-2021, por mor das restricións na presencialidade orixinadas pola situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, as actividades previstas para a xornada de acollida foron axustadas nunha única sesión celebrada o 21 de setembro de 2020, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que axustaron os seus contidos e se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual na páxina de coordinación de primeiro curso. As presentacións incorporan así mesmo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos.</p> <p>A enquisa de satisfacción do alumnado foi cuberta por 74 persoas, das cales o 43,2% pertencía ao Grao de Infantil, o 41,9% ao Grao de Primaria e o 14,9% ao Dobre Grao. A análise de resultados fíxose conxuntamente para os dous Graos, xa que os contidos das presentacións son esencialmente os mesmos en ambos, e tamén coinciden na súa meirande parte as temáticas tratadas e as dinámicas seguidas na parte presencial da xornada. Os resultados da enquisa foron moi positivos (un 87,8% dos enquisados consideran útiles os contidos tratados, un 86,5% consideran a duración adecuada, o 100% dos enquisados está bastante ou moi satisfeito coa estrutura da sesión, e o 97,3% considera en xeral a xornada positiva). Estes resultados apuntan á conveniencia de continuar realizando a actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.</p> <p>A xornada de acollida formou parte das actividades</p>

	desenvolvidas no curso 20-21 dentro do Plan FORTE, cuxo informe de execución foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na reunión do 22 de decembro de 2021. (Arquivo: AM11T11.1_Evid_1a5_FFP.zip)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento. Ámbito da aplicación: FFP-FCE.
Análise causa	Incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Definición/ descripción proposta	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Pablo César Muñoz Carril
Comprobación Acción	AM-MI-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora só se puido completar parcialmente pola ausencia de convocatorias no curso 2020-21 de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MI-12.1

Descrición tarefa	<p>Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.</p> <p>Responsables: Pablo César Muñoz Carril (FFP) e Marta Neira Rodríguez(FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-12.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa non puido completarse xa que non consta o anuncio dunha convocatoria para este tipo de proxectos no curso 2020-2021
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tareas	Non hai.
Tarefa2	AM-MI-12.2
Descrición tarefa	<p>Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).</p> <p>Responsables: Pablo César Muñoz Carril (FFP) e Marta Neira Rodríguez(FCE).</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada

<p>Comprobación Tarefa</p>	<p>AM-MI-12.2. Comprobación Nº. 1</p>
<p>Descrición Comprobación</p>	<p>Debido á situación de pandemia derivada do COVID-19, no curso 2020-21 tan só se concederon 4 proxectos ApS na súa modalidade A (proxectos emerxentes), como se pode comprobar na web https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/ceta/innovacion/aps/documentos/05-aps-2020-11-05-definitiva-proxectos-concedidos.pdf .</p> <p>Non obstante, esta tarefa reabrirase para o curso 2021-2022 onde se informará das convocatorias oficiais publicadas pola Vicerreitoría de Organización Académica e onde algúns docentes da FFP e FCE xa manifestaron o seu interese en participar en proxectos ApS.</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>04/02/2022</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Non hai.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Non hai.</p>

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
Análise causa	Necesidade de mellorar o itinerario formativo do dobre grao procedendo ao cambio de curso de certas materias.
Definición/ descrición proposta	Cómpre proceder ao cambio de curso de certas materias do Grao de Infantil para asegurar unha aprendizaxe progresiva e facilitar o acceso a bolsas por parte do alumnado.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MI-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-13.1
Descrición tarefa	Proceder ao cambio de curso de materias do Título de Infantil, previa solicitude á Vicerreitoría de Titulacións. ?G3131203 Organización e xestión na aula (do 1º semestre de 3º ao 1º semestre de 2º) ?G3131222 Aprendizaxe da lingua oral (do 1º semestre de 2º ao

	<p>1º semestre de 3º)</p> <p>?G3131324 Ed. visual e plástica. Contextos e procesos artísticos (do 2º semestre de 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)</p> <p>?G3151328 Música na educación primaria (do 2º semestre de 2º curso ao 2º semestre do 3º curso)</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-13.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo fixéronse as oportunas xestións para realizar os cambios pertinentes, que foron aprobados en Consello de Goberno celebrado o 29 de decembro de 2020, e que se fixeron efectivos no curso 2020-2021. (Arquivo: AM13T13.1_Evid_1_FFP [Acordo Consello Goberno DG 20-21].pdf)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos.Ámbito de aplicación: Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.
Análise causa	Cómpre dar resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial.
Definición/ descripción proposta	Poñer en marcha cursos de formación para os docentes con respecto a contornas virtuais.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MI-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse de xeito satisfactorio tal e como se pode ver no peche das tarefas.
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-14.1
Descrición tarefa	Poñer en marcha cursos de formación para os docentes relacionados con contornas virtuais: deseño de actividades de aprendizaxe en liña e desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams.
Data prevista de	30/06/2021

finalización	
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-14.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, de acordo co proceso PS-01 Xestión dos recursos humanos, a Comisión de Calidade identifica as necesidades de formación do PDI e as traslada ao equipo de dirección, que solicita as accións formativas correspondentes. No curso 2020-2021, en resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial, fixéronse as oportunas xestións desde o Decanato para poñer en marcha dous cursos de formación docente relacionados con contornas virtuais:</p> <p>?Deseño de actividades de aprendizaxe en liña? e ?Desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams?, que se desenvolveron de xeito virtual.</p> <p>Os datos dos cursos son os seguintes:</p> <p>?Deseño de actividades de aprendizaxe en liña?: 15-18 decembro 2020, 10 horas, 20 prazas.</p> <p>?Desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams?: 11-15 xaneiro 2021, 10 horas, 20 prazas.</p> <p>Os cursos desenvolvéronse con moi bos resultados de participación e aproveitamento. Debido á alta demanda, as prazas ampliáronse en ambos cursos a 25. No curso de deseño de actividades matriculáronse finalmente 22 docentes (16 obtiveron a cualificación de apto). No curso de Microsoft Teams cubríronse todas as prazas, matriculándose 25 docentes (18 aptos). (Arquivo: AM14T14.1_Evid_1a3_FFP.zip)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.

Axustes/Novas Tarefas	Non hai.
--------------------------	----------

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MI-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos. Ámbito de aplicación: Facultade de Ciencias da Eduacación (FCE) de Santiago.
Análise causa	É preciso establecer un marco común para desenvolver procesos de orientación e titorización.
Definición/ descripción proposta	Creación de protocolo de acollida no marco dun Plan de Acción Titorial para alumnado de novo ingreso.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/03/2022
Responsables	Marta Neira Rodríguez
Comprobación Acción	AM-MI-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (S)-INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse de xeito satisfactorio, tal e como se pode ver no peche das tarefas, aínda que se mantén aberta para o vindeiro curso para comezar a súa implementación e pilotaxe.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MI-15.1
Descrición tarefa	Na FCE de Santiago de Compostela comezouse a elaborar o Plan de Acción Titorial- PAT onde se inclúen as indicacións oportunas para o desenvolvemento da Xornada de Acollida a alumnado de novo ingreso. Cabe sinalar que esta é unha acción

	de continuidade dado que se consolidará no vindeiro curso.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Marta Neira Rodríguez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MI-15.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	A FCE elaborou un documento marco de Plan de Acción Titorial. Posteriormente, os títulos debían establecer documentos específicos que se adaptasen as necesidades de cada Grao/Master. Así, elaborouse durante o curso 2020-21 o Plan de Acción Titorial do Grao en Mestre/a de Educación Infantil. Cabe sinalar que esta é unha acción de continuidade dado que se fará unha proba piloto no vindeiro curso. (Arquivo: AM15T15.1_Evid_1_FCE (PAT Grao Mestre en Educación Infantil FCE).pdf)
Data Comprobación	13/03/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tareas	Non hai.

LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	<p>Informes de seguimento do título:</p> <p>Na FFP-Lugo: https://www.usc.es/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc</p> <p>Na FCE-Santiago: https://www.usc.es/gl/centro/facultade-ciencias-educacion/calidade/documentacion-sgc</p> <p>Web do Título:</p> <p>Na FFP-Lugo: http://www.usc.es/ffp</p> <p>Na FCE-Santiago: https://www.usc.es/gl/centro/facultade-ciencias-educacion</p>
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<p>Web do Título (sede 1.FCE-Santiago) Web do Título (sede 2. FFP-Lugo)</p>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<p>Na FFP-Lugo:</p> <p>Actas Comisión Calidade FFP: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-formacion-profesorado/calidade/documentacion-sgc</p> <p>PDFs con actas no cartafol <i>E5_Actas_FFP</i> que contén: Actas Comisión Calidade FFP; Actas Comisión Intercentros e Actas Comisiones Título_FFP</p> <p>Na FCE-Santiago:</p> <p>Actas Comisión Calidade FCE: https://www.usc.es/gl/centro/facultade-ciencias-educacion/calidade/documentacion-sgc</p>

			PDFs con actas no cartafol <i>E5_Actas_FCE</i> que contén: Actas Comision Calidade FCE; Actas Comision Intercentros e Actas Comisions Titulo_FCE
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.)	<p>Na FFP-Lugo: E6.RECOÑECEMENTO CREDITOS INFANTIL FFP 2020-21.pdf</p> <p>Na FCE-Santiago: E6.RECOÑECEMENTO CREDITOS INFANTIL FCE 2020-21.pdf</p>
1	E7	Informe sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación	Visita
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	<p>FFP-Lugo e FCE-Santiago:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2502228_Informe_de_indicadores_2020_21.pdf (IN24G). • 2502228_Informe_de_indicadores_2019_20_Intercentros.pdf (IN24G). • 2502228_Informe_de_indicadores_2018_19.pdf (IN24G).
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_INF.16_2020-2021
			--
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2502228_I2_2020-2021
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502228_P.Ind_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro (Sede 1). FCE-Santiago
			Web do Centro (Sede 2). FFP-Lugo

			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro (Sede 1). SGC. FCE-Santiago
			Web do Centro (Sede 2). SGC. FPP-Lugo
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC	Web do Centro (Sede 1). SGC. FCE-Santiago
			Web do Centro (Sede 2). SGC. FPP-Lugo
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro (Sede 1). SGC. FCE-Santiago
			Web do Centro (Sede 2). SGC. FPP-Lugo
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	<p>FFP-Lugo e FCE-Santiago: Nos seguintes informes pódense consultar diversos indicadores con datos que incorporan resultados derivados das enquisas de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese, así como a súa evolución:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2502228_Informe_de_indicadores_2020_21.pdf. • 2502228_Informe_de_indicadores_2019_20_Intercentros.pdf • 2502228_Informe_de_indicadores_2018_19.pdf <p>Asemade, na FFP-Lugo pódese consultar os resultados das enquisas de satisfacción do Prácticum I e do Prácticum II.</p> <ul style="list-style-type: none"> • VALORACIÓN PRÁCTICUM I 20/21 (inclúe formulario e acceso aos datos). • VALORACIÓN PRÁCTICUM II 20/21 (inclúe formulario e acceso aos datos).
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_INF.04_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.05_2020-2021
			2502228_INF.06_2020-2021
			2502228_INF.07_2020-2021
			2502228_INF.08_2020-2021
			2502228_INF.09_2020-2021
			2502228_INF.10_2020-2021

			SIGCAMPUS_INF.11_2020-2021
			2502228_INF.13_2020-2021
			2502228_INF.14_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF.21_2020-2021
			2502228_INF.22_2020-2021
			2502228_INF.23_2020-2021
			2502228_Informe_de_indicadores_2020-2021
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc). CV profesionais externos	2502228_E15_2020-2021
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e argo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2020-2021
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Actas ou informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502228_INF.13_2020-2021
			2502228_INF.14_2020-2021
4	I10	Evolución dos indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	2502228_I10_2020-2021
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro (Sede 1). Recursos. FCE-Santiago
			Web do Centro (Sede 2). Recursos. FPP-Lugo

5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	FFP-Lugo E20_Centros_Practicum_FCE.pdf
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	FFP-Lugo.- https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-formacion-profesorado/Documentos%20compartidos/Formas/AllItems.aspx?id=%2Fsites%2Fcentro%2Dformacion%2Dprofesorado%2FDocumentos%20compartidos%2FInformaci%C3%B3n%20acad%C3%A9mica%2FPR%C3%81CTICUM%20GRAOS&viewid=6b7c8920%2D256f%2D4bbc%2Da6e5%2Df00cb5a42636&CT=1647169369542&OR=OWA%2DNT&CID=f377c9d1%2D6b15%2Df3cb%2D8843%2D3168642b5cf6 I11_Cartafol_FCE
5	E21	Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do curso	Visita
5	E22	Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
5	E23	Convenios en vigor coas entidades donde se realizan las prácticas	Visita/PDF
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os dous últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Na FFP-Lugo: <ul style="list-style-type: none"> E24-LISTAXE TFG INFANTIL 2019-20-FFP.pdf E24-LISTAXE TFG DOBRE GRAO/SIMULTANEIDADE 2019-20 - FFP.pdf E24_Listaxe de TFG_Grao Infantil FFP_2020-21.pdf Na FCE-Santiago: <ul style="list-style-type: none"> E24-LISTAXE TFG INFANTIL 2019-20-FCE.pdf
6	E25	Informes das calificacións de cada unha das materias del título	2502228_INF.15_2020-2021
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Informe de cualificacións obtidas polos estudantes nos últimos anos nas materias da Titulación de Grao de Mestre/a en Educación Infantil da FFP-Lugo e FCE-Santiago, mediante as que se pode constatar a superación das asignaturas e, por conseguinte, a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos nos

			<p>programas das materias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 2502228_INF15_2020-2021(LUGO) • 2502228_INF15_2020-2021(SANTIAGO)
6	E27	Documentación para a revisión transversal das materias seleccionadas (material docente, exámenes ou outras probas de avaliación realizadas,...)	Visita
6	E28	Traballos fin de grao/mestrado seleccionados	Visita
6	E29	Informes prácticas	Visita
7	E30	Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	2502228_INF.SIIU_2020-2021.xlsx
6,7	I12	Indicadores de resultados: - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_INF.17_2020-2021
			2502228_INF.18_2020-2021
			2502228_INF.19_2020-2021
			SIGCAMPUS_INF_SIIU_2020-2021
			2502228_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_INF.CiUG_2020-2021
			2502228_Informe_de_indicadores_2020-2021
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502228_EIL-SIIU_2020-2021
1,4,5	I15	Media de alumnos/as por grupo de docencia (expositiva, interactiva.....)	2502228_P.Ind_2020-2021
			2502228_MedUSC_cursocelda
			2502228_Informe_de_indicadores_2020-2021

ADDENDA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL

De acordo co Real Decreto 822/2021, artigo 34.4, cando se trata de segundas ou sucesivas renovacións de acreditacións dos títulos, abordaranse aspectos que teñan sido sinalados en anteriores renovacións.

Dito isto, preséntase, a seguir, información do estado xeral das melloras indicadas no anterior proceso de renovación da acreditación do título.

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

A mellora do desenvolvemento do título garantízase, entre outros, grazas aos mecanismos de coordinación, en especial, a Comisión de Coordinación Intercentros que, periodicamente, revisa e reflexiona sobre a evolución do título e o seu plan de melloras.

A mellora do Prácticum foi posible grazas ao deseño do [Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria](#). Este documento permite sistematizar todas as tarefas relacionadas co seu desenvolvemento.

A mobilidade tense visto incrementada nos últimos anos grazas á realización de actividades relacionadas coa difusión dos programas. Porén, a COVID19, a non renovación de convenios en determinados países ou a falta de axudas económicas á mobilidade SICUE supoñen unha dificultade externa ao título que non é de fácil solución. A pesar destas dificultades, o alumnado do título recibe información sistemática de cada convocatoria e asesoramento e acompañamento personalizado relacionado coas convocatorias, destinos, recoñecemento de estudos, realización de acordos académicos, proceso de integración na universidade-cidade de destino e regreso á USC.

Criterio 2. Información e transparencia

A información relacionada co título é clara e completa. As páxinas Web dos centros ofrecen información detallada ao alumnado relacionada co título: guías docentes, horarios tanto na [FCE \(Santiago\)](#) como na [FFP \(Lugo\)](#).

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

A creación da Comisión de Coordinación Intercentros e o seu novo deseño no curso 2016-2017 levou a que se delimitasen funcións, se establecese o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade de reunións. Malia a pandemia da COVID-19, e grazas ás ferramentas virtuais, mantivéronse reunións de traballo para abordar temas relativos á Calidade (elaboración dos informes de seguimento, debate sobre asuntos relacionados coa memoria de calidade etc.) e que contribuíron a unha mellor coordinación entre os centros de Lugo e Santiago o que repercutiu positivamente nos propios procesos de calidade.

Criterio 4. Recursos humanos

O PDI dos centros segue contando cunha cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións, se ben seguen existindo dificultades que impiden executar aínda mellor esas tarefas para o cal se están levando a cabo accións de mellora.

A cualificación e a formación dese PDI é solvente e participa cada vez máis en programas de formación docente, actividades nas que amosa estar satisfeito. Con todo, a súa participación en programas de mobilidade segue sendo reducida, non por falta de interese, senón por outras circunstancias, tales como limitacións no número de docentes, situacións derivadas da COVID-19 etc.

En liñas xerais, o PDI dos centros é axeitado para atender ás necesidades do título, aínda que segue sendo desexable poder contar cun maior número de profesorado estable a tempo completo.

En canto ao **Persoal de apoio** (administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.) houbo melloras no incremento de persoal na FCE, se ben segue necesitándose incrementar persoal na FFP. En canto á súa formación, esta é apropiada para desenvolver as súas funcións. Con todo, este persoal de apoio cada vez participa máis en actividades de formación. En xeral, este persoal de apoio segue manténdose satisfeito co seu traballo.

Criterio 5: Recursos materiais e servizos

En canto ás instalacións de ambos centros, cómpre indicar que están en constante renovación e mellora. Os espazos son antigos e as instalacións esixen un mantemento e reforma constante, tal e como se constata nas accións de mellora dos últimos anos. Porén, as actividades docentes desenvólvense en condicións adecuadas e poden realizarse as actividades previstas nas guías docentes das materias. O Campus Virtual e a Biblioteca son recursos cos que alumnado e profesorado está moi satisfeitos, algo relevante e positivo xa que foron recursos indispensables durante o cambio de escenario formativo esixido pola COVID19.

Por outro lado, o número de estudantes por grupo de docencia (expositiva e interactiva) segue a ser superior á media da USC. Esta situación deriva da precarización herdada da crise de hai uns anos, porén, na actualidade, este datos está a mellorar, debido, sobre todo, a unha maior estabilización do PDI.

A orientación e acompañamento aos estudantes está sistematizado no [Plan de Acción Titorial na FCE \(Santiago\)](#) e no [Plan FORTE na FFP \(Lugo\)](#).

Criterio 6: Resultados de aprendizaxe

Os indicadores de cualificacións das materias, as taxas de éxito do estudantado, os datos dispoñibles sobre a valoración do alumnado, o profesorado e a opinión das persoas externas que titorizan amosan que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen a un horizonte de traballo positivo.

Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

Con relación ao contacto cos egresados, é necesario indicar que esta situación é mellor que a de hai uns anos, debido, principalmente a que, neste momentos, a USC solicita autorización ao alumnado que defende o ser TGF /TFM para poder contactalos e poder contar coa súa opinión tras abandonar a USC.



FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (LUGO)

**ADENDA ao Autoinforme de Acreditación do Título de Grao en Mestre/a de
Educación Infantil do curso 2020-2021**

Documento elaborado por Pablo César Muñoz Carril (coordinador do Título de Infantil)

CONTIDOS

0. Limiar

1. Datos do Grao

2. Programacións docentes para o curso 2020-2021

3. Adaptacións do Prácticum e o TFG

4. Comunicacións co alumnado: reunións, avisos, axudas, actividades, etc.

5. Comunicacións co profesorado

6. Reunións de comisións e profesorado

7. Revisión dos programas do curso 2021-2022

8. ANEXOS

I. Ficha de revisión de programas 20-21

II. Comunicacións co alumnado

III. Comunicacións co profesorado

IV. Reunións sobre o Prácticum

V. Reunións sobre o TFG

VI. Outras reunións

0. Limiar

Por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19 e ao decreto do Estado de Alarma, suspendeuse o ensino presencial dende o 14 de marzo de 2020 ata o remate do curso académico 2019-2020. Esta suspensión fixo que Centros e Titulacións realizaran modificacións e puxeran en marcha iniciativas para adaptarse á nova situación, planificando tres escenarios posibles para o inicio do curso 2020-2021 (normalidade adaptada, distanciamento e confinamento). Tralas previsións de iniciar o curso no escenario 1, comunicadas polo Reitorado a finais de xullo, e debido ao empeoramento da situación sanitaria, os órganos competentes da USC deciden no mes de setembro que o inicio de curso se faga no escenario 2. Isto obrigou aos Centros a tomar medidas recollidas como accións de mellora no Autoinforme de Seguimento e executadas durante o curso 2020-2021, así como a poñer en marcha axustes e adaptacións, e desenvolver diferentes iniciativas que contribuíron a que o curso transcorrise, dentro da excepcionalidade, sen incidencias destacables. Destas accións infórmase de xeito complementario no presente documento.

1. Datos do Grao

Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria
Mencións/Especialidades (FFP)	<ul style="list-style-type: none">• Educación Artística
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011

NOTA: No Grao de Mestre/a en Educación Primaria e no Grao de Mestre/a en Educación Infantil hai materias que corresponden ao Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria. As adaptacións feitas son válidas para os Graos e o Dobre Grao.

2. Programacións docentes para o curso 2020-2021

Antes de rematar o curso académico 2019-2020 procedeu-se, como é costume, á revisión dos programas do vindeiro curso por parte das coordinacións de título e curso. O profesorado recibiu información e recomendacións do decanato e as coordinacións de título para a elaboración dos programas consonte ás *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura para o curso 2020-2021* (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20_06_26_Directrices-docencia-2020-2021.pdf)

As devanditas directrices establecían a elaboración dos programas tendo en conta tres escenarios posibles: escenario 1 (normalidade adaptada), escenario 2 (distanciamento), e escenario 3 (peche das instalacións).

Os programas das materias das dúas titulacións foron revisados atendendo ás directrices e mediante o emprego dunha ficha deseñada ao efecto dende as coordinacións de título, de feito que puideran ser detectados erros ou omisións antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos e pola Xunta de Facultade (véxase Anexo I). Polo que respecta ao título de primaria, os informes de revisión de materias foron favorables, dándose indicacións puntuais ao profesorado para que engadise aspectos concretos (por exemplo, incorporar información sobre a segunda oportunidade nos escenarios 2 e 3 ou o parágrafo recomendado polo Reitorado sobre o fraude). As materias que non puideron ser revisadas nos informes das coordinacións de curso na data límite de envío foron revisados pola coordinación de título dende a secretaría virtual.

Na seguinte ligazón pódese acceder aos programas adaptados das materias do grao no curso correspondente (2020-2021):

Grao en Mestre/a de Educación Infantil: <https://www.usc.es/gl/estudios/gaos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-mestre-educacion-infantil-0>

3. Adaptacións do Prácticum e o TFG

3.1. Prácticum I

Ao remate do curso 2019-2020 desenvolvéronse reunións por parte da coordinación xeral do Prácticum e o profesorado supervisor de Infantil e Primaria para determinar os contidos do programa do Prácticum I e as liñas de actuación para esa materia (véxase Adendas aos Autoinformes do curso 2019-2020). A proposta que se realiza concrétase en que o Prácticum I da titulación teña un enfoque máis proactivo, é dicir, que sen esquecermos da imprescindible observación e reflexión que caracteriza á materia de Prácticum I, propoñamos unha intervención máis activa do noso alumnado en canto ás necesidades que os titores/as de prácticas e os propios centros poidan formular. Proponse, polo tanto, poñer ao alumnado “ao servizo” do centro e dos titores para intervir, apoiar e colaborar nas situacións que se produzan en cada centro baixo a nosa supervisión e axuda. Polo que respecta ao programa do Prácticum I, este debería modificarse mínimamente e continuar na mesma liña de "adaptación" realizada para as materias do segundo semestre co estado de alarma: engadir un texto sinxelo no apartado de *observacións* que faga alusión a unha maior concreción do enfoque e das tarefas a realizar na Guía Docente da materia.

Polo que respecta ás sesións de preparación do Prácticum, por mor da pandemia non se puideron levar a cabo sesións presenciais, pero si tiveron lugar sesións virtuais mediante a ferramenta Microsoft Teams, de acordo co previsto nas guías docentes.

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Ed. Infantil 2020-2021: FFP (Lugo)

SESIÓNS ORGANIZATIVAS PRÁCTICUM I INFANTIL (SETEMBRO-OUTUBRO 2020)

Archivo Editar Ver Historial Marcadores Herramientas Ayuda

Foro de Novas

https://cv.usc.es/mod/forum/view.php?id=424356

USC Campus Virtual Galego (gl)

Eva Maria Barreira Cerqueiras

☆ URXENTE · CUMPRIMENTACIÓN OBRIGATORIA: 'ENQUISA DE INICIO DE PRÁCTICUM I'	Eva Maria Barreira... 14 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 14 de Oct de 2020	0
☆ PCR e probas serolóxicas	Eva Maria Barreira... 1 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 9 de Oct de 2020	4
☆ CONTACTO COS CENTROS DE PRÁCTICAS	Eva Maria Barreira... 6 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 6 de Oct de 2020	0
☆ 2ª SESIÓN DE ORGANIZACIÓN (CONVOCATORIA REUNIÓN)	Eva Maria Barreira... 5 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 5 de Oct de 2020	0
☆ ÚLTIMA LISTAXE REVISADA DE ALUMNADO - CENTRO DE PRÁCTICAS e SUPERVISOR ASIGNADO	Eva Maria Barreira... 5 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 5 de Oct de 2020	0
☆ NORMATIVA DE ESCOLAS INFANTÍS (Prácticum I) e COLEXIOS (Prácticum II)	Eva Maria Barreira... 3 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 3 de Oct de 2020	0
☆ ESTADÍA DE PRÁCTICUM I EN ESCOLAS INFANTÍS DO CONSORCIO (GALIÑA AZUL)	Eva Maria Barreira... 17 de Sep de 2020	Eva Maria Barreira... 3 de Oct de 2020	2
☆ PRAZAS SOBRLANTES EN CENTROS DE LUGO (REMANENTE)	Eva Maria Barreira... 2 de Oct de 2020	Eva Maria Barreira... 2 de Oct de 2020	0
☆ CONVOCATORIA ALUMNADO - 1ª SESIÓN ORGANIZATIVA (Coordinación Xeral de Prácticum)	Eva Maria Barreira... 18 de Sep de 2020	Eva Maria Barreira... 23 de Sep de 2020	2
☆ OFERTA DE PRAZAS EN EDUCACIÓN INFANTIL EN LUGO - PRÁCTICUM I	Eva Maria Barreira... 22 de Sep de 2020	Eva Maria Barreira... 22 de Sep de 2020	0
☆ PRÁCTICUM I FÓRA DE LUGO	Eva Maria Barreira... 16 de Sep de 2020	Eva Maria Barreira... 16 de Sep de 2020	0


Escribe aquí para buscar

11:12 16/03/2021

Para a **Sesión Pre-prácticum** do alumnado de segundo curso (que tampouco se puido levar a cabo polas circunstancias sanitarias derivadas do Covid), elaboráronse uns vídeos coas cuestións máis importantes en relación ao Prácticum I que foron postos a disposición das

coordinadoras de curso para que os fixesen chegar ao alumnado. Así mesmo, fíxose chegar a través desta canle unha enquisa para saber que alumnado quería facer as prácticas fóra de Lugo.

SESIÓN PRE-PRÁCTICUM



The screenshot shows a web page from USC Campus Virtual. The page is titled 'Fases de Prácticum I' and features a section for 'Fase de Organización'. The text describes organizational sessions for all students to define terms and the center for the practice phase. It notes that these sessions are mandatory and that non-attendance leads to loss of the right to continue. A specific section for 'SESIÓN PRE - PRÁCTICUM (2º curso do Grao)' explains that these sessions were replaced by explanatory videos for the 2nd year of the degree in May. Below the text is an image of a chalkboard with 'Pre - Practicum' written on it. At the bottom, there are two links: 'QUE SABER ANTES DE INICIAR O PRÁCTICUM? (PRE-PRÁCTICUM)' and 'PREGUNTAS FRECUENTES'. The page header includes the USC logo, 'Campus Virtual', the language 'Galego (gl)', and the user 'Eva Maria Barreira Cerqueiras'.

USC Campus Virtual Galego (gl) Eva Maria Barreira Cerqueiras

Fases de Prácticum I


Fase de Organización

Sesiões organizativas a desenvolver coa Coordinación Xeral de Prácticum por parte de **todo o alumnado**, a fin de concretar os termos (informacións básicas, normativa, etc.) e o centro no que cada estudante realizará a fase de estádía da materia.

Trátanse de sesións de **carácter obrigatorio**. O alumno ou alumna que non asista a estas xuntanzas decaerá do seu dereito a continuar na materia.

SESIÓN PRE - PRÁCTICUM (2º curso do Grao)

A sesión pre-prácticum programada co alumnado de 2º curso no mes de maio non se levou a cabo polas especiais circunstancias de finalización de curso, sendo substituídas estas por vídeos explicativos do desenvolvemento do Prácticum para o vindeiro curso. A continuación, engádense estes **vídeos** coa **información pertinente** para a materia de **Prácticum I**.




[QUE SABER ANTES DE INICIAR O PRÁCTICUM? \(PRE-PRÁCTICUM\)](#)

[PREGUNTAS FRECUENTES](#)

A nivel xeral **para todos os Prácticums (I e II de Primaria e Infantil)**, nas reunións organizativas explicáronse ao alumnado aspectos referentes aos Protocolos sanitarios en vigor por mor do Covid-19, e onde podían atopar a información pertinente. Tamén se fixo fincapé no comportamento exemplar que o alumnado tiña que amosar nos centros de prácticas e a pulcritude coa que debía acatar os protocolos e


todas as cuestións vinculadas co COVID. Asimesmo, especificamente para o Prácticum I estableceuse un cuestionario dispoñible no Campus Virtual que o alumnado debía cumprimentar obrigatoriamente antes de acudir aos centros de prácticas:



The screenshot shows the USC Campus Virtual interface. On the left, there is a navigation menu with options: Filtros, Informes, Axustes do libro de cualificacións, Resultados, Copia de seguridade, Restaurar, Importar, Banco de preguntas, and Papeleira de reciclaxe. The main content area is titled 'FICHA DE DATOS DO TITOR/A' and contains text explaining the purpose of the form. Below this, there is a section titled 'CUESTIONARIO SOBRE PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS' with a sub-heading 'CUESTIONARIO SOBRE O PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS' and a checkmark icon. The text in this section states that the questionnaire is mandatory and provides details about the deadline (October 16th at 23:55 h) and the consequences of not completing it.


USC Campus Virtual Galego (gl) ▾

Filtros
> Informes
⚙️ Axustes do libro de cualificacións
📄 Resultados
📄 Copia de seguridade
⬆️ Restaurar
⬆️ Importar
> Banco de preguntas
🗑️ Papeleira de reciclaxe

 FICHA DE DATOS DO TITOR/A

O titor/a anotar os seus datos profesionais nesta ficha, a cal facilitará a comunicación entre a Facultade e o Centro. Este documento será colgado na páxina web do Prácticum da Facultade. O alumnado en prácticas informará ao profesorado titor da existencia deste formulario na páxina web e da pertinencia de que o completen e o envíen ao supervisor/a correspondente.

CUESTIONARIO SOBRE PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS

 CUESTIONARIO SOBRE O PROTOCOLO COVID-19 NOS CENTROS EDUCATIVOS

Presentamos o **cuestionario sobre o Protocolo COVID-19 nos centros educativos de prácticas, de obrigada cumprimentación.**

O obxectivo que perseguimos á hora de que cubras este cuestionario é que teñas unha idea xeral dos elementos fundamentais deste Protocolo.

Dispós de **90 minutos** para realizalo e o **último día de entrega será o 16 de outubro ás 23.55 h.** (recomendámosche que non forzces os límites temporais).

A non entrega deste cuestionario poderá ter repercusións na avaliación, dadas as circunstancias actuais.

3.2. Prácticum II

Por mor da situación sanitaria, as tres sesións organizativas previstas nas guía docentes do Prácticum II de Infantil e Primaria leváronse a cabo de xeito virtual mediante a ferramenta Microsoft Teams.

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Ed. Infantil 2020-2021: FFP (Lugo)
















No Prácticum II non se administrou o cuestionario Covid, pois as adaptacións que cada centro fai son bastante amplas, e ademais o Protocolo xeral establecido pola administración estaba naquel momento suxeito a constantes cambios. Os centros fixeron esta formación inicial sobre Protocolos co alumnado.

SESIÓNS ORGANIZATIVAS PRÁCTICUM II (ANUNCIO AO ALUMNADO: CAMPUS VIRTUAL)

USC Campus Virtual Galego (gl) ▾

Administración

- Administración do foro
 - Editar os axustes
 - Filtros
 - Rexistros
 - Copia de seguridade
 - Restaurar
 - Cualificación avanzada
 - Informe resumido
 - Modo de subscrición
 - Amosar/editar os subscriptores actuais
 - Non facer seguimento de comentarios sen ler
 - Exportar
- Administración do curso

☆	PROCEDEMENTO SEGUNDO RESULTADOS DAS PROBAS COVID	 Eva Maria Barreir... 7 de Feb de 2021
☆	SUBIDA CERTIFICADO DELITOS SEXUAIS	 Eva Maria Barreir... 5 de Feb de 2021
☆	HORARIOS DO CRIBADO NA FACULDADE!!	 Eva Maria Barreir... 2 de Feb de 2021
☆	URXENTE!! XUSTIFICANTES POR RESTRICIÓN S - PRÁCTICUM	 Eva Maria Barreir... 1 de Feb de 2021
☆	RESTRICIÓN S E CENTROS DE PRÁCTICAS	 Eva Maria Barreir... 27 de Xan de 2021
☆	CONTACTO COS CENTROS DE PRÁCTICAS	 Eva Maria Barreir... 29 de Xan de 2021
☆	LISTAXE ENQUISA CRIBADO USC PRÁCTICUM	 Eva Maria Barreir... 22 de Xan de 2021
☆	IMPORTANTE!!! CRIBADO COVID - USC	 Eva Maria Barreir... 16 de Xan de 2021
☆	DISTRIBUCIÓN ALUMNADO - CENTROS - SUPERVISORES/AS	 Eva Maria Barreir... 18 de Xan de 2021
☆	DOCUMENTACIÓN 2ª SESIÓN DE ORGANIZACIÓN	 Eva Maria Barreir... 14 de Dec de 2020
☆	CONVOCATORIA - 2ª XUNTANZA ORGANIZATIVA DO PRACTICUM II	 Eva Maria Barreir... 25 de Nov de 2020
☆	AMPLIACIÓN PRAZO DE ESTADÍA FÓRA DE LUGO	 Eva Maria Barreir... 4 de Dec de 2020
☆	OFERTA DE PRAZAS - CENTROS COLABORADORES PERMANENTES (LUGO)	 Eva Maria Barreir... 26 de Nov de 2020
☆	RENOVACIÓN DE INFORMACIÓN - AULA VIRTUAL	 Eva Maria Barreir... 5 de Nov de 2020
☆	CONVOCATORIA - 1ª XUNTANZA ORGANIZATIVA DO PRÁCTICUM II	 Eva Maria Barreir... 27 de Out de 2020

3.3. TFG

No mes de setembro tiveron lugar as defensas dos TFGs pendentes do curso 2019-2020 mediante a aplicación MS Teams, continuando o procedemento aprobado e desenvolvido na primeira oportunidade (véxase Adendas aos Autoinformes do curso 2019-2020). Por mor da situación sanitaria, a asignación de titores de TFG para o curso 20-21 tivo lugar de xeito telemático mediante un formulario que o alumnado cubriu coas súas preferencias de titorización.

As circunstancias sanitarias permitiron que as defensas dos TFGs no curso 2020-2021 tiveran lugar de xeito presencial, tanto as realizadas perante titores como as que se desenvolveron diante dos tribunais.

CALENDARIOS E DOCUMENTACIÓN PARA AS DEFENSAS DE TFGS (CAMPUS VIRTUAL)

USC Campus Virtual Galego (gl) ▾

TRIBUNAIS

- > DOCUMENTACIÓN PARA A DEFENSA DOS TFG ANTE O PROFES...
- > ENQUIISA SATISFACCIÓN DO ALUMANDO 4º GRAO DE EDUCAC...
- > ENQUIISA SATISFACCIÓN DO ALUMANDO 4º DOBRE GRAO SEG...
- > LISTAXE DE ALUMNADO ASIGNADO A TUTORES
- > Curso competencias informacionais nivel avanzado
- > Coordinador do TFG do Grao en Mestre ou Mestra de ...
- > CALENDARIOS
- > Guia docente Traballo Final de Grao
- > Portadas Recomendadas TFG
- > Normas APA 7ª edición
- > ACTAS TFG 2020/2021

> Curso 2019/2020

> Probas

Enlace ao formulari de escola de titores ou titoras

Marcar como feito

Restringido Dispoñible ata **29 de Outubro de 2020, 23:55**

TRIBUNAIS XUÑO-XULLO 2021

TRIBUNAIS OPORTUNIDADE XUÑO-XULLO 2021

Marcar como feito

CUALIFICACIONES OUTORGADAS POLOS TRIBUNAIS OPORTUNIDADE DE XUÑO-XULLO 2021

Marcar como feito

DOCUMENTACIÓN PARA OS INTEGRANTES DOS TRIBUNAIS

Rúbrica de avaliación

Marcar como feito

Agochar para os alumnos

DOCUMENTACIÓN PARA A DEFENSA DOS TFG ANTE O PROFESORADO TITOR

Actas individualizadas de defensas dos TFG oportunidade de Xuño-Xullo 2021

Marcar como feito

Acta defensa TFG

Marcar como feito

Agochar para os alumnos

rúbrica recomendada de avaliación

Marcar como feito

Agochar para os alumnos

Convocatoria de defensa do TFG

Marcar como feito

Administración

- ▼ Administración do curso
 - ⚙ Editar os axustes
 - ⚙ Completado de cursos
 - > Usuarios
 - ▼ Filtros
 - > Informes
 - ⚙ Axustes do libro de cualificacións
- 📄 Resultados
- 🔒 Copia de seguridade
- ↕ Restaurar
- ↕ Importar
- > Banco de preguntas
- ♻ Papeleira de reciclaxe

4. Comunicacóns co alumnado: reunións, avisos, axudas, actividades, etc.

Durante todo o periodo lectivo continuouse a comunicacón co alumnado dos diferentes cursos dos dous títulos mediante reunións presenciais informativas e mediante o emprego da lista de correo USC, a aplicación Teams e o foro de novas do Campus Virtual por parte dos coordinadores de curso e título, de Prácticum e de TFG, do equipo Decanal e da Delegada COVID do Centro, que utilizaron estas ferramentas para reunións e envío de mensaxes de distinta natureza: respostas a solicitudes feitas polo alumnado, avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas que continuaron a facerse de xeito virtual (parte da sesión de acollida do primeiro curso, elección de titores de TFG, orientación laboral, sesión informativa sobre as mencións, sesión informativa sobre as oposicións), etc., tal e como se reflicte na seguinte táboa-resumo (ver evidencias no Anexo II).

Destinatarios	Data	Medio	Asunto
Alumnado de Primaria, Infantil e Dobre Grao.	Do 21/09/2020 ao 24/09/2020	Sesións presenciais na FFP	<p>Presentación do curso 2020-2021 por parte do Vicedecano e os coordinadores de curso, e explicación dos distintos protocolos para unha docencia segura no escenario 2: Protocolo de seguridade para o alumnado, Protocolo de organización da actividade docente (agrupamentos), e Protocolo de cambios de grupo.</p> <p>No caso dos primeiros cursos, o tratamento de temas de interese para o alumnado da Facultade, que adoitaba facerse presencialmente (estrutura dos estudos, dispensas, normativa, programa CompetenteS, incidencias, etc.) foi substituído por presentacións interactivas dispoñibles para o alumnado nas páxinas de coordinación dos primeiros cursos:</p> <p>https://view.genial.ly/5ef38991086b4f0d9717a7e3/presentation-benvida1primaria https://view.genial.ly/5ef49771d31cf50da579752a/presentation-benvida2primaria https://view.genial.ly/5efa26e687ce1d0d6d78e175/presentation-benvida1infantil https://view.genial.ly/5efa275db4ded50d7ab06527/presentation-benvida2infantil https://view.genial.ly/60a5233507e8cc0dc55b0f83/presentation-benvida1dobregrao https://view.genial.ly/60a5235f6e18150d397255df/presentation-benvida2dobregrao</p>

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Ed. Infantil 2020-2021: FFP (Lugo)

Alumnado de Primaria, Infantil e Dobre Grao	Do 12/10/2020 ao 16/10/2020	Campus Virtual, Lista de correo USC	Comunicación dos coordinadores de curso aos delegados para recoller información sobre incidencias no desenvolvemento da docencia semipresencial e establecer propostas de mellora
Alumnado voluntario COVID	16/10/2020	Teams	Reunión informativa da delegada COVID do centro co alumnado voluntario COVID
Alumnado de Primaria, Infantil e Dobre grao	20/10/2020	Campus Virtual	Anuncio de axudas da USC para manutención, conectividade e préstamo de material informático
Alumnado de Primaria, Infantil e Dobre Grao	30/10/2020	Campus Virtual	Comunicación ao alumnado das incidencias detectadas e as suxestións de mellora enviadas ao profesorado
Delegada COVID do centro	04/11/2020	Correo USC	Solicitud do alumnado de cuarto curso de Educación Primaria e Dobre Grao por medio dos seus delegados sobre a xustificación de faltas de asistencia a sesións presenciais por cuestións indirectamente relacionadas co Covid
Alumnado de Primaria, Infantil e Dobre Grao	13/01/2021	Campus Virtual	Comunicación do equipo decanal sobre as condicións de realización de exames presenciais no primeiro semestre na actual situación sanitaria.
Alumnado de cuarto de primaria, infantil e quinto do dobre grao	20/05/21	Campus Virtual	Anuncio de celebración de charla informativa sobre as oposicións aos corpos de Mestre para os días 26 e 27 de maio por Teams.
Alumnado de cuarto de primaria, infantil e quinto do dobre grao	22/06/21	Campus Virtual	Anuncio de celebración de charla informativa sobre orientación laboral (1 de xullo por Teams)

5. Comunicacóns co profesorado

Do mesmo xeito, o equipo decanal e as diferentes coordinacións mantiveron contacto co profesorado das titulacións durante este periodo, fundamentalmente a través do correo USC, facilitando información de diversa natureza, orientacións e recomendacións, como se recolle na táboa que segue (véxase Anexo III):

Remitente	Data	Medio	Asunto
Decanato	17/09/2020	Lista de correo USC	Protocolos e Información sobre o curso 20-21 para unha docencia no escenario 2
Coordinacións de Título	13/09/2020	Lista de correo USC	Comunicación ás coordinacións de curso para proceder á recollida de información sobre a marcha do semestre en condicións de semipresencialidade
Decanato	21/10/2020	Lista de correo USC	Comunicación ao PDI sobre a listaxe de alumnado voluntario COVID
Decanato	30/10/2020	Lista de correo USC	Comunicación ao PDI sobre as incidencias detectadas no escenario 2 e suxestións de mellora
Decanato	20/11/2020	Lista de correo USC	Anuncio de posta en marcha de actividades de formación para a docencia en liña solicitadas pola FFP ao abeiro da I Convocatoria de Proxectos de Formación en Centros para a mellora da docencia universitaria
Decanato	13/01/2021	Lista de correo USC	Comunicación do equipo decanal sobre as condicións de realización de exames presenciais no primeiro semestre na actual situación sanitaria.
Decanato	28/04/2021	Lista de correo USC	Comunicación do equipo decanal sobre as condicións de realización de exames presenciais no segundo semestre na actual situación sanitaria.

6. Reunións de comisións e profesorado

Durante o curso 2020-2021 leváronse a cabo de xeito preferentemente virtual (mediante a ferramenta *Teams*, *Skype* empresarial e a lista de correo USC) reunións ordinarias e extraordinarias de diferentes comisións, así como de profesorado da Facultade (membros do equipo decanal e coordinacións de título, profesorado supervisor do Prácticum, etc.), debatendo e solucionando cuestións derivadas da situación provocada pola crise sanitaria. As reunións das Comisións de Título e Calidade recóllense nas actas aportadas como evidencia que se adxuntan aos Autoinformes de seguimento. Outras reunións celebradas resúmense na seguinte táboa, e as evidencias adxúntanse nos Anexos IV (Reunións sobre o Prácticum), V (Reunións sobre o TFG), e VI (Outras reunións) do presente documento:

Asistentes	Data	Ferramenta	Asunto
Equipo decanal, PDI e PAS da FFP	21/09/20	Teams	Sesión informativa sobre o inicio do curso 2020-2021 no escenario 2
Coordinadora Xeral do Prácticum e profesorado supervisor do Prácticum I	01/10/20	Teams	Sesión de preparación do Prácticum I 20-21 co profesorado supervisor
Comisión Prácticum e TFG	12/11/20	Teams	Debate e toma de decisións sobre linguas empregadas e cambios de temática e formato do TFG. Resolución de casuísticas e solicitudes relativas ao Prácticum relacionadas coa situación sanitaria.
Coordinador Prácticum II e profesorado supervisor	20/01/21	Teams	Reunión organizativa para preparación do Prácticum II 20-21 co profesorado supervisor
Comisión Prácticum e TFG	27/04/21	Teams	Reunión da comisión para aprobar o calendario do Prácticum 21-22, presentar a acción formativa para novos supervisores que acceden ao Prácticum (segundo acción de calidade na Facultade), aprobar a adaptación do Protocolo Intercentros e a renovación do Plan Xeral de Prácticum
Comisión Prácticum e TFG	21/05/21	Lista de correo USC	Debate e aprobación de deixar sen efecto o acordo do Programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG.
Comisión Prácticum e TFG	09/06/21	Lista de correo USC	Debate e aprobación para a autorización dun cambio de titor de TFG
Coordinación de 3º curso de infantil e profesorado do curso	01/06/21	Lista de correo USC, Campus Virtual	Reunión de coordinación para presentar os datos das enquisas de coordinación de curso e a información sobre a marcha dos semestres, e recoller incidencias

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Ed. Infantil 2020-2021: FFP (Lugo)

Coordinación de 2º curso de infantil e dobre grao e profesorado do curso	11/06/21	Lista de correo USC	Reunión de coordinación para presentar os datos das enquisas de coordinación de curso e a información sobre a marcha dos semestres, e recoller incidencias
Coordinación de 1º curso de infantil e profesorado do curso	14/06/21	Lista de correo USC	Reunión de coordinación para presentar os datos das enquisas de coordinación de curso e a información sobre a marcha dos semestres, e recoller incidencias
Coordinación de 4º curso de infantil	14/06/21	Lista de correo USC	Reunión de coordinación para presentar os datos das enquisas de coordinación de curso e a información sobre a marcha dos semestres, e recoller incidencias
Comisión Prácticum e TFG	16/06/21	Lista de correo USC	Debate e aprobación para a autorización de presentación de solicitude de defensa de TFG fóra de prazo

7. Revisión dos programas do curso 2021-2022

Antes de rematar o curso académico 2020-2021 procedeuse, como é costume, á revisión dos programas do vindeiro curso por parte das coordinacións de título e curso. O profesorado recibiu información e recomendacións do decanato, as coordinacións de título e as coordinacións de curso para a elaboración dos programas consonte ao O *Plan de Continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-2022*, aprobado polo Consello de Goberno celebrado o 30 de abril de 2021. Nese documento establécese a elaboración dos programas tendo en conta tres escenarios posibles: escenario 1 (normalidade adaptada), escenario 2 (distanciamento), e escenario 3 (peche das instalacións). A programación das materias farase atendendo ao escenario 1 e indicando as adaptacións correspondentes ao Plan de Continxencia para os escenarios 2 e 3 nas observacións.

Os programas das materias da titulación foron revisados atendendo ás directrices proporcionadas e mediante o emprego dunha ficha deseñada ao efecto dende as coordinacións de título, de feito que puideran ser detectados erros ou omisións antes da aprobación dos programas pola Xunta de Facultade. Aqueles programas dos que os docentes non facilitaron información aos coordinadores de curso foron revisados dende a secretaría virtual pola coordinación de título. Encanto ao título de infantil, déronse indicacións puntuais ao profesorado para que engadise aspectos concretos (por exemplo, incorporar a información sobre os escenarios 2 e 3 nas observacións ou indicacións sobre o fraude no proceso de avaliación) e notificáronse as incidencias ao equipo decanal.

Os resultados da revisión reflíctense a continuación:

Grao en Mestre/a en Educación Infantil						
Informe de revisión de programas: Curso 2020-2021. Coordinador/a de 1º curso: 2020/2021						
Materia e docente (no caso dunha materia con varios docentes, indicar soamente o coordinador/a)	Criterios axeitados do programa en función da aplicación de Xescampus (todos os campos cubertos)	Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa)	Contempla escenarios 2 e 3 en metodoloxía e avaliación	Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa) nos escenarios 2 e 3	Inclúe a información sobre fraude no sistema de avaliación	Inclúe plan de continxencia nas observacións
Socioloxía da Educación (Marta Poncet)	SI	SI	SI	SI	SI	SI
Infancia, Familia e Escola (Fran Candia)	SI	SI	SI	SI	SI	SI
Psicoloxía do Desenvolvemento (0-3 anos) (Manoel Bana)	SI	SI	SI***	SI***	SI	SI
Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil (Uxío Otero)	SI	SI	SI	SI	NON	NON
Didáctica e Profesión Docente (M. Carmen Caldeiro)	SI	SI	SI	SI	NON	SI
Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (Manoel Bana)	SI	SI	SI***	SI***	SI	SI
Psicoloxía da Educación (María Fiuza)	SI	SI	SI	SI	SI	SI
Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos (Lidia Platas)	SI	SI	SI*	SI*	SI	SI
Infancia, Saúde e Alimentación (Lucía Moure)	SI	SI**	SI**	SI**	SI	SI
Procesos de Mellora e uso das TIC (Pablo Muñoz)	SI	SI	SI	SI	SI	SI
OBSERVACIÓNS:						
* Comentario do Coordinador de Título: As adaptacións para os escenarios 2 e 3 están incluídas no apartado OBSERVACIÓNS. Dentro do apartado metodoloxía e avaliación indícase que as modificacións para ambos escenarios poden consultarse neste apartado de Observacións, polo que entendemos que se cumpre co solicitado.						
**Infancia, Saúde e Alimentación (Lucía Moure): Inclúe información sobre metodoloxía e avaliación para os tres escenarios dentro do apartado “Plan de Continxencia” incluído no en “Observacións”, polo que se entende que cumpre os requirimentos solicitados.						
*** A metodoloxía e o sistema de avaliación para os escenarios 2 e 3 son contemplados no plan de continxencia do apartado Observacións, incorporándose unha nota no apartado de metodoloxía e avaliación para a súa consulta no citado apartado de observacións.						
NOTA: As asignaturas “Teoría e Institucións Contemporáneas da Educación Infantil”; “Didáctica e Profesión Docente” e “Infancia, “Saúde e Alimentación” foron revisadas polo coordinador de 1º curso e posteriormente polo coordinador de titulación, xa que nestas materias non estaban						

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Ed. Infantil 2020-2021: FFP (Lugo)

incorporadas as novas modificacións solicitadas. Existen algúns mínimos aspectos a modificar, polo que se contactou co profesorado responsable destas materias para que procedan á maior brevidade á adaptación dos apartados que faltan por cubrir nos seus programas.

NOTA: Indicar nas correspondentes casillas “SÍ” ou “NON”.

Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Informe de revisión de programas: Curso 2020-2021. Coordinador/a de Educación Infantil curso: 2º

Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Dna. Eva M^a Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): <i>1.- Perfil de idioma no TFG</i> <i>2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.</i> <i>3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.</i> <i>4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.</i> <i>5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum I</i>	
Desculpan asistencia: <ul style="list-style-type: none">- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil			

ASUNTOS:

1.- Perfil de idioma no TFG

Debátese sobre o programa Competentes. O programa busca acadar e acreditar, por parte do alumnado, competencias en lingua galega e lingua castelá. Está impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade sendo coordinado polo Prf. Candia Durán que é convidado á primeira parte da xuntanza. Logo de reflexionar sobre a importancia ou non de vincular o programa Competentes ás materias de TFG e Prácticum e entendendo que pode redundar na mellora das competencias e dominios comunicativos do alumnado, acórdase:

Adscribir, de cara ao vindeiro curso 2021/2022, o programa Competentes nas materias de TFG e de Prácticum. A adscripción considerarase a título persoal por parte do profesorado que o solicite e para a lingua de perfil que este indique e non suporá ningunha obriga nin para o titor/a nin para o alumnado. Esta adscripción por parte do profesorado será recollida e transmitida ao alumnado, xunto coa comunicación das liñas de traballo preferenciais dos distintos docentes, con carácter informativo, de feito que a adscripción non suporá, en ningún caso, unha imposición da lingua na que debe ser redactado o traballo.

2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.

Debátese sobre a posibilidade de que o alumnado poida axustarse ou non á temática de traballo preferente do/a seu/súa titor/a. Ao respecto, acórdase:

Debido ao volume tan grande de alumnado matriculado cada ano no TFG a asignación por nota media do expediente á liña temática proposta polos tutores/as non pode ser interpretado de forma estrita. Terá preferencia a área de coñecemento sobre a liña temática. Polo tanto, priorízase a área de coñecemento antes das liñas temáticas na escolla do alumnado sobre o tema do seu TFG. No caso máis particular de que a/o alumna/o queira desenvolver o seu TFG nunha temática que non se corresponda coa área de coñecemento do titor/a asignado/a, este/a poderá acollerse a que o TFG sexa directamente avaliado por tribunal.

3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.

Debátese sobre os diversos formatos que pode ter un TFG. Na Guía docente da materia recóllese que “O TFG pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.” Dado que o TFG supón a elaboración por parte do alumnado dun traballo orixinal, enténdese que o alumnado pode escoller entre os diferentes formatos recollidos na guía docente e, ante o suposto de poder realizar o TFG nun formato diferente, e tal e como se indica na Guía docente “De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.” acórdase:

Sempre que o alumno/a o solicite debidamente poderá acollerse a un formato diferente dos recollidos na Guía docente do TFG. No suposto de solicitalo o docente ten a liberdade de aceptalo ou non en función do interese da proposta, no suposto de que a Comisión de Prácticum e TFG autorice dito formato.

4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.

CASO DE FAVIO ZÚÑIGA ROJAS

Atendendo á progresión dos feitos acaecidos na materia de Prácticum I do Grao de Mestre/a de Educación Primaria en relación co alumno Favio Zúñiga Rojas, a Comisión

de Prácticum e TFG resolve denegarlle o seu dereito a acudir ao centro e retomar as súas prácticas por incumprimento da normativa da materia de Prácticum no que respecta ás ausencias e faltas de asistencia. Trátase, pois, dunha ausencia do alumno non notificada nin xustificada seguindo os debidos cauces.

En calquera materia universitaria e, máxime, na materia de Prácticum un alumno debe avisar sempre das súas ausencias no centro de prácticas, tanto ao supervisor/a da Facultade como ao seu titor/a de prácticas, coa obriga de xustificalas debidamente. Este asunto, ademais, toma un cariz moito máis grave dadas as actuais circunstancias de pandemia por mor da COVID-19, existindo un procedemento sanitario e académico que o alumno debe cumprir se está en contacto (ou sospeita ter estado en contacto) cunha persoa positiva.

BELÉN GARCÍA VERDES

Alumna do 3º curso do Grao de Infantil. Por problemas non se dou incorporado no Prácticum: problemas coa sinatura do convenio co Colexio, logo positivo por Covid-19 da nai, finalmente positivo por Covid-19 da alumna, durou co positivo case 3 semanas. Atendendo aos feitos e considerando que ditas incidencias foron comunicadas sempre de forma oportuna pola alumna, quen tamén se amosou en disposición permanente de continuar o traballo na medida das posibilidades, acórdase que se incorpore no colexio canto antes e solicite ampliación de horario de 5 a 8h con xornada partida nas 2 semanas que quedan e xa en decembro nos días que non teña clases siga completando as horas do Prácticum-1. Sempre coa autorización do colexio.

5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum

- A Coordinadora Xeral de Prácticum solicita á Comisión poder aprobar “de oficio” aquelas solicitudes que faga o alumnado de Prácticum das que xa se teña algún precedente.

Apróbase esta petición feita pola Coordinadora.

- **MARÍA ELENA LOBEIRAS LÓPEZ:** alumna do Grao de Educación Primaria, solicita realizar as prácticas no centro educativo no que traballa, co obxectivo de non romper os “grupos burbulla” establecidos no centro e por motivos de conciliación familiar (a este centro acude a súa filla de 3 anos).

Denégase a súa solicitude por incumprir a normativa establecida para o Prácticum, concretamente nos artigos 15 e 16 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC

(https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento_Practicas_Academicas_Externas_USC.pdf).

Por outra banda, infórmase á alumna de que existe un proceso de recoñecemento de experiencia profesional (convalidación de prácticas) como posible alternativa e solución á situación que esta expresa na súa solicitude. Pode informarse deste proceso, igualmente recollido no artigo 28 do Regulamento anteriormente citado, a través da Oficina de Información ao Estudante da USC para comprobar que requirimentos precisa.

- LAURA PONCE LEIRA: alumna do grao de Educación Primaria que solicita realizar as prácticas no centro onde a súa nai exerce como persoal docente, garantindo que este feito non interferiría na súa estadia xa que a alumna desenvolvería as prácticas no primeiro / terceiro ciclos da etapa e que a súa nai exerce no segundo ciclo de Primaria, non compartindo entradas, nin recreos, nin saídas, por mor da COVID.

A Comisión de Prácticum e TFG resolve denegar a solicitude á alumna Laura Ponce Leira xa que a normativa sobre o Prácticum establece claramente a imposibilidade de realización de prácticas en centros nos que traballe un familiar de primeiro e/ou segundo grao de consanguinidade. Desta normativa foi informado o alumnado nas sesións informativas ao respecto.

- SANDRA CEDRÓN PASARÍN: a alumna solicita a redución dunha hora de estadia de prácticas ao día (saír ás 13.00 h.) para poder acudir ao seu posto de traballo, cuxa xornada laboral se inicia ás 14.30 h. A alumna expresa, ademais, que no seu emprego lle solicitan entrar ás 14.15 para facer tarefas de desinfección, polo que se reduce en 15 minutos o tempo dispoñible para facer o traxecto.

Resólvese concederlle esta redución na carga horaria diaria, isto é, que poida saír do centro de prácticas ás 13.00 h sempre e cando a alumna poida recuperar as horas que se lle reducen. A este respecto, a Coordinadora Xeral de Prácticum establece a necesidade de que a alumna inicie a fase de estadia antes do sinalado no calendario oficial. Así mesmo, dende a Coordinación se van realizar os cálculos pertinentes de horas que tería que recuperar e establecerá os contactos oportunos co centro de prácticas da alumna para informar desta situación.

- JÉSSICA MOLEDO BLANCO: solicita que a Comisión lle permita realizar o Prácticum II na Asociación Socioeducativa Bosqueko (situada en Gran Canaria), unha escola homologada na etapa de Infantil pola Consellería de Educación Canaria e cunha pedagogía baseada na natureza.

A Comisión de Prácticum e TFG acorda aprobar a solicitude da alumna Jéssica Moledo Blanco, establecendo que ten que ser a alumna quen se encargue de solicitar a admisión neste centro de prácticas e costearse a súa viaxe ao lugar no que se sitúa o centro de prácticas ao que desexa acudir, sen prexuízo daqueles trámites que deba realizar a Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade.

Lugo, a 16 de novembro de 2020



Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

CONVOCATORIA DE XUNTANZA
Comisión de Prácticum e Traballo Fin de Grao
-Facultade de Formación do Profesorado-

Data da Reunión: 27/04/2021

Hora da Reunión: 16.30h.

Lugar da Reunión: Virtual (M. Teams)

Membros que asisten á reunión: Eva M. Barreira Cerqueiras, Joaquín Lago Ballesteros, Santiago López Gómez, Paula López Rúa, Rubén Navarro Patón.

Escusan a súa ausencia: Eva Comesaña Rodríguez, Pablo González Sequeiros, Pablo Muñoz Carril.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, de ser o caso, do calendario de Prácticum para o curso académico 2021/2022
2. Presentación de acción formativa para novos supervisores que acceden ao Prácticum (segundo acción de calidade na Facultade)
3. Aprobación da adaptación do Protocolo Intercentros
4. Aprobación da renovación do Plan Xeral de Prácticum da Facultade
5. Outros asuntos de trámite.

ACORDOS ACADADOS:

1. **Aprobación, de ser o caso, do calendario de Prácticum para o curso académico 2021/2022**

Apróbase o *calendario de Prácticum* para o *curso académico 2021/2022*, tendo en conta algunhas as modificacións¹ establecidas no *Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria* na súa revisión trianual feita neste ano

¹ Fíxose unha modificación en canto á situación da fase de estadía do Prácticum I no primeiro semestre, a cal se establecía como “central” no *Protocolo* de 2018 e que no actual (2021) se cambia, pasando a situación da fase de estadía a un lugar “final” no semestre para favorecer a organización das restantes materias que se imparten neste mesmo período académico e, igualmente, facilitar a organización da propia materia de Prácticum.

2021 por parte da Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) e polo Vicedecanato de Prácticum da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago).

Así mesmo, en relación co calendario, apróbase a proposta para as **sesións conxuntas dos Prácticums I e II:**

- As sesións conxuntas levaranse a cabo preferentemente nas sesións de organización (coa Coordinación Xeral de Prácticum) ou nas sesións de preparación (co profesorado supervisor), tanto polo seu sentido “preparatorio” cara as prácticas como polo calendario para a fase de reflexión. Poderase desenvolver algunha sesión conxunta na fase de reflexión sempre que o profesorado supervisor o considere preciso, con visita de profesionais externos e/ou posta en común das aprendizaxes realizadas en gran grupo.
- No Prácticum I, os profesionais invitados deberán tratar unha serie de liñas de exposición concretas: xestión do Prácticum no seu centro; capacidades, competencias e habilidades esperables do alumnado de prácticas; etc. A finalidade é ofrecer unha *panorámica do que é a materia de Prácticum I*, que cursará por primeira vez o alumnado.
- No Prácticum II, os profesionais invitados poderán tratar xa aspectos vinculados ás súas prácticas docentes, metodoloxías, etc., dadas as características e finalidades desta materia no plan de estudos.
- Proposta de profesionais externos realizada pola Coordinación Xeral de Prácticum da FFP para o vindeiro curso académico 2021/2022.

2. Presentación de acción formativa para novos supervisores que acceden ao Prácticum (segundo acción de calidade na Facultade)

Aprobación da acción de mellora da Facultade de Formación do Profesorado (integrada nos Informes de Calidade), relacionada coa **formación dos novos supervisores**, cuxa estrutura básica será a seguinte:

- Referentes documentais e normativos do Prácticum na FFP
- Funcións e obrigas a desempeñar
- Organización do Prácticum I ou II, segundo sexa o caso
 - Calendario
 - Explicación das fases de supervisión

- Documentación e procedementos en cada fase: figuras implicadas, funcións, etc.

Esta acción formativa se levará a cabo, con carácter permanente, como actuación dende a CXP (tal e como se recollen nas súas funcións), en setembro/outubro para o Prácticum I e en xaneiro para o Prácticum II. Por parte da Coordinación Xeral de Prácticum, escollerase un día do calendario para a celebración de dúas sesións (co mesmo contido): unha en horario de mañá e outra en horario de tarde.

Non terá carácter obrigatorio pero si será indispensable para entender o funcionamento desta materia na FFP e poder desenvolver as tarefas de supervisión do profesorado de nova incorporación á materia do mellor xeito posible. En todo caso, a celebración de dúas sesións (de mañá e de tarde) tratará de favorecer a asistencia dos novos/as supervisores/as.

No caso de que sexa imposible a asistencia, a Coordinación Xeral de Prácticum enviará a documentación pertinente por correo-e, aportando, ademais, unhas instrucións básicas.

3. Aprobación da adaptación do Protocolo Intercentros.

Apróbase a renovación e as modificacións introducidas no *Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria* —que se debe realizar con carácter trianual (tocaba realizarse este 2021)— por parte da Coordinadora Xeral de Prácticum da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) e pola Vicedecana de Prácticum e a Coordinadora Xeral de Prácticum da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago).

En relación a este Protocolo, solicítase por parte da Comisión (deixándose constancia nesta Acta) que na renovación dos Convenios —e a partir de agora, na elaboración doutros— se inclúan todas as Titulacións da FFP e, por conseguinte, se leve a cabo con carácter xeral para a toda a Facultade.

4. Aprobación da renovación do Plan Xeral de Prácticum da Facultade

Aprobación do Plan Xeral de Prácticum coas suxestións e modificacións aportadas dende a Coordinación Xeral de Prácticum, que se resumen nas seguintes:

- Simplificación do proceso de renovación e adaptación do Plan Xeral de Prácticum da FFP (suprímese a intervención dos 7 representantes das áreas implicadas, pois enténdese que coa intervención e aprobación da Xunta de Facultade é suficiente).
- Integración da data de aprobación na Xunta de Facultade.
- Eliminación da función da CXP e da Coordinación de Prácticum da Titulación: *“Valorar, en colaboración coa Coordinación de Prácticum de Titulación, as solicitudes de realización do Prácticum fóra de Lugo cidade”* pola súa falta de operatividade e xa non aparece no Protocolo.
- Eliminación do seguinte parágrafo: *“O profesorado supervisor dos Prácticum deberá mostrar a súa capacitación no desenvolvemento das tarefas correspondentes, e, de non ser así, instarase aos departamentos implicados a que muden a asunción do desempeño das funcións de supervisión ao profesorado afectado”*. Dadas as características da distribución o POD nos departamentos, este texto non ten sentido.
- Aportación da función do alumnado incluído pola CXP: *“Solicitud, no curso académico no que se vaia desenvolver a fase de estadía, do Certificado Negativo de Delitos de Natureza Sexual (CNDNS) segundo o procedemento que se estableza por parte da USC/centro universitario”*.
- Inclusión dun parágrafo explicativo, no apartado *“papel dos centros educativos e a súa relación coa Facultade”* no que se estableza que, en virtude do convenio que temos asinado coa Consellería de Política Social e outras entidades de Educación Infantil que imparten ensinanzas no primeiro ciclo desta etapa (0-3 anos), poderán exercer a tutela do alumnado de prácticas do Grao de Educación Infantil e Dobre Grao os Técnicos Superiores de Educación Infantil e/ou Educadores/as que desenvolvan o seu labor en centros pertencentes á citada Consellería ou centros con características análogas a estes

(Escolas de Infantil Municipais, Escolas Infantís de carácter privado, Casas Niño, etc.).

- Axuste das porcentaxes de implicación das áreas no Prácticum por parte da CXP, para que o total dea o 100% nos casos nos que sexa necesario.
- Constancia da carga horaria e recoñecemento de horas docentes no Prácticum: 2 horas por alumno/a.
- Aprobación da duración xeral das reunións a celebrar entre o profesorado supervisor e o alumnado supervisado (1 hora e 30 minutos), axustándose esta ao número de alumnos/as e labor do supervisor/a, etc.
- Aprobación da regra relativa á imposibilidade de que o alumnado acuda aos centros colaboradores a solicitar praza. Se algún alumno/a incumpre esta norma, non se lle deixará acudir a ese centro de prácticas da súa preferencia.
- Engádese aclaración respecto da asistencia ás sesións presenciais na Facultade, tanto coa CXP como co profesorado supervisor.
- Engádese unha nova casuística ao *Prácticum reducido* que se recoñece no Prácticum II do Grao de Ed. Primaria, e resolucións oportunas: alumnado que non superou o PIII da 1ª edición do Grao en Primaria e, por cambio de edición no momento de matriculación, deba cursar o PII da 2ª edición.
- Eliminación de recomendacións xa acadadas.
- Engádense novas recomendacións a lograr a curto, medio e longo prazo.

5. Outros asuntos de trámite.

Infórmase á Comisión da realización da **charla** (xa contratada e sufragada) de **Luís Abel Taboada**, mestre de Ed. Primaria, para o conxunto do alumnado de Prácticum II (GMEI, GMEP, DG), sobre o “Proxecto de Bana”. Levarase a cabo o 13 de maio de 11 h. a 13 h.

Avisarase ao alumnado a través das aulas virtuais e instarase a que haxa alumnado con presencialidade física no Salón de Actos a petición expresa do relator, sendo retransmitido tamén vía Teams.

Acerca da **Xornada Formativa para Titores/as de Prácticas**, enmarcarase dentro do convenio formativo asinado entre a USC (xestión por parte do CeTA) e da Consellería de Educación. Polo tanto, tería a homologación por parte da Administración para os asistentes.

En Lugo, a 28 de abril de 2021

21/05/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
ACTA Nº: 005/21	Data: 21/05/2021	Convocatoria: 18/05/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): 1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.

Apróbase por unanimidade deixar sen efecto o acordo da Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS na materia de Prácticum e TFG.

Lugo, a 21 de maio de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

V. Reunión sobre o TFG

12/11/2020



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
ACTA Nº: 004/20 Aprobada: 25/11/2020	Data: 12/11/2020	Convocatoria: 09/11/2020	Hora: 17-30-19:30h Lugar: Virtual/Teams
Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Dna. Eva M^a Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): <i>1.- Perfil de idioma no TFG</i> <i>2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.</i> <i>3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.</i> <i>4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.</i> <i>5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum I</i>	
Desculpan asistencia: <ul style="list-style-type: none">- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil			

ASUNTOS:

1.- Perfil de idioma no TFG

Debátese sobre o programa Competentes. O programa busca acadar e acreditar, por parte do alumnado, competencias en lingua galega e lingua castelá. Está impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade sendo coordinado polo Prf. Candia Durán que é convidado á primeira parte da xuntanza. Logo de reflexionar sobre a importancia ou non de vincular o programa Competentes ás materias de TFG e Prácticum e entendendo que pode redundar na mellora das competencias e dominios comunicativos do alumnado, acórdase:

Adscribir, de cara ao vindeiro curso 2021/2022, o programa Competentes nas materias de TFG e de Prácticum. A adscripción considerarase a título persoal por parte do profesorado que o solicite e para a lingua de perfil que este indique e non suporá ningunha obriga nin para o titor/a nin para o alumnado. Esta adscripción por parte do profesorado será recollida e transmitida ao alumnado, xunto coa comunicación das liñas de traballo preferenciais dos distintos docentes, con carácter informativo, de feito que a adscripción non suporá, en ningún caso, unha imposición da lingua na que debe ser redactado o traballo.

2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.

Debátese sobre a posibilidade de que o alumnado poida axustarse ou non á temática de traballo preferente do/a seu/súa titor/a. Ao respecto, acórdase:

Debido ao volume tan grande de alumnado matriculado cada ano no TFG a asignación por nota media do expediente á liña temática proposta polos tutores/as non pode ser interpretado de forma estrita. Terá preferencia a área de coñecemento sobre a liña temática. Polo tanto, priorízase a área de coñecemento antes das liñas temáticas na escolla do alumnado sobre o tema do seu TFG. No caso máis particular de que a/o alumna/o queira desenvolver o seu TFG nunha temática que non se corresponda coa área de coñecemento do titor/a asignado/a, este/a poderá acollerse a que o TFG sexa directamente avaliado por tribunal.

3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.

Debátese sobre os diversos formatos que pode ter un TFG. Na Guía docente da materia recóllese que “O TFG pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.” Dado que o TFG supón a elaboración por parte do alumnado dun traballo orixinal, enténdese que o alumnado pode escoller entre os diferentes formatos recollidos na guía docente e, ante o suposto de poder realizar o TFG nun formato diferente, e tal e como se indica na Guía docente “De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.” acórdase:

Sempre que o alumno/a o solicite debidamente poderá acollerse a un formato diferente dos recollidos na Guía docente do TFG. No suposto de solicitalo o docente ten a liberdade de aceptalo ou non en función do interese da proposta, no suposto de que a Comisión de Prácticum e TFG autorice dito formato.

4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.

CASO DE FAVIO ZÚÑIGA ROJAS

Atendendo á progresión dos feitos acaecidos na materia de Prácticum I do Grao de Mestre/a de Educación Primaria en relación co alumno Favio Zúñiga Rojas, a Comisión

de Prácticum e TFG resolve denegarlle o seu dereito a acudir ao centro e retomar as súas prácticas por incumprimento da normativa da materia de Prácticum no que respecta ás ausencias e faltas de asistencia. Trátase, pois, dunha ausencia do alumno non notificada nin xustificada seguindo os debidos cauces.

En calquera materia universitaria e, máxime, na materia de Prácticum un alumno debe avisar sempre das súas ausencias no centro de prácticas, tanto ao supervisor/a da Facultade como ao seu titor/a de prácticas, coa obriga de xustificalas debidamente. Este asunto, ademais, toma un cariz moito máis grave dadas as actuais circunstancias de pandemia por mor da COVID-19, existindo un procedemento sanitario e académico que o alumno debe cumprir se está en contacto (ou sospeita ter estado en contacto) cunha persoa positiva.

BELÉN GARCÍA VERDES

Alumna do 3º curso do Grao de Infantil. Por problemas non se dou incorporado no Prácticum: problemas coa sinatura do convenio co Colexio, logo positivo por Covid-19 da nai, finalmente positivo por Covid-19 da alumna, durou co positivo case 3 semanas. Atendendo aos feitos e considerando que ditas incidencias foron comunicadas sempre de forma oportuna pola alumna, quen tamén se amosou en disposición permanente de continuar o traballo na medida das posibilidades, acórdase que se incorpore no colexio canto antes e solicite ampliación de horario de 5 a 8h con xornada partida nas 2 semanas que quedan e xa en decembro nos días que non teña clases siga completando as horas do Prácticum-1. Sempre coa autorización do colexio.

5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum

- A Coordinadora Xeral de Prácticum solicita á Comisión poder aprobar “de oficio” aquelas solicitudes que faga o alumnado de Prácticum das que xa se teña algún precedente.

Apróbase esta petición feita pola Coordinadora.

- **MARÍA ELENA LOBEIRAS LÓPEZ:** alumna do Grao de Educación Primaria, solicita realizar as prácticas no centro educativo no que traballa, co obxectivo de non romper os “grupos burbulla” establecidos no centro e por motivos de conciliación familiar (a este centro acude a súa filla de 3 anos).

Denégase a súa solicitude por incumprir a normativa establecida para o Prácticum, concretamente nos artigos 15 e 16 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC

(https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento_Practicas_Academicas_Externas_USC.pdf).

Por outra banda, infórmase á alumna de que existe un proceso de recoñecemento de experiencia profesional (convalidación de prácticas) como posible alternativa e solución á situación que esta expresa na súa solicitude. Pode informarse deste proceso, igualmente recollido no artigo 28 do Regulamento anteriormente citado, a través da Oficina de Información ao Estudante da USC para comprobar que requirimentos precisa.

- LAURA PONCE LEIRA: alumna do grao de Educación Primaria que solicita realizar as prácticas no centro onde a súa nai exerce como persoal docente, garantindo que este feito non interferiría na súa estadia xa que a alumna desenvolvería as prácticas no primeiro / terceiro ciclos da etapa e que a súa nai exerce no segundo ciclo de Primaria, non compartindo entradas, nin recreos, nin saídas, por mor da COVID.

A Comisión de Prácticum e TFG resolve denegar a solicitude á alumna Laura Ponce Leira xa que a normativa sobre o Prácticum establece claramente a imposibilidade de realización de prácticas en centros nos que traballe un familiar de primeiro e/ou segundo grao de consanguinidade. Desta normativa foi informado o alumnado nas sesións informativas ao respecto.

- SANDRA CEDRÓN PASARÍN: a alumna solicita a redución dunha hora de estadia de prácticas ao día (saír ás 13.00 h.) para poder acudir ao seu posto de traballo, cuxa xornada laboral se inicia ás 14.30 h. A alumna expresa, ademais, que no seu emprego lle solicitan entrar ás 14.15 para facer tarefas de desinfección, polo que se reduce en 15 minutos o tempo dispoñible para facer o traxecto.

Resólvese concederlle esta redución na carga horaria diaria, isto é, que poida saír do centro de prácticas ás 13.00 h sempre e cando a alumna poida recuperar as horas que se lle reducen. A este respecto, a Coordinadora Xeral de Prácticum establece a necesidade de que a alumna inicie a fase de estadia antes do sinalado no calendario oficial. Así mesmo, dende a Coordinación se van realizar os cálculos pertinentes de horas que tería que recuperar e establecerá os contactos oportunos co centro de prácticas da alumna para informar desta situación.

- JÉSSICA MOLEDO BLANCO: solicita que a Comisión lle permita realizar o Prácticum II na Asociación Socioeducativa Bosqueko (situada en Gran Canaria), unha escola homologada na etapa de Infantil pola Consellería de Educación Canaria e cunha pedagogía baseada na natureza.

A Comisión de Prácticum e TFG acorda aprobar a solicitude da alumna Jéssica Moledo Blanco, establecendo que ten que ser a alumna quen se encargue de solicitar a admisión neste centro de prácticas e costearse a súa viaxe ao lugar no que se sitúa o centro de prácticas ao que desexa acudir, sen prexuízo daqueles trámites que deba realizar a Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade.

Lugo, a 16 de novembro de 2020



Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

21/05/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
ACTA Nº: 005/21	Data: 21/05/2021	Convocatoria: 18/05/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): 1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.

Apróbase por unanimidade deixar sen efecto o acordo da Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS na materia de Prácticum e TFG.

Lugo, a 21 de maio de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

09/06/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
ACTA Nº: 007/21	Data: 09/06/2021	Convocatoria: 04/06/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Eva M^a Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil- Fátima Fernández García; Representante do alumnado		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano	
Desculpan asistencia:		ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): ORDE DO DÍA: 1. Aprobación, se procede, para autorizar a D. Francisco Javier Fernández Eiros, con DNI: 33.997.570-M, alumno Curso Ponte do Grado de Primaria, a un cambio de titor de TFG.	

ASUNTOS:

1.- Aprobación, se procede, para autorizar a D. Francisco Javier Fernández Eiros, con DNI: 33.997.570-M, alumno Curso Ponte do Grado de Primaria, a un cambio de titor de TFG.

Apróbase por unanimidade a solicitude que Francisco Javier Fernández Eiros solicitando o cambio de titor do seu TFG.

Lugo, a 09 de xuño de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

16/06/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO			
ACTA Nº: 008/21	Data: 16/06/2021	Convocatoria: 14/06/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none">- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil- Eva M^a Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil- Fátima Fernández García; Representante do alumnado		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano ASUNTOS TRATADOS (Orde do día): ORDE DO DÍA: 1.- Aprobación, se procede, para autorizar ao alumno do Curso Ponte do Grao de Primaria Benjamín Fernández Ouvina, co DNI: 53488754T a realizar fora do prazo a solicitude de defensa do seu TFG, debido a un erro de forma na súa solicitude.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

1.- Aprobación, se procede, para autorizar ao alumno do Curso Ponte do Grao de Primaria Benjamín Fernández Ouvina, co DNI: 53488754T a realizar fora do prazo a solicitude de defensa do seu TFG, debido a un erro de forma na súa solicitude.

Apróbase con 5 votos a favor e 2 abstencións autorizar a Benjamin Fernández Ouvina a defender o seu TFG na convocatoria de xuño de 2021.

Trasládase copia desta acta á xestora da Facultade.


Lugo, a 16 de xuño de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG


VI. Otras reuniones


ANEXOS


21/09/2020: Equipo Decanal, PDI e PAS da FFP. Sesión informativa sobre o inicio do curso 2020-2021 no escenario 2




Mover a Categorizar Posponer Deshacer ...


 **Sesión Informativa sobre o Inicio do Curso 2020/2021 no Escenario 2** ✓ Sí Editar RSVP ...


 Lun 21/09/2020, 'de' 17:30 a 18:30 Sin conflictos

 Salón de Actos da FFP e Teams; Reunión de Teams

 LOPEZ GOMEZ SANTIAGO en nombre de XUNTA DE FACULTADE. Facultade de Formación do Profesorado le ha invitado
Aceptados: 27, Rechazados: 2, 1 asistentes no han respondido

Mensajes Detalles de la reunión

 **Usuario** ha aceptado la reunión. Jue 17/09/2020 15:25

 **LOPEZ GOMEZ SANTIAGO** en nombre de XUNTA DE FACULTADE. Facultade de Formación do Profesorado ha enviado una convocatoria de reunión.
Sesión informativa a todo o PDI e PAS da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do curso... Jue 17/09/2020 15:05

ANEXOS

11/06/2021

Re: Reunión de Coordinación do 1º Curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil_Informes

De: LOPEZ GOMEZ SILVIA <silvia.lopez.gomez@usc.es>

Enviado: viernes, 11 de junio de 2021 14:44

Para: PONCET SOUTO MARTA MARIA <martamaria.poncet@usc.es>; CANDIA DURAN FRANCISCO XOSE <francisco.candia@usc.es>; DIAZ GEADA ALBA <alba.diaz@usc.es>; BAÑA CASTRO MANOEL <manoel.bana@usc.es>; CANDIA DURAN FRANCISCO XOSE <francisco.candia@usc.es>; OTERO URTAZA EUGENIO MANUEL <otero.urtaza@usc.es>; FERREIRO NUÑEZ XESUS <xesus.ferreiro.nunez@usc.es>; PERMUY MARTINEZ AIXA <aixa.permuy.martinez@usc.es>; ALVAREZ SEOANE CARMEN DE NEBOLA <carmen.alvarez.seoane@usc.es>; FIUZA ASOREY MARIA JOSE <maria.fiuza@usc.es>; PLATAS FERREIRO MARIA LIDIA <lidia.platas@usc.es>; MOURE RODRIGUEZ LUCIA <lucia.moure.rodriguez@usc.es>; CALDEIRO PEDREIRA Mª CARMEN <mcarmen.caldeiro@usc.es>; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR <pablocesar.munoz@usc.es>

Asunto: Reunión de Coordinación do 1º Curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil_Informes

Prezada compañeira,

Prezado compañeiro,

Prácame convocala/o á reunión de Coordinación do 1º Curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil que terá lugar o luns 14 de xuño de 2021 ás 13:00 horas. A devandita sesión será a distancia, sesión virtual, (lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020) e os acordos tomaranse contestando vía correo electrónico no prazo que vai desde o inicio desta convocatoria (tamén adxunta) até as 13:00 horas do luns día 14 de xuño de 2021 (contestar coa opción “responder a todos” para que todas/os teñamos coñecemento da contestación, no caso de querer facer algún comentario ou observación (melloras, problemas detectados, sobre a marcha do curso, sobre as repostas do alumnado, etc). **Non será preciso “responder a todos” en caso de que non haxa observacións ou comentarios).**

ORDE DO DÍA:

1. Informe sobre actividades transversais, prácticas de campo e prácticas desenvolvidas durante o curso 2020-21 (ver Documento 1 que se achega).
2. Informe sobre a revisión dos programas das materias de 1º de Infantil para o curso 2021-22 (ver Documento 2 que se achega).
3. Informe sobre os resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado de 1º curso (ver Documento 3 que se achega).
4. Suxestións, demandas e/ou queixas de profesorado/alumnado.
5. Rolda aberta de intervencións.

Un saúdo cordial,

Silvia López-Gómez

Coordinadora do 1º curso do Grao en Mestre de Educación Infantil



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

ADDENDA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (FCE)

NOTA ACLARATORIA IMPORTANTE:

A páxina Web da USC modificouse no curso 2020-21. Este cambio implica que o acceso á información enlazada dende: informes de seguimento dos títulos, informes de renovación de acreditación dos títulos e memorias de calidade do centro do curso 2019-20 e anteriores, ten que realizarse dende a rede interna da USC e a través deste enlace localizado na Aplicación de Calidade (AASX): <https://aplicacions.usc.es/aasx/web/documentosServicios/documentoServicio.htm?accion=edita&id=14367>

Por mor da COVID-19 no curso 2020-21 a Facultade de Ciencias da Educación (FCE-Santiago) desenvolveu a súa docencia nunha modalidade semipresencial. A docencia na FCE-Santiago foi mixta en todas as materias dos títulos, incluído, polo tanto, o Grao en Mestre/a de Educación Infantil, de maneira que se combinou a presenza e a non presenza de alumnado e profesorado nas aulas, así como a docencia síncrona (en tempo real) e asíncrona.

Na medida do posible, procurouse reforzar o contacto entre o profesorado e o alumnado das materias, fomentando a continuidade e o seguimento do proceso, para garantir a equidade da presenza na formación de todo o alumnado. As sesións expositivas de todas as materias foron non presenciais (síncronas ou asíncronas), mentres que as sesións interactivas de todas as materias foron semipresenciais.

Nas semanas semipresenciais, nas que se desenvolveron todas as sesións interactivas coa metade do alumnado na aula, o profesorado da materia facilitou, na medida do posible, que todo o alumnado que non estivese na aula puidese facer o seguimento da actividade mediante a programación previa das sesións (tarefas, actividades, guións das prácticas etc.) e a súa difusión na aula virtual.

Tal e como se estableceu nas [Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura. Curso 2020-21](#), con carácter xeral, a avaliación foi continua formativa, ben como único criterio de avaliación, ben combinada con probas finais. As probas finais, cando as houbo, foron de carácter telemático.

[Por acordo da comisión permanente da Conferencia de Decanas e Decanos de Educación](#), as prácticas curriculares para o curso 2020-21 foron presenciais, tal e como se estableceu nas ordes ECI e nas memorias de verificación dos títulos. Polo tanto, leváronse a cabo nos centros educativos e/ou institucións colaboradoras e o alumnado en prácticas adaptouse aos plans de continxencia que estes habilitasen en cada case.

As guías do Traballo Fin de Grao (TFG) e Traballo Fin de Máster (TFMJ) adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e metodoloxías de traballo segundo o contexto non presencial e as dificultades para o desenvolvemento de traballos de investigación que requirisen traballo de campo.

Para todo o dito, para o Grao en Mestre/a de Educación Infantil contemplouse a normativa seguinte:

Recompilación normativa

- **Universidade de Santiago de Compostela: resolucións reitorais e instrucións:**
 - [Resolución reitoral do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2020-21](#)
 - [Resolución reitoral pola que se autoriza a defensa ante o titor ou titora dos Traballos de Fin de Grao no curso 2020-21](#)
 - [Instrución da secretaria xeral 7/2020 sobre cambio nas datas de realización de exames por incidencia da covid-no curso 2020-21](#)
 - [Instrución 5/2020 da secretaría xeral pola que se establecen medidas para un uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21](#)

- **Facultade de Ciencias da Educación: protocolos, medidas e guías para garantir o desenvolvemento da actividade académica:**
 - [Protocolo da Facultade de Ciencias da Educación para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-21 \(Actualización: 28 de xaneiro de 2021\)](#)
 - [Sistema de reserva de aulas con sistema de videoconferencia para optimizar uso en escenario 2 \(segundo semestre do curso 2020-21\)](#)
 - [Medidas relativas ao acceso e permanencia nas instalacións](#)
 - [Guía para o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade para o inicio do curso 2020/21. Facultade de Ciencias da Educación Campus Norte: Grao en Mestre/a en Educación Infantil, Grao en Mestre/a en Educación Primaria, Dobre Grao Mestre/a en Educación Infantil e Mestre/a en Educación Primaria. Actualización \(28/01/2021\)](#)